

Asociación Galega de
Cooperativas Agroalimentarias

Memoria de Actividades

2024



O Consello Reitor da Unión de Cooperativas Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias, AGACA, agradece ao persoal de AGACA, ás cooperativas e entidades socias da Unión, a Cooperativas Agro-alimentarias de España, á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, á Consellería do Medio Rural, ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, ao Consello Galego de Cooperativas, ao Fondo Social Europeo (FSE), ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao FEDER-Interreg PocTep, a Erasmus+, a CEPES-UAFSE e ao programa COSME a colaboración recibida, sen a cal sería imposible desenvolver as actividades que se mencionan nesta Memoria 2024.



01 AGACA, entidade representativa:

01 AGACA, entidade representativa:	6
Representación profesional	10
Información especializada	10
Consultoría.....	10
Calidade	11
Formación	11
Estudos Socioeconómicos e proxectos comunitarios.....	11
Innovación, comercialización e Internacionalización	11
Seguros.....	11
02 Estrutura organizativa	12
Asemblea Xeral.....	12
Consello Reitor.....	12
03 Exercicio de representación	13
En Organismos	13
Consello Galego de Cooperativas	13
Propostas a unha nova Lei de Cooperativas de Galicia.....	14
Consello Galego de Economía Social	15
Foro pola Economía Social Galega	16
Reunións dos órganos sociais de AGACA	16
Representación	18
Cooperativas Agro-alimentarias de España	19
Asociación Galega de Mulleres de Cooperativas Agroalimentarias, Nós, As Mulleres	19
04 Representación e actividades sectoriais	21
Sector de Leite-Derivados Lácteos.....	25
Reforma da PAC, normas comunitarias e sector lácteo galego.....	26
Cartel Lácteo	27
Propostas ao Observatorio Lácteo de Galicia	28
Presidencia de InLac de Daniel Ferreiro Otero	28
LIGAL.....	29
Asuntos de interese lácteo	29
Gandería Intensiva: aves, ovos, porcino e coellos	32
O sector avícola de carne de Galicia.....	33
O sector cunícola de Galicia.....	35
O sector porcino de Galicia	37
Sector de Viño-Interior e Viño-Costa	40
Sector de Vacún de Carne, Ovino e Caprino	47
Vacún de carne.....	47
O sector de vacún de carne e os debates producidos	47

01 AGACA, entidade representativa:

As enfermidades da EHE e Lingua Azul ao longo do ano 2024	49
A industria cárnica en 2024	50
Ovino e cabrún	51
Principais acontecementos e xestións realizadas en 2024	51
Sector de Hortalizas, Flores, Apicultura e Outros.....	53
A Horta en Galicia.....	53
O sector da Horta en Galicia	53
Flor e planta ornamental.....	55
Apicultura.....	57
A Mesa da Castaña	58
Outras producións de horta e froiteiras en cooperativa	59
Sector de Abastecementos e Servizos	60
Feitos máis destacados do ano 2024.....	60
Alimentación animal. Pensos	61
Seccións de Maquinaria e CUMA.....	62
Zoosanitarios	63
Fitosanitarios	63
Sanidade animal.....	65
Aforro enerxético	65
Carburantes	66
Prestación de servizos ás explotacións.....	67
Seccións de Crédito.....	67
Medio Ambiente e Control da Fauna.....	69
Adobos e fertilizantes	70
05 Servizos e actividades transversais	71
5.1 Promoción da economía social.....	71
Constitución de novas cooperativas.....	71
Agrupacións de Defensa Sanitaria (ADSG)	71
Asociación Galega de Técnicos de Equipos de Muxido (AGATEM).....	72
5.2 Asesoría Xeral.....	72
Asesoría Xurídica	72
Outros servizos.....	75
5.3 Calidade e Seguridade Alimentaria	76
5.4 Comunicación e Divulgación Cooperativa	79
COOPERACIÓN GALEGA.....	79
5.5 Corretoría de Seguros	81
06 Proxectos e programas	82
6.1 Formación	82

01 AGACA, entidade representativa:

En colaboración coa Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade / Consellería de Emprego, Comercio e Igualdade	82
En colaboración con Cooperativas Agro-alimentarias de España	82
Formación Bonificada	82
Plataforma de teleformación	82
6.2 Autonómicos	83
Rede Eusumo	83
FEADER	89
6.3 Estatais	91
Asistencia Técnica do MAPA	91
Plan de fomento da participación das mulleres no sector agroalimentario de Galicia.....	91
Implantación da certificación GLOBALG.A.P. en cooperativas do sector de fabricación de pensos e Horta	91
Observatorio Socioeconómico do Cooperativismo Agroalimentario Español (OSCAE)	92
6.4 Internacionais.....	95
FIELDS	95
#Leadfarm 5.0.....	96
Women Empowerment in Agricultural Cooperatives (Apoderamento das mulleres nas cooperativas agrícolas).....	98
eLabHauSE.rur	100
UpFarming – Actualización da aplicación e comunicación da sustentabilidade no sector gandeiro	101
ES-Factory. Rede e Aceleradoras de Economía Social para impulsar e consolidar empresas en novas actividades emerxentes de Galicia e Norte de Portugal.....	102
GO-GRASS	103
6.5 Grupos Operativos Supraautonómicos.....	105
BLOOD4GOODS.....	105
CLIMALACT.....	106
SECUESVAC.....	107

Saúdo da presidenta



Carmen Rodríguez
Presidenta de AGACA

O 14 de xullo de 2021 saín elixida presidenta da Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentaria, AGACA, e xa pasaron catro anos intensos de contactos, relacións, reunións, encontros, procurando trasladar as inquedanzas e sensibilidades ás autoridades e foros de todas as cooperativas e de todos os sectores produtivos. Teño que manifestar que a colaboración e apoio dos compañeiros do Consello Reitor de AGACA foi total, e iso facilitoume moito a labor.

Para min, presidir AGACA é unha honra e un orgullo que asumín e asumo con ilusión, pero tamén con moita responsabilidade e sensibilidade ante os problemas que temos no sector produtor e nas empresas cooperativas. Desenvolvo as tarefas e actividades inherentes ao cargo con humildade, pero trasladando e comunicando sempre con firmeza e claridade as diferentes problemáticas coa finalidade de que cada unha das persoas socias das cooperativas que representa AGACA puidesen sentirse representadas e valoradas na defensa dos seus intereses como persoas, como cooperativistas e como profesionais das empresas cooperativas.

Sempre aproveitamos calquera oportunidade para trasladar directamente a representantes das diferentes Administracións públicas as reivindicacións do sector. Todas e cada unha das reivindicacións, por moi diferentes e diversas que sexan, deben ser explicadas para seren consideradas nas prioridades a atender polas mesmas.

O 2024 foi un ano de moitas actividades e reunións coas Administracións públicas e partidos políticos. Tivemos varios procesos electorais e, dende AGACA, tratamos de trasladar as prioridades das cooperativas agrarias de cada sector aos diferentes programas dos partidos políticos. Aprobouse a Estratexia Galega da Economía Social a inicio de ano, momento no que tamén se comentou co Conselleiro os problemas xurdidos polas enfermidades e pragas provocadas pola humidade e suba de temperaturas. A finais do inverno comezaron as protestas das persoas profesionais do agro por toda Europa para tratar de frear a agresión aos nosos intereses coa enorme cantidade de normativa que limita o normal desenvolvemento do sector.

Non so demos apoio aos profesionais que se manifestaron nas estradas. Tamén insistimos en trasladar directamente a representantes das diferentes Administracións públicas as reivindicacións do sector. Recalcamos que se deben destacar ante as persoas consumidoras os esforzos que o sector produtor de alimentos e materias primas fixo e fai para ser sostible medioambientalmente e para producir coa máxima calidade, e que precisamos que sexan valorados na cesta da compra. Solicitamos que as normativas relacionadas cos requisitos medioambientais ás granxas e explotacións agrícolas teñan en conta as singularidades do sistema produtivo galego: interésanos a sustentabilidade quizais máis que a ninguén, pois sen unha natureza sa non podemos traballar, pero non podemos partir en desvantaxe se a adaptación ás normas esixe perda de rendibilidade económica; sen rendibilidade non haberá quen siga nas granxas e periga a remuda xeracional. Sen rendibilidade non haberá actividade sostible nin coidados ambientais. Por que é tan difícil que as administracións e a sociedade entendan isto?

A principios de outubro, a borrasca Kirk causou moitos danos aos profesionais que temos as nosas colleitas, as estruturas produtivas e as plantas cos froitos á intemperie, condicionadas polo clima. O exceso de auga e os fortes ventos provocáronnos danos que foron, unha vez máis, so ao noso peto.

A sostibilidade ambiental, a transformación dixital, a profesionalización nos órganos de goberno das cooperativas, a captación de talento para as nosas entidades, o empoderamento feminino, a internacionalización comercial, a necesaria continuidade da xuventude no eido rural e agrario, as consecuencias da guerra de Ucraína e de Gaza, tantos e tantos temas aos que facer fronte para manter a eficiencia, ser competitivos sen perder a nosa esencia, os valores do cooperativismo dos que somos representantes, por suposto, tratando de ser referentes e exemplo de compromiso.

Síntome privilexiada por estar rodeada de compañeiros e compañeiras profesionais que dan o mellor de si cada día para que as cooperativas poidan acadar o status profesional que merecen e, tamén, de vivir esta etapa de cambios constantes na que se deseña o novo sector agroalimentario.

Animo ás cooperativas a involucrarse nas actividades colectivas que vimos impulsando dende AGACA que non teñen outro obxectivo máis que procurar solucións ás problemáticas que nos sacoden día a día e anticiparnos as tendencias. Tamén animo a todas e a todos a celebrar o Ano Internacional das Cooperativas, declarado pola ONU baixo o lema “*As cooperativas constrúen un mundo mellor*”, que nos debe servir para dar máis visibilidade ás nosas empresas na sociedade e fortalecer a nosa base social.

Envío tamén unha obrigada mensaxe de agradecemento ao resto do Consello Reitor por involucrarse en todos estes retos e agradecemos a todas as persoas a atreverse a formar parte das entidades. A seguir traballando en equipo por acadar o mellor para as nosas cooperativas e persoas agricultoras e gandeiras.

“

**Solicitamos ás
administracións que as
normativas relacionadas cos
requisitos medioambientais ás
granxas e explotacións agrícolas
teñan en conta as singularidades do
sistema produtivo galego,
interésanos a sustentabilidade máis
que a ninguén.**

Saúdo do director-xerente



Higinio Mougán
Director-xerente de
AGACA

Levamos un par de anos que resulta agradable facer a presentación da Memoria de Actividades de AGACA. Non nos atopamos na situación en que todas as variables e indicadores que afectaron ás persoas produtoras e ao cooperativismo agrario no ano 2024 sexan positivos. Pero, a maioría das variables claves para o sector primario galego non son negativas e parece lóxico e necesario comentalo.

No 2024 os prezos recuaron en sectores claves coma o leite, nalgún subsector cárnico (porco) e nalgún cultivo vexetal, como a uva e o viño tinto. Mesmo noutros subsectores cárnicos e cultivos os prezos foron de récord histórico, coma pasou no tan castigado subsector do vacún de carne.

Tampouco as producións foron todo o positivas que desexaríamos. É certo que no sector lácteo bateuse récord en Galicia de produción de leite no ano 2024, e que as demais producións importantes do sector primario comportáronse razoablemente ben. Sabemos de producións moi castigadas: a Faba de Lourenzá e a Patata, por exemplo, polas altas humidades da terra, e mesmo o millo forraxeiro que sufriu o impacto do vento e auga da borrasca Kirk que fixo que teñamos unhas das peores colleitas de forraxe.

Dende mediados do ano 2023, os prezos das materias primas de alimentación animal retrocederon e outros insumos estabilizaron os prezos, e xunto ao gran esforzo dos nosos profesionais agrarios por medrar e facer máis grandes e competitivas as súas producións, lograron, en termos xerais, consolidar os avances das rendas netas. As persoas produtoras veñen de dous anos positivos no crecemento das rendas e, en termos xerais, no 2024, os avances de anos anteriores non se converteron en retrocesos.

O 2024 foi un ano de transición en certos proxectos de AGACA: remataron moitos proxectos e iniciativas e comezaron outros. O PocTep Es-Factory deberá axudar ás cooperativas en temas relacionados co emprendemento e co acceso a persoal cualificado, entre outros aspectos. Os Grupos Operativos Secuesvac e Climalact iniciaron o camiño para facilitar o coñecemento sobre a medición e o secuestro de carbono nas leiras de pastoreo, e para propoñer unha marca ou referencial relacionada coa pegada de carbono e o clima no sector lácteo. E o Grupo Operativo Blood4Goods ensaia na práctica a chamada economía circular ao impulsar o aproveitamento do sangue para usos alimentarios e na estimulación vexetal. En 2024 comezamos a orientar a varias cooperativas na implantación do Caderno de Explotación Dixital, acompañando ás que consideran importante axudar e impulsar a dixitalización dos seus membros ao tempo que promoven a mellora dos servizos que prestan aos mesmos.

Un dos esforzos máis importantes levados a cabo no 2024 foi a coordinación coas cooperativas e os contactos directos coas explotacións gandeiras para estimular o asesoramento directo ás mesmas. A necesidade de dispoñer dun Sistema Integral de Xestión de Explotacións (SIGE), o Benestar Animal do rabaño, a redución da Pegada de Carbono, son retos que teñen as explotacións e que serán máis fáciles de acadar se encontran os asesoramentos necesarios para levalos a cabo.

Atrás queda a suba dos prezos das materias primas do ano 2021, acompañada pola suba xeral de todo tipo de insumos no ano 2022 animada pola Guerra de Ucraína. Por diante temos os problemas xerados pola crise dos aranceis impulsada por Trump que afecta directamente ás estratexias comerciais das cooperativas e abre unha nova preocupación para todo o sector.

A falta de relevo xeracional e mesmo a falta de man de obra son un dos problemas estruturais que afecta ao sector primario. Unido aos problemas sociais, atopámonos co problema de acceso a Superficie Agraria Útil (SAU) para aquelas explotacións que apostan por ampliar e mellorar ingresos e dar viabilidade económica as súas actividades. Animar á mocidade a incorporarse á actividade, promover a presenza de mulleres nos órganos directivos das cooperativas e organizacións rurais, crear servizos de apoio ás persoas socias das cooperativas que fagan máis sinxelo e menos complexo dedicarse ao sector primario, forman parte das medidas que dende AGACA estamos a impulsar e aconsellar ás cooperativas dende fai anos para consolidar a produción agrícola e gandeira.

Somos coñecedores dos esforzos que todos os días realizan as persoas socias das cooperativas para manter e mellorar a rendibilidade da súa actividade. Vivimos as preocupacións diarias da dirección das cooperativas por acompañar ás persoas socias da súa entidade. Por iso, en AGACA, sempre estaremos aí para acompañarvos, para tratar de responder ás vosas dúbidas, para escoitar as vosas preocupacións e proxectos procurando protexer sempre os vosos intereses profesionais e cooperativos.



**Desde fai anos traballamos
intensamente en numerosas
medidas que nos permiten impulsar
e aconsellar ás cooperativas co
obxectivo de consolidar a produción
agrícola e gandeira.**

01 AGACA, entidade representativa:

A Unión de Cooperativas Asociación Galega de Cooperativas Agrarias, AGACA, é a organización que representa ao cooperativismo agroalimentario da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto no ámbito da súa conxuntura económica, empresarial e social, como no da dimensión humana e profesional das persoas socias.

Na faceta institucional destaca a súa presenza nos foros onde se tratan os intereses do cooperativismo a nivel estatal e internacional, sexa de xeito directo, sexa a través da súa participación en organizacións representativas a nivel de España (Cooperativas Agroalimentarias de España) ou da Unión Europea (Comité Xeral Europeo de Cooperación Agraria – COGECA), fomentando o diálogo e a intercooperación entre distintos sectores a todos os niveis.

Adicionalmente, ofrece diversos servizos especializados de formación, información e asesoramento ao cooperativismo agroalimentario de Galicia en múltiples áreas.

Unha das principais vantaxes de pertencer a un colectivo como AGACA é a de sentirse apoiado e acompañado ao longo da actividade empresarial cooperativa. Nese senso, AGACA está en continuo proceso de actualización para satisfacer as máis esixentes demandas do cooperativismo agroalimentario galego a través de distintos servizos:

Representación profesional

En AGACA conflúen e canalízanse todas as propostas dos socios ante os foros correspondentes, de xeito que as cooperativas se sintan representadas e defendidas, co aval que outorgan 35 anos de experiencia e unha posición de recoñecemento e de respecto social.

Información especializada

- Informes Sectoriais.
- Novidades lexislativas e técnicas.
- Organización de Xornadas formativas.
- Publicación propia: revista *Cooperación Galega*.
- Elaboración e difusión de notas de prensa.
- Difusión de novas das entidades socias en revista, páxinas web e redes sociais.
- Elaboración de publicacións externas.
- Servizo de *clipping*.

Consultoría

- Estudos e viabilidade económico-financeira.
- Acompañamento integral ao emprendemento.
- Asesoría contable, fiscal, laboral e xurídica en cooperativas e explotacións agrarias e para persoas autónomas e outras empresas.
- Especialistas en constitución de cooperativas e SAT.
- Ordes de axudas. Seguimento e xestión.

Calidade

- Guía de Prácticas Correctas de Hixiene.
- Referencial de Leite de Vaca Certificado de Cooperativa (RLVCC).
- Certificación Leite de pastoreo.
- Certificación Benestar Animal.
- Análise de Perigos e Puntos de Control Críticos (APPCC).
- Rexistro Sanitario.
- Diagnóstico e control de calidade.
- Asesoramento para implantación de normas GLOBALG.A.P. e BRC (British Retail Consortium) e IFS.

Formación

- Ampla oferta formativa especializada.
- Horario flexible.
- Todos os niveis formativos.
- Aplicación inmediata ao posto de traballo.
- Presencial, a distancia e teleformación.

Estudos Socioeconómicos e proxectos comunitarios

- Informes socioeconómicos periódicos.
- Realidade social: muller, xuventude, terceira idade, emprego etc.
- Análises e estatísticas.
- Enquisas.
- Investigacións de mercado.
- Participación en proxectos de desenvolvemento europeos e comunitarios.

Innovación, comercialización e Internacionalización

- Acompañamento a cooperativas en proxectos de I+D+i.
- Participación en proxectos de innovación.
- Asesoramento en identificación e xestión de iniciativas empresariais.
- Redes de colaboración.
- Intercooperación e Internacionalización: redes de contactos, misións inversas etc.
- Planificación estratéxica.

Seguros

- Asesoramento personalizado.
- Agroseguros.
- Seguros profesionais e domésticos.
- Responsabilidade Civil de directivos e Consellos Reitores.

02 Estrutura organizativa

Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral de AGACA —constituída por un representante de cada cooperativa socia— é o órgano supremo da vontade social.

O exercicio do voto é ponderado de 1 a 5 por entidade socias, segundo a relevancia socioeconómica de cada unha.

Reúnese, como mínimo, unha vez ao ano. É onde se aproban a xestión realizada no último exercicio económico e os plans de traballo para o seguinte. Na actualidade, está integrada por 95 entidades socias que, como tal, teñen a obriga estatutaria de “asistir, a través dos seus representantes legais, ás Asembleas Xerais da Unión”.



Consello Reitor

O Consello Reitor da Unión, nomeado en 2021 pola XXXIII Asemblea Xeral Ordinaria por un período de catro anos, está constituído por sete cooperativistas que representan aos principais sectores agrarios e se encargan da Dirección da Unión entre asembleas.

	NOME	COOPERATIVA
Presidenta	D ^a . Carmen Rodríguez Rodríguez	Cooperativa Clun
Vicepresidente	D. José Manuel López Tellado	Cooperativa Aira
Secretario	D. José Luis Rey Rodríguez	Cooperativa Coren
Tesoureiro	D. Javier Iglesias Sendín	Cooperativa Viña Costeira
Vogal	D. Rafael Tejeda Vázquez	Cooperativa Proterga
Vogal	D. Alberto Amil Chaves	Cooperativa Horsal
Vogal	D. Xoán Antonio Allegue López	Cooperativa Martín Códax

03 Exercicio de representación

En Organismos

O exercicio de representación, difusión e defensa dos intereses do cooperativismo agroalimentario galego é a principal misión de AGACA.

Un dos seus piares é a participación en Cooperativas Agro-alimentarias de España, entidade representativa do conxunto das cooperativas do sector en España e da que é membro constituínte. O vicepresidente de AGACA forma parte do seu Consello Reitor en representación das cooperativas de Galicia.

Cooperativas Agro-alimentarias organiza o exercicio da representación a través da figura dos Consellos Sectoriais. Na súa directiva participan representantes de varias cooperativas galegas, integrantes de AGACA:

- D. Daniel Ferreiro Otero (Aira). Presidente do Consello Sectorial de Leite e Produtos Lácteos de Cooperativas Agro-alimentarias e, actualmente tamén, presidente de InLac.
- D. Natalio García Carral (Cogal). Presidente do Consello Sectorial de Cunicultura de Cooperativas Agro-alimentarias de España.

A Unión está presente en varios organismos e mesas de negociación entre as que destaca o LIGAL (Laboratorio Interprofesional Galego para a Análise do Leite).

O LIGAL é o órgano responsable da análise e control do leite das ganderías galegas. O representante de AGACA neste órgano é José Ramón Ratón Varela (Aira)—co apoio técnico de Sergio García (AGACA), quen asistiu a todas as reunións convocadas por este órgano. José Ramón Ratón Varela é desde 2024 presidente do LIGAL, cargo que ocupará ata o 2026. O Comité de Certificación da IXP Ternera Gallega e Vaca Galega e Boi Galego conta con representación, por parte de AGACA, de Sergio García, que asistiu a todas as reunións convocadas por este órgano.

Outros foros nos que AGACA está presente son o Observatorio do Sector Lácteo, a Comisión Territorial de Galicia dos Seguros Agrarios, as Mesas Electorais das Denominacións de Calidade de Galicia, as Mesas de Producións Sectoriais e o Clúster Alimentario de Galicia dende a súa fundación.

Consello Galego de Cooperativas

AGACA ten tres representantes e tres suplentes neste órgano de promoción do cooperativismo, creado baixo a normativa da Lei 5/1998 de Cooperativas de Galicia e con sede social na Dirección Xeral de Emprego, sendo o seu presidente o Sr. Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración. É un órgano paritario de representantes das cooperativas de todas as clases e das administracións públicas de Galicia. No ano 2021 procedeuse á renovación dos cargos do COGACO. Os representantes de AGACA son:

- Titular Primeiro: D.^a Carmen Rodríguez Rodríguez.
- Titular Segundo: D. José Manuel López Tellado.
- Titular Terceiro: D. Higinio Mougán Bouzón.
- Suplente Primeiro: D. José Luis Rey Rodríguez.
- Suplente Segundo: D. Javier Iglesias Sendín.
- Suplente Terceiro: D. Alberto Amil Chaves.

Nas reunións do COGACO e outras complementarias tratáronse en 2024 cuestións como:

- Estratexia de Economía Social Horizonte 2027.
- Proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do Programa ES-Transforma en cooperativas ou sociedades laborais e se procede a súa convocatoria para a anualidade 2024 (código de procedemento TR802R).
- Celebración do Día do Cooperativismo 2024.
- Emisión de informe sobre o proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción e se convocan para o ano 2025.
- Emisión de informe sobre o proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social, e se convocan para os anos 2025 e 2026.
- Emisión de informe sobre o proxecto de orde de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións para o apoio á consolidación das entidades da economía social de Galicia “Bono consolida economía social” e se procede á súa convocatoria para a anualidade 2025.
- Emisión de informe sobre o proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência non competitiva, das subvencións para o fomento do emprendemento en economía social (Programa APROL – Economía Social) e se convocan para o ano 2025.
- Emisión de informe sobre o proxecto de orde polo que se establecen as bases reguladoras do programa ES-Transforma en cooperativas ou sociedades laborais e se procede a súa convocatoria para a anualidade 2025.
- Emisión de informe sobre o proxecto de orde pola que se establecen as bases reguladoras do certame Cooperativismo no ensino e os premios á cooperación, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025.
- Colaboración na organización do Outonos Cooperativos: encontros inspiradores.

Sen lugar a dúbidas, consolidar as axudas “Bono consolida economía social” con convocatorias anuais sucesivas foi unha das tarefas de maior interese das cooperativas socias, xunto coas axudas da Rede Eusumo e as accións de visibilización das cooperativas ante a sociedade.

Propostas a unha nova Lei de Cooperativas de Galicia

No ano 2023 a Unión de Cooperativas AGACA organizou tres reunións coas cooperativas socias coa finalidade de artellar propostas a unha Nova Lei de Cooperativas de Galicia. Deséxase introducir melloras e modificacións en aspectos tales como:

- A Dixitalización e gratuidade do Rexistro de Cooperativas.
- Domicilio social e sede electrónica. Importancia ás páxinas web das cooperativa.
- A sociedade cooperativa en constitución.
- Admisión en calidade de persoa socia.
- Baixa da persoa socia.
- Obrigas das persoas socias. Expulsión.
- Causa de baixa xustificada.
- Dereito de información.
- Disciplina social.
- Operacións con terceiros.

- Achegas e reembolso do capital social.
- Convocatoria asemblea xeral. Formas de convocatoria. Constitución.
- Dereito de voto na asemblea xeral.
- Valoración das achegas en especie.
- Xuros máximos das achegas obrigatorias.
- Imputación de perdas.
- Dotación do fondo de reserva obrigatorio.
- Aplicación do fondo de formación e promoción.
- Fondos voluntarios e de libre disposición.
- Socios e socias excedentes e socios e socias a proba.
- Conformación do Consello Reitor.
- Achegas de novas persoas socias.
- Transmisión das achegas.
- Igualdade de xénero.
- Modernización do COGACO.
- Modificación do voto delegado.
- Facultacións da asemblea xeral.
- Disolución e liquidación da cooperativa.

Agardamos que a Consellería competente en cooperativas asuma o reto e a obriga de facer unha nova lei de cooperativas de Galicia actual e moderna. Neste senso, mantivemos varias reunións encamiñadas a iniciar os traballos de redacción do novo texto legal.

Consello Galego de Economía Social

AGACA ten dous representantes neste órgano de promoción da Economía Social, creado baixo a normativa da Lei 6/2016, do 4 de maio, da Economía Social de Galicia, e con sede social na Secretaría Xeral de Emprego, sendo a súa presidenta a Sra. Conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade. É un órgano para a promoción e fomento da Economía Social en Galicia.

No ano 2021 procedeuse á renovación dos cargos do Consello Galego da Economía Social. Os representantes de AGACA son:

- Titular Primeiro: D.^a Carmen Rodríguez Rodríguez
- Titular Segundo: D. Higinio Mougán Bouzón
- Suplente Primeiro: D. Xoán Antonio Allegue López
- Suplente Segundo: D. Rafael Tejeda Vázquez

No ano 2024 non se celebrou ningunha reunión do Consello. A finais do ano 2023 aprobouse a ESTRATEXIA GALEGA DE ECONOMÍA SOCIAL 2023/2026, como un documento gobernamental clave cara aos vindeiros anos. Neste ámbito, dende AGACA insistimos nos seguintes aspectos:

- Solicitamos que, na medida do posible, a estratexia tamén abarcase ás empresas de capital propiedade 100 % das cooperativas.
- A importancia do reto das persoas, coa finalidade de reter talento, impulsar a remuda xeracional e atraer traballadores e traballadoras ao eido agroalimentario.
- O interese das cooperativas agroalimentarias en que se apoién os procesos de integración e fusión coa finalidade de incrementar o tamaño medio.
- A necesidade urxente de contar con unha Nova Lei de Cooperativas de Galicia.

Foro pola Economía Social Galega

A finais do ano 2017, por iniciativa de cinco entidades da Economía Social de Galicia, iniciamos os contactos para poñer en marcha o



Foro pola Economía Social Galega –punto de encontro para impulsar o cooperativismo e a economía social na nosa Comunidade–, iniciando as accións mediante un evento celebrado o 13 de marzo de 2018 no que se recolleu a DECLARACIÓN EN FAVOR DA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA ante numerosos convidados das administracións públicas e de axentes sociais e parlamentarios de Galicia.

O Foro pola Economía Social Galega está constituído polas seguintes entidades: Unión de Cooperativas AGACA, EspazoCoop (agrupa ás cooperativas de traballo asociado), Aesgal (agrupa ás sociedades laborais de Galicia), Cegasal (agrupa aos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro de Galicia) e Aeiga (agrupa ás empresas de inserción social de Galicia).

No mes de xuño do ano 2020 foron rexistrados os Estatutos da Asociación. O Foro guíase no seu plan de traballo polo PLAN ESTRATÉXICO DO FORO POLA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA, no que se recollen as grandes liñas de traballo conxunto.

Ao longo do ano 2024, o Foro pola Economía Social Galega traballou nas seguintes accións:

1. Celebración do Evento de Cafés con Aroma a Economía Social o 19 de xaneiro.
2. Propostas da Economía Social Galega diante das eleccións autonómicas 18F.
3. Lei Integral de Economía Social, que estaba en fase de debate a proposta do Ministerio de Traballo e Economía Social.
4. Celebración do Día da Economía Social de Galicia o 31 de maio.
5. PERTE Economía Social Información e animación á presentación de proxectos ás cooperativas socias de AGACA.
6. Reunión de traballo co Presidente de CEPES (Confederación Empresarial Española de Economía Social) e autoridades na súa visita a Galicia.



Finalmente, ao longo do ano 2024, ademais de numerosos contactos e relacións coas institucións, procedemos á renovación dos cargos de ForoESGal e o novo presidente da entidade é D. Herminio Martínez, presidente de CEGASAL, continuando D.^a Carmen Rodríguez, presidenta de AGACA, como vicepresidenta primeira de ForoESGal.

Reunións dos órganos sociais de AGACA

O 31 de maio de 2024 reúnen-se representantes de 24 entidades socias de AGACA en Asemblea Xeral Ordinaria, coa asistencia telemática e presencial. Nesta XXXVI Asemblea Xeral Ordinaria da Unión aprobáronse os correspondentes informes anuais e a proposta de traballo para o ano 2024.

Ao longo do ano 2024 o Consello Reitor celebrou seis reunións ordinarias de traballo, todas de tipo presencial, nas que se trataron temas xenéricos relacionados coas cooperativas agroalimentarias, así como aspectos organizativos, económicos, representativos e sociais de

AGACA. Ademais, este ano 2024 fíxose un especial seguimento ás cuestións relacionadas coas Estratexias da Granxa á Mesa e Biodiversidade.



XXXVI Asemblea Xeral de AGACA. 31 de maio 2024.

O Consello Reitor, co apoio do equipo técnico de AGACA, organiza, controla e avalía todos os temas xerais que reflicte esta Memoria.

Os temas máis salientables e ordinarios, tratados de xeito especial polo Consello Reitor, foron:

- Análise económico-financeira da entidade, aprobación de contas, de orzamentos e de contas das sociedades participadas e outros asuntos económicos.
- Aprobación da documentación a presentar na XXXVI Asemblea Xeral de AGACA: Contas Anuais, Memoria Anual e convocatoria da XXXVI Asemblea Xeral Ordinaria.
- Nomeamentos de representantes de AGACA ante diferentes organismos.
- Información sobre as xestións e entrevistas con altos cargos das Administracións. Neste ano 2024 son de destacar as reunións coa nova conselleira do Medio Rural, D.^a María José Gómez, e co novo conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, D. José González
- Información e debate sobre a participación de AGACA en diferentes organismos de interese: Cooperativas Agro-alimentarias de España e os seus Consellos Sectoriais, Mesas de traballo, Clusaga etc.
- Aprobación e seguimento de convenios.
- Sinatura do protocolo de colaboración con Vegalsa e con entidades financeiras e institucións, como Caixa Rural Galega, xunto con diversas accións destinadas ao impulso do cooperativismo.
- Seguimento de campañas: horta, viño etc.
- Seguimento dos mercados agrarios, gandeiros e de materias primas.
- Iniciativas de promoción comercial dos alimentos cooperativos.
- Seguimento e presenza das actividades representativas en diferentes foros.
- Altas e baixas de persoas socias.
- Presentación e seguimento de proxectos de desenvolvemento cooperativo, tanto a nivel autonómico coma estatal ou da Unión Europea.
- Seguimento das actividades formativas desenvolvidas por AGACA en colaboración con diferentes organismos.
- Seguimento das actividades relacionadas cos proxectos de I+D+i, promoción comercial, rurais, de xénero etc. desenvolvidas por AGACA en colaboración con diferentes organismos.
- Actividades de asistencia técnica desenvolvidas por AGACA en colaboración con diferentes organismos.

Representación

O ano 2024 foi un exercicio denso de contactos motivados polos diferentes procesos electorais desenvolto ao longo do ano. Neste senso, ademais de abordar a forte crítica social pola inflación dos alimentos na cadea alimentaria, abríronse diferentes fronte de preocupación agraria, gandeira e cooperativa, como foron o impacto do furacán Kirk ou a presenza de novas enfermidades e pragas (verme gris do millo, enfermidades das vacas EHE e lingua azul, flavescencia dourada nas viñas...) e a continuidade das tradicionais (mildio nos cultivos), fauna salvaxe e nova fauna como as velutinas, elevado nivel de humidade incluso no verán, o que provoca a podrencia dos cultivos e froitos... Con todo, dende AGACA fixéronse multitude de xestións perante as autoridades competentes para tratar de transmitir as dificultades e buscar alternativas e saídas aos problemas xerados por esta inesperada situación climática que castigou ao sector primario.

Ao longo de 2024 mantivéronse numerosos contactos con representantes políticos vencellados coa agricultura e gandería. Neste senso, relacionamos os máis destacados:

- Entrevistas e contactos da Sra. Presidenta de AGACA con Conselleiros/as e o Presidente da Xunta de Galicia.
- Contactos e xestións realizadas en relación coa necesidade dunha Nova Lei de Cooperativas de Galicia.
- Seguimento e apoios ás cooperativas durante a aparición das novas enfermidades e pragas.
- Desenvolvemento de importantes Xornadas en colaboración coa Rede Eusumo centradas en novas oportunidades de negocio no eido de novas producións e en aspectos estratéxicos dos principais sectores produtivos das cooperativas.
- Participación na posta en marcha do proxecto Interreg POCTEP ES-Factory centrado nunha lanzadeira de empresas da economía social.
- Organización da delegación e participación no IV Encontro Estatal de Jóvenes Cooperativistas, celebrado o 29 e 30 de outubro en Valencia.
- Transmisión da postura das cooperativas aos partidos políticos participantes nos procesos electorais na Comunidade Autónoma de Galicia e en España.
- Apoio a Dolores Calvo, presidenta da Asociación Nós, As Mulleres e presidenta de AMCAE (Asociación de Mujeres de Cooperativas Agro-alimentarias de España), na organización das mulleres directivas de cooperativas de España.
- Reunións para formación e aconsellamento con representantes do Ministerio e da Consellería con motivo da aplicación Reforma da PAC.
- Contactos cara a impulsar os servizos de maquinaria en común e aproveitamento dos fondos Next Generation e Plan Renove, entre outros.
- Impulso de proxectos Next Generation relacionados co sector lácteo.
- Contactos e reunións con representantes políticos agrarios do Parlamento de Galicia.
- Seguimento aos Reais Decretos publicados a finais do 2022 e vinculados co Pacto Verde Europeo: avaliación de impactos e defensa dos intereses de socios e socias e propostas de modificación destes nos aspectos lesivos para os intereses dos nosos socios.
- Elevada actividade con proxectos vinculados coa Unión Europea.
- Impulso á Mentorización de cooperativas agrarias para abordar problemas e impulso a novas iniciativas en colaboración coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
- Impulso ao aconsellamento ás explotacións gandeiras en colaboración coa Consellería do Medio Rural.
- Organización e participación nas Xornadas organizadas en colaboración coa asociación Nós, As Mulleres en diferentes cooperativas galegas.
- Seguimento e contactos relacionados coa aplicación da Lei de Calidade de Galicia.

- Observatorio Lácteo: comentarios sobre os seus obxectivos e composición.
- Traslado da posición de AGACA sobre as liñas do Futuro PEPAC (Plan Estratéxico da Política Agraria Común).
- Reunións relacionadas coa aplicación da Conta Láctea no marco do aconsellamento.
- Seguimento á renovación dos Consellos Reguladores.
- Renovación do Equipo Técnico de AGACA, especialmente na oficina de Lugo.

Máis concretamente, coa Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade mantívose unha intensa relación de xestión de diferentes aspectos de interese para as cooperativas agroalimentarias, entre os que destacan:

- Reunións para a reconfiguración das actividades da Rede Eusumo e a propia reformulación ou revisión da finalidade e funcionamento da Rede.
- Proposta a unha nova Lei de Cooperativas de Galicia.
- Día do Cooperativismo 2024, celebrado en Nigrán.
- Día das Asembleas da Economía Social de Galicia.
- Premios ao Cooperativismo 2024.
- Plan ES-Mentoring, con elevado impacto positivo nas cooperativas agrarias.

Cooperativas Agro-alimentarias de España

AGACA participa activamente nos diferentes órganos internos e representativos desta importante entidade. Os aspectos clave desenvolvidos ao longo do ano 2024 en Cooperativas Agro-alimentarias de España foron os seguintes:

- Seguimento ás negociacións da Reforma da PAC e á modificación dos reais decretos de ordenación de explotacións, nutrición de solos...
- Seguimento moi directo ao proceso de aplicación da Lei da Cadea Alimentaria.
- Seguimento ao Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia. Información ás cooperativas.
- Premios Cooperativas Agro-alimentarias de España 2024: candidaturas.
- Novidades do BREXIT e principais efectos no sector.
- Desenvolvemento da Marca Cooperativa.
- Modificación da Lei de Cooperativas do Estado.
- Apoio á Daniel Ferreiro como Presidente de InLac en representación das cooperativas leiteiras de España.

Asociación Galega de Mulleres de Cooperativas Agroalimentarias, Nós, As Mulleres



Dende a súa constitución no ano 2020, a Asociación Galega de Mulleres de Cooperativas Agroalimentarias, NÓS, AS MULLERES participa activamente en todas as accións dirixidas ás mulleres das cooperativas galegas. Esta asociación, promovida por AGACA, ten por finalidade principal o desenvolvemento integral da muller e das súas capacidades e a integración, participación e promoción da igualdade no seo do movemento asociativo agroalimentario no marco das cooperativas socias de AGACA. Outros dos seus obxectivos son:

- Representación e promoción.
- Fomento do cooperativismo e da economía social colaborativa. Participación.
- Formación.
- Profesionalización e mellora da competitividade.
- Igualdade e sensibilidade contra a violencia de xénero.



*IV Asemblea Xeral de Nós, As Mulleres.
5 de xuño 2024.*

O número de mulleres socias ao peche do exercicio 2024 era de 45, procedentes de 19 cooperativas.

O día 5 de xuño, celebrouse a Asemblea Xeral de Nós, As Mulleres, en Santiago de Compostela, procedendo á renovación de cargos da Xunta Directiva.

Ao longo do ano 2024, en colaboración con AGACA desenvolvéronse as seguintes actividades:

1. Participación no Encontro nacional de mulleres cooperativistas, organizado por Cooperativas Agro-alimentarias de España e celebrado en Antequera, Málaga, no mes de marzo.
2. O día 21 de febreiro, celebráronse dous encontros de mulleres cooperativistas, un en Aira e outro en Vitivinícola Arousana, a través da axuda do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación á Asociación de Mujeres de Cooperativas Agro-alimentarias de España
3. Encontro de mulleres cooperativistas a través da subvención da Rede Eusumo a AGACA, en Adegas Condés de Albarei o día 23 de febreiro, O Xeixo o día 20 de marzo e para as socias de Xallas o día 29 de outubro
4. Encontro de mulleres cooperativistas, celebrado o día 27 de febreiro en O Rodo, a través do programa de Asistencia Técnica, da axuda do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.
5. Encontro con mulleres da Comisión de Igualdade de Cooperativas Agro-alimentarias de Extremadura no mes de novembro
6. Celebración de tres reunións da Xunta Directiva para abordar diferentes temas.

Ademais, dentro do programa de Asistencia Técnica, AGACA elaborou e publicou catro entrevistas a mulleres cooperativistas, coa finalidade de dar visibilidade á súa actividade e ao seu papel nas cooperativas agroalimentarias galegas.



Algunhas publicacións en Cooperación Galega.

04 Representación e actividades sectoriais



O forte crecemento de rendas agrarias en Galicia do 2023 non se mantivo ao longo do 2024. Consideramos que, no seu conxunto, atopámonos en 2024 ante unhas rendas lixeiramente inferiores ás do ano 2023, especialmente polo impacto negativo do descenso dos prezos nas producións gandeiras. Os problemas xerados polas enfermidades no gando, o temporal Kirk nas producións agrarias e o exceso de humidade (co consecuente incremento de enfermidades vexetais) lastraron os resultados globais do sector primario en Galicia. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación lanzou en decembro unha estimación de crecemento da Renda Agraria española dun 14,2 % en 2024 en comparación co ano anterior, motivado pola boa colleita de cereais e aceite de oliva. Porén, ningunha das anteriores producións son as principais do agro galego. Mesmo nas estimacións, o Ministerio sinala que as producións vexetais de España aumentaron preto do 9 % en valor, por unha maior produción (19 %), fronte ao descenso do 1,3 % en valor das producións animais, por unha caída de prezos (2 %), pese a un incremento lixeiro das producións (1 %), e, como todos saben, a produción agraria de Galicia depende en máis dun 60 % das producións gandeiras.

No caso de Galicia, tivemos un ano climático moi húmido: a primavera moi húmida retrasou a sementeira do millo e de moitas producións agrícolas (millo forraxeiro, fabas, patacas...), aínda que posibilitou unha campaña forraxeira de herba de inverno bastante normal, afectando ás producións vexetais de diferente xeito, nalgúns casos, con descensos importantes nos volumes. A sementeira tardía retrasou a maioría das colleitas e o temporal Kirk terminou por impactar brutalmente nas producións. Así, estímamos que a **producción de silo de millo** viuse reducida entre un 15 % e un 25 % (segundo comarcas) en comparación coa do ano precedente, pois a menor produción estivo acompañada polo temporal Kirk que tirou miles de hectáreas de millo e anegou fincas onde nunca puido entrar a maquinaria de ensilado. Ademais, as calidades do forraxe foron das peores que se lembran. O impacto climático nas producións de **patacas** estímase tamén negativo, con perdas entre o 10 % e o 20 % segundo as zonas de produción. Do mesmo xeito, os danos da humidade na **producción de fabas** bateron todos os rexistros, estimándose unha perda de produción superior ao 75 % da colleita. Neste senso, as cooperativas que operan no sector das fabas xa foron tamén duramente castigadas no exercicio 2023. A suba de prezos dos produtos vexetais compensou parcialmente estas baixadas de volume, salvo no caso das produtoras de fabas, patacas ou nas forraxes.

Pola contra, Galicia tivo unhas producións de **viño, de mazás de sidra e de castañas** a uns niveis de volume aceptables que, xunto a uns prezos globalmente estables (salvo nas mazás de sidra) e a uns custos estabilizados, fixeron incrementar lixeiramente as rendas na maioría destas producións. Este ano 2024, Galicia vendimou 74 millóns de quilos de uva no conxunto das súas Denominacións de Orixe (D.O.), converténdose na segunda colleita máis abundante da súa historia. Con todo, non son todo boas noticias nestas producións. No caso das producións vitivinícolas merecen mención especial dous aspectos de grande importancia. Dunha banda, uns mercados para os viños brancos de Galicia que frearon o seu crecemento, facendo que as adegas cooperativas tivesen que incrementar os seus esforzos comerciais nos mercados. Ao mesmo tempo, a crise comercial dos viños tintos, mal xestionada na D.O. Ribeira Sacra, fixo que se publicase unha axuda de destilación danando a imaxe e prezos dos viños galegos. Neste senso, o esforzo de reestruturación produtivo, empresarial e comercial das adegas cooperativas cos viños tintos son un claro exemplo da importancia das cooperativas como elemento regulador no marco dunha D.O. A preocupación polo avance da enfermidade nos viñedos da flavescencia dourada, que dende Portugal está chegando aos viñedos de Galicia, anticipa graves danos nun futuro próximo.

O mildio afectou a **viñedos** de determinadas comarcas con menor virulencia que no ano 2023. Os custos dos insumos incrementáronse lixeiramente, especialmente os fitosanitarios, pero o incremento da produción e o mantemento dos prezos da uva branca viñeron compensar en parte os incrementos de custos. Apreciamos que as cooperativas mantiveron os niveis de facturación, salvo aquelas que manteñen importantes producións de uva tinta. A uva tinta mantén unha tendencia exactamente contraria á uva branca, con descenso de prezos e falta de adegas interesadas por ela. En canto aos caldos, estabilizáronse os valores nos viños brancos, salvo incrementos nos godellos, fronte a unha fortísima depreciación do valor dos viños tintos provocado polas axudas de destilación. As adegas cooperativas enfróntanse a uns mercados estabilizados ou en lixeiro retroceso, con fortes incrementos da demanda algúns anos (2020, 2021 e 2022) e outros anos coa demanda máis retraída ou estabilizada (2023, 2024 e a actualidade). Outros retos do sector en 2024 foron unha idade elevada dos socios e socias, a escasa man de obra para afrontar as vendimas, a necesidade de talento nos equipos técnicos e unha necesaria incorporación de remuda xeracional en todos os eidos da cadea. Pese a todo, o viño é o valor máis importante das producións vexetais de Galicia.

No sector de **horta** foi un ano con avances significativos. As cooperativas seguen a incrementar a facturación, o que nos dá unha idea de que as cousas foron mellor ca noutros sectores. Este incremento ten como base unha maior produción e uns mellores prezos do conxunto, do mesmo xeito que sucedeu no resto de España. Preocupa no sector a estabilización na demanda do pemento de Padrón, o produto reclamo da horta galega. Pese a iso, tamén a produción do pemento de Padrón cremos que segue a medrar. O feixón galego segue a ter nichos de mercado de interese que poñen en valor o seu sabor claramente diferencial. O tomate é moi variable e a produción foi un pouco máis reducida no 2024, o que axudou a manter os prezos. A leituga é un típico produto reclamo utilizado pola gran distribución para chamar aos consumidores en detrimento dos pagos aos produtores. Pese a iso, no 2024 tivo un comportamento algo máis normal, agardando que a distribución respecte aos produtores de Galicia. Caeu nas cooperativas a produción de cebola, polos problemas agronómicos do cultivo que afectaron á súa calidade e fronte aos bos prezos da pataca no mercado e ao incremento na produción do porro, que actúa como substituto da cebola nas leiras dos horticultores, polos seus prezos razoables nos mercados. Cabaza e pemento branco incrementaron produción, fronte ao descenso de repolos. As nabizas e verzas non acaban de ter peso comercial nas cooperativas. E o mesmo sucede cos produtos ecolóxicos, que seguen a ter unha baixa demanda dos consumidores. Balance global positivo para profesionais e cooperativas que medran ano tras ano.



Na **produción animal**, o retroceso en valor rexistrado na estatística do Ministerio foi consecuencia exclusivamente duns prezos dos produtos gandeiros máis baixos, pese a un lixeiro incremento das producións. As producións incrementáronse moi pouco (0,9 %), con ganderías moi afectadas e prexudicadas polas enfermidades do gando (lingua azul, enfermidade EHE), e temporal Kirk. Neste descenso de prezos do ano 2024 destacan o do leite (7,9 %) e o dos ovos (6,4 %). O porcino mostrou certa estabilidade en volume, pero tamén con reducións de prezos (5,3 %). A carne de aves tivo un prezo un chisco mellor, pero incrementou a produción (+4,9 %), e o vacún de carne mellorou prezos un 10,6 %. Non obstante, se ampliamos estes datos do vacún de carne aos últimos trinta anos, vemos que a renda agraria estivo a perder peso, e só se

foi compensando co incremento das producións e o descenso dos efectivos produtivos. Tal como se comentou, convén resaltar a contención xeral dos volumes de produción.

No sector **lácteo** destacan: o descenso do prezo en comparación co 2023 (con case 3 céntimos menos de prezo no leite en Galicia en relación co resto de España) e o incremento medio da produción de leite en Galicia superior ao 2 %. É certo que o prezo medio dos pensos descendeu en 2024 unha media do 19,1 %, segundo os datos do Ministerio; cos carburantes e fertilizantes con prezos controlados, permitiralle a gandeiros e gandeiras facer fronte a unha moi mala colleita de millo forraxeiro e mesmo aos efectos das enfermidades que afectan as súas vacas (especialmente a EHE e lingua azul). As ganderías seguen enfrontándose a uns prezos moi elevados en sementes, fitosanitarios, gastos veterinarios, servizos agrarios (cun ensilado custosísimo tras o Kirk). As granxas pecharon o ano 2024 cun prezo medio estabilizado nos 46 céntimos (7 menos de media que no 2023), o que fixo que este ano as rendas dos gandeiros retrocedan en relación co 2023. Ademais, os máis de 5.000 gandeiros e gandeiras de Galicia produciron máis de 3 millóns de toneladas, marcando un novo récord produtivo con menor facturación das granxas (sobre 1 400 millóns de euros de facturación das granxas), chegando ao 41 % da produción e ao 56 % das granxas de España. Neste contexto, apreciamos unha estabilización da facturación nas cooperativas agroalimentarias de Galicia, dando continuidade, en termos xerais, aos niveis de facturación acadados no ano 2023 con suaves descensos nalgún caso. A produción de penso mantívose estable en termos de volume nas cooperativas. O peche de explotacións por falta de remuda e a enfermidade EHE marcaron unha tendencia clara de menos gandeiros e gandeiras de cara ao futuro, e de menos persoas socias activas nas cooperativas.

O **vacún de carne** gozou de prezos históricos no 2024, especialmente a Ternera Gallega Suprema. Entendemos que os incrementos dos ingresos das ganderías de vacún de carne, motivados polo incremento do 10,6 % dos prezos da carne, historicamente castigada, viñeron compensar parcialmente moitos anos de perdas e retrocesos de rendas nesta produción. Ademais, en 2024 a gandería de vacún de carne retrocedeu lixeiramente nas producións (0,2 %) e na comercialización mediante a IXP Ternera Gallega. Con todo, Galicia segue a ser a terceira comunidade produtora de vacún de carne de España. A lingua azul e a enfermidade EHE convertéronse nas grandes preocupacións das ganderías, xunto coa tuberculose bovina, que aparece puntualmente e castiga moi duramente ás explotacións directamente afectadas. Neste senso, urxe artellar melloras e investigacións para loitar contra estas enfermidades, ao tempo que se deben articular apoios para as granxas afectadas. Na gandería de bovino, e mesmo no porcino e nas aves, o foco das preocupacións está no eido da sanidade animal. Finalmente, as cooperativas de vacún viron incrementarse os niveis de facturación, pero preocupa a escasa fidelidade dos gandeiros e as gandeiras ante unha situación de eventual bonanza de prezos. No 2024 tamén retrocedeu o volume de produción de **carne de ovino** en Galicia.

En España, o **porcino** converteuse nun sector resiliente, competitivo e líder mundial, xa que se exportou por valor de máis de 9.000 millóns de euros, cunha balanza comercial positiva de máis de 8.000 millóns de euros e un censo de 30,6 millóns de animais (dos cales máis dun millón son galegos). Isto supón a estabilización do sector, acadándose arredor de 4,88 millóns de toneladas de carne, como no ano 2023. Trátase dun sector moi eficiente e constantemente ameazado pola Peste Porcina Africana, entre outras enfermidades. Con prezos da carne en descenso (5,3 %) no 2024 e co descenso dos prezos dos pensos, o sector tivo un exercicio 2024 aceptable, o que fortalece ás explotacións gandeiras e ás cooperativas que tradicionalmente operan no sector. No caso de Galicia, estímase un 7,1 % menos de produción no 2024.

Finalmente, convén comentar o importante incremento nos volumes de produción da **carne de aves** estimado nun 4,9 % superior ao 2023, así coma o lixeiro incremento dos prezos (0,2 %), o que provocou unha mellora nas rendas do sector avícola, altamente volátil. A carne de aves está en constante variación de prezos, aínda que no ano 2024 apreciase unha estabilidade. Polo tanto, resultados de aceptables a moi bos no sector de carne de aves en 2024, un aspecto que

é moi importante para a principal cooperativa agroalimentaria galega e unha das máis importantes de España.

Con relación á **transformación** agroindustrial das cooperativas galegas, no ano 2024 estabilizaron o valor dos transformados coa mesma man de obra ocupada, moi importante no noso medio rural, pois algunhas son a única industria do concello onde están instaladas. Dende o plano industrial, as cooperativas viviron o ano condicionadas polo escenario deflacionista e polo incremento dos custos



laborais que teñen que trasladar á clientela. A implantación do imposto ao plástico, os aspectos regulamentarios relacionados cos envases e embalaxes e novidades na etiquetaxe en viño forman parte dos retos abordados en 2024 polas cooperativas con actividade industrial. Non obstante, o incremento da Marca de Distribución (MDD), que acada porcentaxes superiores ao 50 %, fronte ao descenso da Marca de Fabricante (MDF) é a peor noticia do ano 2024. A este elemento comercial clave engádese a loita descarnada emprendida a inicios do 2024 pola distribución en contra da agroindustria, a efectos de seguir incrementando as súas marxes comerciais. A distribución considera que consumidores e consumidoras só queren produtos baratos e estandarizados, abandonando os produtos de elevada calidade e innovación.

Por último, a **neutralidade carbónica** que busca Europa, e que trae de cabeza aos sectores produtor e transformador, é obxecto de constante debate e análise pola cadea de valor. Cumprir cos obxectivos do Pacto Verde Europeo preocupa a profesionais da agricultura e a gandería de Galicia, xunto coas políticas ligadas ao benestar animal. Ademais, moitas das medidas ditadas dende a España seca de Madrid e o Mediterráneo non se adaptan para nada a Galicia. Así, atopámonos que Galicia encabeza as comunidades autónomas con menos aplicación de ecorrexímenes do Estado, xunto con Madrid e Illas Baleares.

En resumo, foi un ano o 2024 onde se incrementaron as producións vexetais que tamén melloraron globalmente os prezos, fronte as producións gandeiras que globalmente incrementaron un chisco os volumes de produción ao tempo que vían como se reducían os custes de produción e os prezos das producións. Neste ámbito produtivo as cooperativas mantiveron niveis semellantes de facturación, emprego e resultados nos balances, estes últimos, tal vez, un pouco máis reducidos.

Sector de Leite-Derivados Lácteos



Carmen Rodríguez

*Representante da Xunta
Sectorial de Leite-
Derivados Lácteos*

O sector lácteo reduce lixeiramente en 2024 a súa rendibilidade tras a caída do prezo medio e pese á baixada dos principais insumos. Os aumentos da produción compénsase coa redución de activos: seguimos a un ritmo superior dun peche de explotación por día. Ademais, no caso galego, o descenso de prezos do leite compensa cun destacado incremento de volume de produción de 70 millóns de litros en 2024, acadando unha produción de 3 071 millóns de toneladas producidas, o máximo histórico, que fai que a produción de España tamén se incremente.

Os pensos baixaron de prezos medios en relación co ano 2023 (lembramos que son o principal custo de produción). Porén, a enerxía e os combustibles xa tiveron un comportamento máis estable ao longo do ano. Mentres, outros custos (sementes, servizos gandeiros, fitosanitarios etc.) mantéñense elevados e incluso con leves incrementos en 2024. As estimacións indican que o prezo medio cobrado polo leite en 2024 superou en Galicia os 46 céntimos por litro, 7 menos que o ano anterior. Estes datos sitúan a produción do sector lácteo galego nuns ingresos brutos na contorna dos 1 400 millóns de euros, alcanzando o 56 % das granxas do Estado e o 41 % da produción de leite.

Non obstante, os prezos medios do leite de Galicia son inferiores, en varios céntimos, aos que se pagan en Asturias, Andalucía ou Euskadi. Isto debería facer reflexionar ao conxunto do sector (administracións, organizacións sindicais, operadores etc.) acerca da importancia de dispor dunhas cooperativas lácteas potentes en Galicia, pois comprobamos que as comunidades autónomas con cooperativas ben dimensionadas teñen uns prezos medios sensiblemente superiores á media de España e, por suposto, a Galicia.

En 2024, os gandeiros galegos gozaron de prezos medios superiores aos dos gandeiros da UE no primeiro semestre do ano, e inferiores no segundo semestre. Terminouse o ano, como moitos anos anteriores, recibindo prezos menores que os dos seus homólogos europeos. En definitiva, a mellora xenética dos rabaños de vacas de leite de Galicia pouco ten que envexar á dos países máis avanzados do mundo, e a produción media por vaca e ano segue incrementándose, grazas á eficiencia produtiva e á profesionalización xeral do sector.

Por último, cabe destacar que en 2024 se incrementaron as exportacións de leite e derivados, o que nos debe facer reflexionar sobre as oportunidades que supoñen os mercados internacionais: a escasa presenza nos procesos de comercialización e valorización do leite é un freo a superar.

Á marxe da actividade láctea puramente produtiva, as persoas gandeiras galegas reivíndicanse como conservadoras do medio en calidade de xestoras do territorio, polo que ben merecen os correspondentes apoios. A neutralidade de carbono que demanda a UE trae de cabeza ao sector, como comprobamos pola crecente demanda dos servizos técnicos de AGACA neste ámbito. Todo isto, inmersos en pleno cambio climático e con borrascas, como a do Kirk, xerando importantísimos danos na produción de millo, de xeito que á reducida colleita de baixa calidade do millo forraxeiro xúntase o desastre xerado no preto do 10 % da produción que non puido ser aproveitada. Únese tamén a presenza de novas enfermidades no sector (lingua azul, EHE...) que orixinan gran preocupación entre as profesionais e os profesionais do sector e obríganos a solicitar vacinas para blindar ás explotacións que non foron afectadas.

Reforma da PAC, normas comunitarias e sector lácteo galego

Dende AGACA fixemos un seguimento constante aos problemas xerados pola entrada en vigor da nova normativa e sumámonos ás manifestacións da primavera de toda Europa contra ela. AGACA manifestou o seu total apoio as protestas e criticamos duramente a incoherencia da normativa comunitaria, urxindo un diálogo ao máis alto nivel con representantes dos profesionais da agricultura e a gandería advertindo que sen actividade agrícola e gandeira non vai haber sostibilidade ambiental posible. O modelo actual do sector agrario e gandeiro lévanos a unha cadea sen valor e a un sector produtor sen rendibilidade. Estas protestas da primavera fixeron que a UE aceptara introducir pequenas melloras na PAC cara a reducir a burocracia e aliviar algo os requirimentos ambientais.

Finalmente, o 29 de decembro de 2022 publicáronse no BOE oito reais decretos que se suman á Lei que regula o sistema de xestión e aos de intervencións específicas para os sectores de froitas e hortalizas, vitivinicultura e apicultura xa aprobados, que garanten a aplicación e coordinación da nova PAC a partir do 1 de xaneiro de 2023. Seis, dos oito decretos, regulan cuestións ligadas á xestión das axudas: gobernanza, intervencións do plan estratéxico, requisitos comúns e solicitude única, axuda básica á renda para a sostibilidade, condicionalidade reforzada e condicionalidade social, xestión e control das intervencións e o Sistema de Información das Explotacións (SIEX). Os outros dous decretos, que non afectan ás axudas directas pero si á consecución dos obxectivos do plan estratéxico da PAC, regulan a nutrición sostible dos solos e o uso sostible dos produtos fitosanitarios.

Tras o segundo ano de aplicación da nova PAC podemos asegurar que ten numerosas eivas das que demandaremos constantemente unha axeitada corrección diante das autoridades competentes, en aspectos como:

- Que as persoas agricultoras e gandeiras de Galicia teñan máis facilidades de acceso á reserva e se garanta reserva suficiente para as novas incorporacións ao sector.
- Que en Galicia non se consideren ríos os numerosos e pequenos cursos de auga que ocupan o noso territorio cun ancho inferior aos cinco metros.
- Dado o carácter minifundista de Galicia, que o 4 % de elementos non produtivos esixidos se considere cumprido téndose en conta a superficie de lindes, sebes, balados, franxas, árbores etc. a nivel de toda a Comunidade Autónoma.
- Que, en relación co ecorrénse en terras de cultivo, a obriga de sementar ao menos un 10 % de especies mellorantes, non supoña a necesidade de incluír unha porcentaxe de leguminosas que, en todo caso, debería considerarse como un plus e xerar un complemento ao pago principal.
- Que, en relación co ecorrénse de espazos de biodiversidade, o 7 % de elementos non produtivos esixidos poida considerarse cumprido se se ten en conta a superficie de lindes, sebes, balados, árbores etc. a nivel de toda a Comunidade Autónoma.
- Que, dado que en Galicia, o uso de fondos de Intervención Sectorial de Viño para as medidas de colleita en verde ou destilación de crise ten un impacto moi reducido, se outorgue unha compensación a través dunha maior asignación de fondos para a reestruturación de viñedos e para investimentos en adegas, co obxectivo de que non queden proxectos viables sen asignación de subvención.

En relación coa aplicación da Condicionalidade Reforzada e do Pacto Verde Europeo no sector agrario e gandeiro, dende AGACA propoñemos unha serie de medidas de modificación dos Reais Decretos publicados:

- **RD Nutrición de Solos:**
 - Non hai suficientes aplicadores no mercado a prezos razoables.

- Hai fincas que deben quedar excluídas de aplicar a norma, por tamaño pequeno ou por falta de acceso viario para as novas máquinas.
- Non se pode obrigar a unha persoa gandeira sen remuda xeracional e sen tempo suficiente para amortizar o investimento en aplicadores.
- Hai sistemas (prato invertido, acidificantes...) que reducen o impacto ambiental e resultan máis económicos e prácticos.
- **RD Caderno dixital de explotación:**
 - Solicitamos que a Fenda Dixital dos profesionais da agricultura e a gandería de maior idade non supoña a súa expulsión do sector produtivo e poidan quedar excluídos desta obriga.
 - Considérase que a vixilancia é excesiva sobre o sector primario.
- **RD Ordenacións de explotacións de bovino:**
 - Eliminar a obriga dos patios de descanso por razóns climáticas, que finalmente foi eliminada a finais do ano 2024.
 - Eliminar a prohibición dos solos grella ou enreixados por razóns climáticas de alta humidade.
 - As cortes trabadas ou canadenses deben ser permitidas, pois hai miles dando servizos á gandería, especialmente nas pequenas ganderías de pastoreo.
- **RD Veterinario de Explotación:** facer máis aplicable e amigable implicando ás estruturas de servizo que xa están funcionando: ADS e cooperativas. A finais do ano 2024 foi declarado voluntario.
- **Regulamento de Deforestación:** debe facilitarse a maior comodidade no procedemento administrativo para cumprimentar coa Dilixencia Debida e máximas facilidades na súa entrada en vigor e implementación da norma.

En decembro de 2024 publicouse o RD 1307/2024 mediante o que se atenderon algunhas das solicitudes formuladas por AGACA: voluntariedade do plan sanitario integral, eliminación dun patio exterior a cambio de que os animais teñan confort térmico, mesmo número de cubículos que de animais e de prazas de alimentación, salvo que teñan comida a libre disposición, permítense as cercas eléctricas e os cercados virtuais, a identificación electrónica dos animais, elimínase a obrigatoriedade do veterinario de explotación.

Cártel Lácteo

Ao longo do exercicio 2022 AGACA fixo un seguimento ao proceso xurídico contra o chamado “Cártel Lácteo”. Dende AGACA mantivemos informadas ás cooperativas de todos os debates e avances xudiciais relacionados. Estes debates acadan unha grande importancia, xa que no ano 2024 comezaron a publicarse as correspondentes resolucións xudiciais deste contencioso, que poden implicar sancións e, moi especialmente, desaxustes no mercado de compra de leite en Galicia. Unha resolución do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (TXUE) abre a porta a que máis gandeiros/as afectados polo “Cártel Lácteo” poidan unirse a esta reclamación contra a industria láctea en caso de ser sancionada. Neste senso, fíxose público que as industrias Pascual, Danone, Lactalis e Ebro reservaron 60 millóns de euros para enfrontarse economicamente ao chamado Cártel Lácteo. En febreiro a Audiencia Nacional ratificou a existencia deste cártel tal como determinara a Comisión Nacional do Mercado e da Competencia (CNMC) que impuxo multas de 80,6 millóns de euros por manipulacións do mercado entre o ano 2000 e o 2013. Esta resolución foi recorrida ante o Tribunal Supremo. Neste proceso xurídico vemos como varias sentencias parciais dan a razón a compañías como Nestlé, Puleva ou Danone.

Propostas ao Observatorio Lácteo de Galicia

Dende AGACA achegamos propostas á redacción do Decreto que regula o Observatorio Lácteo de Galicia. A Consellería do Medio Rural, a través do Decreto 61/2007, do 22 de marzo, creou o Observatorio do Sector Lácteo de Galicia como órgano colexiado de asesoramento e consulta cos representantes do sector.

O tempo transcorrido dende que se creou e os cambios experimentados nestes anos na produción e na industria, así como na evolución do consumo e dos mercados do leite e dos produtos lácteos a nivel nacional e internacional, aconsellan adaptar o Observatorio do Sector Lácteo de Galicia á realidade actual.

Con este fin, o decreto cambia a composición do Observatorio para acoller dentro dos seus membros a todos os elos da cadea de valor do leite: produción, industria, distribución e consumo. Así mesmo, redefine as funcións da presidencia, secretaría e vogalías que o conforman. No ano 2024 non houbo ningunha reunión.

Presidencia de InLac de Daniel Ferreiro Otero



Daniel Ferreiro

Presidente da InLac e representante de AGACA no Consello do Sector Lácteo de Cooperativas Agro-alimentarias de España

Por segunda vez, un galego, en representación das cooperativas, presidirá durante dous anos a Interprofesional InLac. A finais de 2022 (decembro), Daniel Ferreiro, director xeral da cooperativa AIRA (a proposta das cooperativas lácteas de Galicia e en representación das cooperativas lácteas de todo o Estado), asumiu a presidencia da InLac durante os próximos dous anos, rematando esta presidencia en novembro de 2024. Ao longo do exercicio 2024, Daniel Ferreiro exerceu a presidencia nas reunións institucionais e orgánicas garantindo unha actividade relevante segundo a memoria da entidade.

Na InLac están presentes os representantes da produción, da industria e das cooperativas lácteas do Estado. Daniel Ferreiro, fillo de gandeiros, e con ampla experiencia no eido cooperativo e do asociacionismo, xunto coa presidenta da Fundación Española da Nutrición, Rosaura Leis, presentaron o 20 de novembro o libro “*Libro Blanco de los Lácteos*”, un documento moi importante no ámbito da nutrición e divulgación científica ao ofrecer un compendio exhaustivo e actualizado sobre os lácteos e o seu papel fundamental na alimentación e a saúde en formato DAFO. Agárdase que este documento se converta nun referente na materia e sirva de ferramenta útil e valiosa para os profesionais da saúde, responsables políticos, consumidores e operadores. Espérase que sexa unha ferramenta importante para desmontar *bulos* sobre alimentación: “*La leche no produce mocos ni causa infecciones de garganta. Ni es responsable de cáncer de próstata o de mama*”. Renovada a Xunta Directiva de INLAC, o técnico de gandería e cooperativismo de AGACA, Carlos Ares, foi nomeado Secretario de INLAC para o próximo período de mandato da Interprofesional.

Solicitamos a INLAC a súa mediación coa finalidade de avaliar o referencial de benestar animal Welfare Quality e a súa incidencia nas granxas con vacas trabadas, xa que moitas granxas de estabulación trabada recibiron avisos para suspender a recollida de leite ao non acadar suficiente puntuación neste referencial, podendo chegar ata 500 explotacións afectadas. Debemos resaltar que moitas destas granxas solicitaron asociarse ás cooperativas lácteas por ser un refuxio seguro que lles permite seguir sendo profesionais do sector.

LIGAL

No ano 2024 foron tratados numerosos temas relacionados coa calidade do leite de vaca producido en Galicia. Neste senso, destacan os traballos relacionados coas actuacións para a posta en marcha do novo bote para mostras instrumentais, que deberán ser con peche hermético e de un só uso ou reutilizables tras unha limpeza e desinfección adecuadas, e, ao mesmo tempo, os recipientes deben asegurar que non se abiron desde a toma da mostra ata a chegada ao laboratorio.

Por outra banda xurdiron problemas relacionados coa “crioscopía do leite” no verán e as penalizacións que aplicaron certas industrias lácteas. Dende AGACA manifestamos que a cuestión da crioscopía está nas penalizacións dos contratos da industria láctea, xa que as analíticas do LIGAL son totalmente fiables.



José Ramón Ratón

*Representante de
AGACA no LIGAL. Ocupa
o cargo de Presidente.*

En xuño do ano 2024 procedeuse á elección de cargos da Xunta Directiva para o período 2024-2026, resultando elixidos por quenda rotatoria, os seguintes cargos:

- Presidente: José Ramón Ratón Varela. AGACA.
- Vicepresidente: FeNIL.
- Secretario: FeNIL.
- Tesoureiro: SLG – Comisións Labregas.
- Vogais: FeNIL, UNIONS AGRARIAS DE GALICIA e FeNIL

Os principais temas tratados, ademais dos relativos aos normais do eido económico e de xestión ordinaria, foron os anteriormente comentados.

Asuntos de interese lácteo

As cooperativas no sector lácteos



CLUN, rexistrou a mellor facturación da súa historia, con 267 millóns de euros e cerca de oito millóns de euros de EBITDA, o que supón un forte crecemento con relación ao exercicio anterior, e reivindica que deben

ser as cooperativas as que lideren o futuro do sector lácteo galego polo respecto que estas empresas demostran todos os anos ao sector. A estratexia de Clun céntrase na anticipación, na innovación e na fiabilidade coa finalidade de que a cooperativa, o sector e o cliente saian gañando ante outras industrias que buscan máis beneficios a costa de que o traballo rural valga menos.

AIRA e GARCÍA BAQUERO. A cooperativa AIRA aliouse coa queixeira manchega García Vaquero para impulsar a fabricación de queixos en Galicia. Ambas as empresas colaborarán mediante unha alianza estratéxica para producir queixos en Galicia: unirán a experiencia e o coñecemento na cadea de subministración de Aira, coa capacidade comercial e produtiva de García Vaquero, comprometéndose a promover conxuntamente a elaboración, o desenvolvemento, a innovación e a internacionalización de queixos galegos.



LEMOS-COREBER-CELEGA. A cooperativa gandeira LEMOS cambiou radicalmente o destino do río Pesqueiras, acadando en 2024 certificados medioambientais e a reutilización do 90 % dos seus residuos da fábrica. CELEGA, a fábrica de queixos e centro loxístico

de O Saviñao, que é a oitava empresa da provincia de Lugo, foi adquirida en 2017 por LEMOS e COREBER, e tiña un serio problema de contaminación ambiental. A súa depuradora non era

capaz de tratar todas as augas residuais que xeraba a súa actividade. Sete anos despois a queixería acadou todos os certificados, e proxecta a construción dunha planta de biogás. LEMOS é unha cooperativa comprometida co territorio no que se asenta e CELEGA tamén tiña que selo.

Finalmente, a marca branca, ou marca de distribución (MDD), incrementouse fortemente nos lineais e na cesta de compra do pasado ano na alimentación e no sector lácteo, e expulsou a 3666 referencias de fabricante entre 2018 e 2023. A aposta das cadeas de distribución de supermercados pola súa marca propia reduciu un 23 % as referencias de fabricante nos lineais. Os consumidores parece que desprezan a marca de fabricante para loitar contra a inflación.

Representación institucional de AGACA neste sector

Dende 2022, a representación da Unión de Cooperativas AGACA no Consello Sectorial Lácteo de Cooperativas Agro-alimentarias de España foi desenvolvida por D. Daniel Ferreiro Otero, director xeral de AIRA. Ao longo de 2024, abordáronse neste foro prioritariamente os seguintes asuntos de interese das cooperativas galegas:

- Debate sobre a pegada de carbono no sector lácteo.
- Etiquetado en Orixe. A súa entrada en vigor permitirá aos consumidores elixir produtos que xeren valor nos nosos pobos e eviten o abandono.
- Estratexias de promoción da comercialización do leite e derivados, especialmente do queixo.

Enfermidades do bovino en 2024

En 2024, dúas enfermidades expandíronse con forza na nosa comunidade: a lingua azul e a enfermidade hemorráxica epizoótica (EHE). No caso da lingua azul xa estaba establecida unha estratexia de loita dende hai varios anos no ámbito estatal, pero no caso da EHE atopámonos diante dunha nova e descoñecida enfermidade (en España) sen unha estratexia clara de loita contra ela.

En relación coa EHE, dende AGACA transmitimos ás autoridades as nosas incertezas acerca dos datos de morbilidade e mortalidade, así como a preocupación por manter os mercados de exportación tradicionais. O Ministerio informounos de que:

- Estaban facendo un seguimento en colaboración coas Comunidades Autónomas, monitoreando explotacións representativas de diferentes sistemas de produción.
- A Consellería está recompilando información do resto de explotacións afectadas.
- Realízase un seguimento dos datos do SITRAN.
- Realízase un estudo serolóxico para obter información sobre as explotacións afectadas co fin de prever o comportamento da EHE na próxima temporada.

Existiu unha moi baixa comunicación de casos e descoñécese o número de explotacións afectadas. É moi importante que se comunique a aparición de casos. Nas próximas campañas coñeceremos o estado sanitario real en relación con esta enfermidade.

Varios

Celebráronse dúas xornadas. Unha foi centrada en temas estratéxicos: BENESTAR ANIMAL NO TRANSPORTE (o regulamento de benestar animal en vacún de leite: a futura xestión de mamóns e outros transportes no vacún maior); SENTENCIA CÁRTEL LÁCTEO (implicacións directas e indirectas nas cooperativas lácteas. Aclaracións e elaboración de conclusións); NOVAS ENFERMIDADES (estratexia de loita contra as novas enfermidades bovinas: EHE, lingua azul...); CONTRATOS LÁCTEOS (poden axudar a evitar a tendencia á baixada de prezos no próximo período de negociación de renovación?, grandes tendencias, situación actual e perspectivas dos

prezos do leite a medio prazo); MAN DE OBRA (programas para o acceso a man de obra nas actividades agrarias: experiencia CLUN).

A outra xornada estivo centrada na produción de leite ecolóxica e tratáronse os seguintes temas: PRODUCCIÓN DE LEITE ECOLÓXICA (cualificación da explotación e tendencias de mercado; A gandería ecolóxica e a conservación ambiental e da biodiversidade); GRANXA CODESAL: unha longa experiencia de premios en produción de leite ecolóxico; O ACCESO AOS PENSOS ECOLÓXICOS: mercado; A VALORIZACIÓN DO LEITE ECOLÓXICO EN COBIDEZA: situación e tendencias; A CERNADA: o salto da produción de leite á comercialización; CASA GRANDE DE XANCEDA: o segredo do éxito en leite ecolóxico; O CONSUMO DE LEITE ECOLÓXICO EN ESPAÑA.

Abordáronse outros aspectos:

- Dende AGACA seguiu-se prestando asesoramento e apoio ás cooperativas para o cumprimento dos requirimentos da Lei da Cadea e os Acordos Cooperativos.
- Fíxose un seguimento á problemática relacionada co chamado “Cártel Lácteo”.
- Comentáronse os aspectos relacionados coa compostaxe das dexeccións gandeiras en granxa e informouse acerca deles.
- Prestouse atención ás fichas de ordenación de explotación de bovino publicadas polo Ministerio de Agricultura, revisando o seu contido, así como a todo o relacionado co RD de Ordenación do sector Bovino.
- A decisión da Comisión Europea de elevar os aranceis á importación de coches eléctricos chineses xerou a apertura dunha investigación polas axudas da Comisión Europea ás granxas e industrias lácteas, xa que estima que poden vulnerar as normas de libre comercio.
- Mensualmente enviouse un informe sobre a evolución da produción en Galicia e España, así como a tendencia dos mercados dos derivados lácteos.
- Colaborouse coa presentación do proxecto PERTE Lácteo e na súa execución.
- Reforma da PAC. Estado dos traballos e estratexias a seguir polas cooperativas e xestións feitas. Incremento das axudas directas en 26 M € (12 M € a Galicia), pero con efectos negativos dos ecorrémios.
- Evolución das variacións dos custos de produción no sector.
- Participouse en todas as reunións convocadas pola Administración, trasladando as opinións das cooperativas.
- Participouse en asembleas de cooperativas e de profesionais da gandería informando sobre os temas que inciden no sector.
- Púxose a disposición das cooperativas o Referencial de Leite de Vaca Certificado de Cooperativa como esquema de certificación de calidade recoñecido pola autoridade competente a efectos do artigo 81 do RD 202/2012.
- Asesorouse tecnicamente ás cooperativas na certificación do “Leite de pastoreo” e na certificación do “Benestar animal”, na calidade do leite e no seu transporte en cisternas.
- Achegáronse diferentes modelos de escritos para que as cooperativas puidesen cumprir coas diferentes normativas sectoriais.



Gandería Intensiva: aves, ovos, porcino e coellos



José Luis Rey

*Representante da Xunta
Sectorial de Gandería
Intensiva: avicultura,
porcino e coellos*

A Gandería Intensiva é altamente produtora e abastecedora de carne nos mercados a prezos populares. Consideramos gandería intensiva a daqueles animais que non precisan de extensión de terras lindeiras á explotación para desenvolveren a súa actividade. Neste senso, as producións de porcos, polos, pavos, ovos e coellos son consideradas gandería intensiva, se ben a tendencia é a que as explotacións contén con espazos suficientes para que os animais teñan un pleno benestar, cumprindo con todas as normas establecidas e os máis altos estándares de calidade. Esta gandería ten unha grande importancia en España e tamén en Galicia, especialmente cando falamos da avicultura de carne e da cunicultura, producións relativamente importantes.

A carne é crucial para a saúde humana. Os informes científicos propoñen evitar os extremismos. Case 1000 académicos de universidades punteiras de todo o mundo asinan unha iniciativa defendendo que a cría de gando non debería ser "víctima do extremismo". Avisan de que a carne é un elemento importante na dieta saudable e solicitan moderación no intre de animar aos cidadáns a aventurarse en dietas vexetarianas. Na revista académica *Animal Frontiers*, como parte dunha colaboración entre sociedades profesionais de ciencias animais, publicouse un informe no que se avalía a idea, moi difundida na actualidade, de que comer carne aumenta o risco de enfermidades e é prexudicial para o planeta, porén, os profesionais da investigación consideran que é difícil substituír o contido nutricional da carne. As persoas con baixos recursos económicos, cunha baixa dieta de carne, sofren unha serie de enfermidades por deficiencias de nutrientes como o crecemento atrofiado e a anemia.

Os profesionais da investigación en *Animal Frontiers* sosteñen que a carne non procesada é responsable de proporcionar vitaminas B12, ácidos graxos Omega-3 e minerais, así como ferro, zinc e retinol. Suxiren que o vínculo entre a carne vermella e as enfermidades redúcese case por completo cando se complementa cunha dieta variada e saudable.

Ao longo de 2024, os altos custos de produción do anos anteriores tenderon a baixar, especialmente a alimentación do gando que tendeu claramente a moderarse. A curto e medio prazo xerou escaseza na oferta de animais e altos prezos de materia prima cárnica, sobre todo en porcino e vacún. No caso do porcino comezou a moderarse en 2024 pero, no caso do vacún, rematou o ano 2024 en máximos históricos e con crecementos a inicios do 2025. Galicia é a terceira comunidade autónoma no sacrificio de vacún de carne, despois de Cataluña e Castela e León. O 2024 tamén foi un bo ano nas producións de carne de ave, que viron reducirse os prezos da alimentación mentres que as carnes mantivéronse en prezos elevados.

Tanto no ovino e no cabrún coma no porcino e no poldro realízase un escaso sacrificio en Galicia. A pesar dese feito, Galicia ten un importante peso na produción de gandería intensiva ou sen terra, con cooperativas líderes a nivel nacional no seu segmento de actividade.

No caso concreto de Alemaña, como consecuencia dos altos custos e da rendibilidade, o sector acumula xa varios anos de peche de explotacións. Aquí inflúen outros factores, como a presión política e social dos "verdes", as incertezas derivadas da guerra en Ucraína e os efectos da peste porcina africana. O sector cárnico español estaba conformado, en 2022, por 2800 empresas que xeraban 109 330 empregos directos (a maioría deles no rural), con 31 000 millóns de euros de facturación e 9986 millóns en exportacións (9,6 % máis que no ano anterior), con balanza comercial do sector, en positivo, do 606 % e exportando case tres veces máis que o aceite de oliva e case catro veces máis que o viño.

Os temas medioambientais están de moda e xorden propostas de todo tipo e para todos os gustos dende a totalidade das administracións. Aproveitamos para suxerirllas que resultará difícil producir se non se logra moderar o éxtase normativo e interventor sobre a produción na gandería.

As previsións para a gandería intensiva a nivel da UE (2013/2023), principalmente en porcino, indicaban que o mercado se sostería por unha forte demanda mundial. En Europa, agardábase un incremento do consumo de carne e prezos firmes no medio prazo e un efecto rebote da produción tras a adaptación á normativa de benestar das porcas. Non obstante, a realidade reflicte unha lixeira tendencia á baixada do consumo na UE por razóns relixiosas (maior presenza de musulmáns na UE).

No 2024, continuaron os controis da temperatura en viaxes de animais vivos por estrada durante o verán, que afectou aos desprazamentos de máis de oito horas de équidos e animais domésticos das especies bovina, ovina, caprina e porcina. O obxectivo foi asegurar que nos sistemas de ventilación dos vehículos sempre se manteña un intervalo de temperatura de 5° C a 30° C.

A todos os sectores afecta tamén a aprobación de regulamento da UE de Deforestación, onde a carga inicial do proceso será para os profesionais da gandería que poñan no mercado a súa produción. Se o gando foi alimentado con pensos que conteñan soia ou aceite de palma terán un dobre proceso de análise/trazabilidade. O sector está moi preocupado, xa que os rexistros para a “diligencia debida” están sen crear e a norma entrará en funcionamento o 1 de xaneiro de 2026. O sector sospeita que, novamente, a UE publicará tarde mal e arrastro os requirimentos burocráticos a implantar no sector. Nin que dicir ten, a totalidade do sector móstrase conforme en evitar a deforestación de selvas tropicais, pero preocupa a excesiva burocratización dos controis.

O sector avícola de carne de Galicia



A produción de carne de aves en España aumentou tamén preto dun 4,9 % a agosto de 2024 sobre o ano anterior. A agosto de 2024 reducíanse os prezos nun 4,6 %, pero estes medraban nos últimos cinco anos un 21 %. Cataluña lidera o ránking, seguida de Andalucía, pero COREN é unha empresa con gran peso estatal, con preto do 8 % do mercado deste tipo de carne.

Segundo a Estratexia de Dinamización do Sector Cárnico Galego, o número de explotacións de aves de curral para a produción de carne elévase a 1075 en Galicia, segundo o censo de 2020. Observamos que as 825 granxas de 2016 pasaron a 912 en 2021. Os animais destas explotacións son de distintas especies, sobre todo polos, pero tamén hai pavos e poñedoras de ovos. En 2020, Ourense produciu 134,87 mil toneladas; Lugo, 44,66 t; Pontevedra, 31,08 t e A Coruña, 12,94 t. Só seis concellos teñen máis de 25 explotacións avícolas entre os que destacan Friol, Sarreaus e Xinzo de Limia.

A produción de carne concéntrase en Galicia nas explotacións con capacidade por encima dos 25 000 exemplares, que representan o 33,48 % das explotacións e producen o 70 % da carne. Mátanse sobre 98 millóns de animais e prodúcense 223 524 toneladas de carne, sendo de 23 128 prazas a explotación media de Galicia.

As explotacións avícolas quedaron enmarcadas na Directiva de Emisións Industriais, considerando afectadas as explotacións de máis de 280 UGM/300 UGM, sobre 40 000 polos de engorde e 21 400 galiñas poñedoras. Case todas as explotacións están acollidas a esta nova directiva que deberán cumprir con efectos altamente restritivos para o seu funcionamento. Esta directiva xera unha enorme preocupación nos sectores afectados ao igualar os tratamentos

administrativos das granxas a unha industria altamente contaminante. As organizacións sectoriais pactaron unha extensa carta do sector gandeiro dirixida ao Ministerio de Transición Ecolóxica e ao Ministerio de Agricultura trasladando a preocupación do sector por esta normativa, xa que o sector de avicultura de posta estaría afectado no 97 % das granxas e o sector de avicultura de carne, no 98 %.

En relación co benestar animal en granxa, no caso de aplicarse a normativa proposta, estímase que se reducirán en máis do 70 % o número de animais por granxa, e a implementación da norma



requerirá altos investimentos por parte de gandeiros e gandeiras. Por exemplo, estímase que nunha granxa de galiñas poñedoras serán necesarios 40 000 € para manter a capacidade produtiva. No suposto dunha granxa de polos reduciríanse a un terzo a capacidade produtiva e os ingresos das persoas produtoras, supoñendo un incremento desmesurado do prezo da carne. Así, para manter a produción, deberían investir en torno a un millón de euros.

O benestar animal e todas as normativas que inciden nel estiveron en revisión ao longo do ano 2023, especialmente as referidas aos controis oficiais. Do mesmo xeito, tamén foi obxecto de reflexións e achegas as lexisladoras e lexisladores o Real Decreto onde se establece o Marco de actuación para conseguir un uso sostible de antibióticos. Todo isto, sen esquecer as obrigas diarias de facer un seguimento da chamada “gripe aviar”, altamente contaxiosa, e da revisión dos plans de control contra a salmonela. Porén, os sectores madrugan a diario con novas propostas lexislativas con efectos económicos, como é o caso da proposta da Comisión Europea da eliminación progresiva en toda a UE da matanza de poliños machos, que será concretada nos vindeiros anos.

O consumo de ovos nos fogares seguiu medrando en relación coa situación previa á pandemia. Os ovos son un dos alimentos de maior incremento no consumo e teñen unha tendencia sólida de crecemento. A pesar da volatilidade, o mercado dos ovos segue medrando en termos de valor nos últimos anos, xa que os consumidores e consumidoras o consideran un alimento de gran diversidade de bondades e versatilidade, destacando os seus beneficios nutricionais. Finalmente, en relación coa



avicultora de posta, aprobouse a mención obrigatoria, no marcado dos envases de ovos frescos, do sistema de cría das galiñas poñedoras, indicando que os sistemas de cría convencional serán unicamente: “Ovos de galiñas campeiras”, “Ovos de galiñas criadas no chan” e “Ovos de galiñas criadas en gaiolas”. As normas de comercialización de ovos de posta pasan a estar regulados polo Real Decreto 1027/2024, a principal novidade normativa de 2024. A “norma de comercialización de ovos”, que recolle as novas normas de ovos, establece un proceso diferente no caso de que os ovos non se marquen nas explotacións, esixindo un sistema de “certificación”.

Coa chegada do descenso de temperaturas en Europa increméntase o risco asociado á circulación e diseminación do virus da influenza aviar de alta Patoxenicidade (IAAP) na fauna silvestre, como consecuencia das concentracións de aves e as migracións que suceden nesta época do ano. En 2024, a presenza de circulación do virus en España foi moi limitada, detectándose dende o 1 de xullo de 2024 un número elevado de casos en aves silvestres na Comunidade Autónoma de Galicia, sen que tivese detectado ningún caso en aves de curral, polo que o noso país mantense libre de IAAP.

Por outra banda, o Ministerio de Agricultura publicou os tradicionais informes trimestrais de indicadores do sector da avicultura de carne; esta tardou meses en recuperar prezos nos mercados despois de soportar importantes incrementos dende principios do ano 2022. Así, entre

principios de ano e setembro de 2022, os prezos aumentaron ata un 33 %, pero despois de reducírense levemente os sacrificios e o peso dos polos sacrificados. De feito, os prezos comezaron a subir fortemente unha vez comezaron as vagas de calor abafante do verán de 2022. Con todo, os prezos do ano 2023 e 2024 foron globalmente aceptables para o conxunto do sector, coas típicas variacións constantes de prezos.

O consumo de carne de ave segue tendencias negativas, pero con variacións, excepto os aumentos de consumo no fogar do ano 2020. Non obstante, trátase da carne refuxio: cando as persoas consumidoras perden poder adquisitivo, ou o resto das carnes coas que compiten (porco e vacún) soben, o consumidor retorna. Polo tanto, é un sector moi sensible aos prezos do resto das carnes.

Aumentaron as exportacións e os prezos dos pensos de alimentación víronse reducidos no 2023 e no 2024. Esta situación de prezos da carne e de custos permite ao sector obter marxes de rendibilidade positivas en 2023 e en 2024.

Dende 2022, Vall Companys lidera o mercado avícola en España cunha cota estimada do 15 %. Tras a compra do terceiro produtor de polos de España (Grupo Sada), esta empresa pasará a controlar un 26 %. En segundo lugar sitúase Uvesa, cunha porción de mercado do 12 %.

Durante todo 2022 estívoase formando a técnicos e técnicas, persoas produtoras e funcionarios e funcionarias na normativa de ordenación de porcino e avícola. Neste senso, no sector da carne de coello, as preocupacións centráronse nas necesidades máis prioritarias: aumentar o consumo, adaptación á futura normativa de benestar animal e aloxamentos, enfermidades (enteropatía, E. coli, mixomatose etc.), redución de uso de antibióticos con mínimas perdas económicas e apoio ao sector ante os retos de sostibilidade.

Como se detalla no novo Plan Nacional fronte á Resistencia aos Antibacterianos (PRAN) 2022-2024, existe un problema de alternativas terapéuticas, particularmente naquelas especies consideradas menores. Isto ten un impacto directo na aparición e desenvolvemento de resistencias debido, por un lado, á falta de dispoñibilidade de alternativas ao uso de antimicrobianos (AM) destinadas á prevención, como é o caso das vacinas, e, por outro, ao reducido número de medicamentos veterinarios (MV) dispoñibles que conteñan antimicrobianos nas citadas especies, o que supón que se usen sempre as mesmas moléculas, co conseguinte risco de xerar resistencias.

A carne de aves padece unha estabilización con lixeira redución do consumo logo de varios anos de crecemento constante. Pese a todo, a produción segue alta, xa que o 75 % se destina aos mercados nacionais. Galicia produce arredor do 12 % de España, despois de Cataluña, Andalucía e Valencia, sendo a cooperativa COREN un dos grandes grupos do Estado, ao ter unha cota de preto do 8 % do mercado e representando máis do 50 % da produción de Galicia.

O sector cunícola de Galicia

Segundo a Estratexia de Dinamización do Sector Cárnico de Galicia, hai un total de 179 explotacións de coello destinadas a carne. A produción está concentrada en poucos concellos, como os de Abegondo, Ponteceso, Boiro, Chantada, Monfero e Guitiriz. Prodúcese máis de oito millóns de coellos para carne e 11 805 toneladas de carne cun peso medio de 1,5 kg/res. As explotacións teñen de media 3461 prazas. A produción de carne de coello concéntrase nas explotacións máis grandes, que representan o 25 % do censo e acollen ao 62 % dos animais.



En coello sacrificáronse 56 782 toneladas en España. Galicia foi a terceira comunidade autónoma produtora, probablemente polo forte liderado da cooperativa Cogal, un dos maiores grupos de produción de carne de coello da Península Ibérica.

O reto do benestar animal na produción de carne de coello é enorme, e aquí o sector debe empregarse en profundidade.

As granxas produtoras de coellos atravesaron, en anos pasados, unha longa crise con efectos preocupantes para a súa supervivencia. A viabilidade das granxas vese duramente ameazada polo descenso do consumo e os movementos sociais veganos e animalistas que, xunto coa Gran Distribución, ameazan seriamente esta produción gandeira. A produción de coellos deberá afrontar non só os movementos sociais en contra do consumo desta carne tan saudable, senón tamén o propio modelo e sistema de produción, que segue estando baixo constantes críticas, especialmente nos países nórdicos, onde o coello é considerado un animal de compañía.

Por outra banda, Galicia dispón de condicións inmejorables para a produción de carne de coello. Por iso, máis do 80 % da súa produción debe ser comercializada fóra da nosa Comunidade Autónoma. Ademais, as cooperativas Cogal e Coren comercializan e transforman máis do 60 % dos coellos criados e cebados na Comunidade.

Ante as reiteradas e constantes crises do sector cunícola, o Ministerio de Agricultura dá facilidades para a posta en marcha de Organizacións de Produtores (OP) neste sector mediante un Real Decreto publicado no BOE. As OPs teñen como misión concentrar a oferta e facilitar a contratación aínda que, no sector lácteo, primeiro sector onde están presentes, non lograron o obxectivo de ser eficientes na defensa dos intereses dos gandeiros.

Por outra banda, a extensión de norma e achega económica obrigatoria solicitada pola Organización Interprofesional para impulsar o sector Cunícola (Intercun) —para promocionar o consumo da carne de coello, velar pola estabilidade sectorial e a transparencia de mercado, mellorar a imaxe e visibilidade de Intercun e mellorar a situación do sector durante varias campañas— axudan a mellorar as condicións xerais do sector e defender a viabilidade das explotacións, tan importantes en Galicia.

Ao sector cunícola informóuselle de que a UE tiña intención de presentar en 2023 propostas de catro regulamentos antes de finalizar o ano: benestar animal en granxa, benestar no transporte, protección no momento da matanza e etiquetado de benestar. Non obstante, algunhas propostas normativas foron adiadas ante o seu brutal impacto económico e a escasa realidade produtiva das propostas. En relación co benestar en granxa, fala de currais elevados en lugar de gaiolas, con 10 anos de transición. Para as femias reprodutoras concederíanse 15 anos de transición ata atopar unha situación dos currais elevados, aspecto que segue considerándose non asumible. Deberase tamén incrementar o espazo por coello a 32 kg/m², a lograr 10 anos. Dende o sector solicítase separar os animais dos seus excrementos, máis carga e ampliar os anos de transición. Finalmente, o regulamento do benestar en granxa quedou aprazado. Con relación ao benestar en transporte (segue a súa tramitación), reduce case á metade a posibilidade de carga, o que practicamente duplicará as emisións de CO₂. Respecto do benestar na matanza, pretenden regular a prohibición do uso de CO₂ en alta concentración para proceder ao atordamento dos coellos, así como a vídeo vixilancia nos matadoiros.

Neste sector máis do 95 % da produción faise en gaiolas, polo que a prohibición do seu uso na produción de coellos para carne terá unha extraordinaria repercusión en toda a estrutura produtiva sectorial e no equilibrio da cadea alimentaria do sector. De aprobarse esta normativa, a perda de produción achégase á metade en cada granxa. A prohibición das gaiolas, xunto coa revisión das normas de benestar animal, vai ter un impacto non só na produción de carne relacionada coa gandería (granxas, matadoiros, fábricas de penso, servizos veterinarios etc.),

senón tamén nas empresas locais relacionadas. Para garantir os sectores deben terse en conta os tres piares da agricultura sostible (económico, medioambiental e social), para evitar que a produción desapareza ou se traslade a terceiros países con normas menos esixentes en benestar animal.

No sector considérase que as propostas de benestar animal van afectar de xeito moi negativo, e a adaptación á nova realidade pon claramente en perigo a posibilidade de realizar baleirado sanitario. Todo isto, nunha proposta na que non se contemplan axudas económicas e que pon en perigo o conxunto do sector. No sector estímase que a entrada das medidas de benestar animal reducirá a produción case a metade de quilos por explotación (entre o 40 % e o 45 %).

O pasado ano publicouse o RD 1307/2024, de 23 de decembro, polo que se modifica o RD 787/2023, e polo que se elimina o Plan Sanitario Integral e establécese como voluntario contar cunha persoa veterinaria de explotación. Mantéñense as visitas zoosanitarias (terá que as realizar un profesional veterinario) e elimínase a obriga de dispoñer dun Plan de Benestar Animal, salvo que así o estableza o persoal veterinario. Modifícase o RD 992/2022 sobre o uso sostible de antibióticos: elévase o tamaño das granxas afectadas; considérase dentro da normalidade aquilo que supera un 10 % o índice de referencia (actualmente 5 %) e elimínase o control dos antibióticos da categoría B.

O sector porcino de Galicia

O porcino foi un sector capaz de superar os problemas de baixos prezos dende 2014, aumentando a oferta cara a mercados exteriores como saída. Sen axudas da PAC ou outros apoios complementarios das administracións, asumiu o custo da aplicación das medidas para o benestar animal ou para a transformación, así como unha estabilización dos prezos das materias primas de alimentación. O sector español de porcino, polo forte incremento da produción rexistrado na última década, pola súa capacidade para superar a crise e, basicamente, pola súa eficiencia produtiva para ter unha posición competitiva en todos os mercados mundiais en competencia cos grandes produtores históricos, converteuse nunha das actividades de referencia no sector agrario e líder indiscutible na exportación agroalimentaria.

O porcino funciona cun modelo de produción intensivo onde aproximadamente máis dun 63 % do sector opera baixo o sistema de integración, un 17 % en cooperativas e un 20 % como gandeiros/as individuais e independentes. A finais do 2015, o porcino estaba inmerso nunha grave crise de prezos con cotizacións medias por debaixo do euro/quilo, o que supoñía non cubrir os custos de produción. Cara a finais do 2016, os prezos medios consolidábanse no contorno dos 1,13 euros/quilo para un



produto de calidade con gran demanda no exterior, aínda que os prezos empeoraron a finais do 2017 e ao longo de todo 2018; porén, a presenza da PPA, que afectou ás grandes producións chinesas, fixo disparar a produción e os prezos no mercado da UE: un 36 % superiores aos do exercicio anterior. No 2020, a Covid-19 e a presenza de PPA en Alemaña provocaron un forte retroceso de prezos. España convértese no terceiro provedor de carne e derivados no mercado chinés, soamente por detrás de Estados Unidos e Alemaña. Galicia só produce o 4,5 % da produción de porcino en España, e nesta produción teñen un peso importante a cooperativa COREN e outras pequenas cooperativas. Isto pon de manifesto que é un sector eficiente, dende o sistema de produción nas explotacións ata as estratexias dos grupos agroindustriais de transformación.

China foi cedendo peso no destino das exportacións provocado polo incremento destas aos países da UE afectados pola PPA, o que axudou a manter uns prezos que superaron as

previsións máis optimistas a finais de 2022. Con todo, non só China, senón tamén os países americanos parecen ao alcance dun sector baseado en grandes explotacións intensivas con modelos de integración vertical e presenza cooperativa onde predomina a eficiencia produtiva.

A carne de porco en España tiña unha tendencia a crecer: segundo datos de 2017 acadou máis de 4,18 M toneladas e sacrificáronse un total de 49,65 millóns de porcos. Segundo se publica no informe *El sector de la carne de cerdo en cifras*, elaborado pola Subdirección Xeral de Producións Gandeiras e Cinexéticas, pechouse o ano 2022 con 55,6 millóns de porcos sacrificados. Onde máis se sacrificaron foi en Cataluña, Castela e León e Aragón. No entanto, a tendencia actual é a estabilizarse con posibilidade de descender, tal como sucede noutros países da Unión Europea (UE). Na UE veñen arrastrando un descenso da súa produción dende 2020, que culminou cunha caída do 6 % en 2022. Algúns dos países produtores da UE, como Alemaña e Polonia (-10 %), Italia (-7,2 %), Dinamarca (-7 %) e Holanda (-2 %) sufriron perdas de produción significativas.

En España, a caída de produción foi menos significativa en volume (-1 % en 2022) que no resto dos países europeos, pero, todo apunta a un cambio de tendencia, ao tratarse do primeiro descenso destas producións en dez anos.

Esta situación vén orixinada pola escalada dos custos de produción, as incertezas na evolución dos mercados e a crecente presión regulamentaria, que acosa e dificulta a apertura e ampliación das explotacións, sen esquecer as normas de sostibilidade e benestar animal en xestación.

O sector de porcino en Galicia está conformado por 2 593 granxas de porco (458 en A Coruña; 1 267 en Lugo; 364 en Ourense e 504 en Pontevedra) e unha produción total de 91 602 toneladas (4 000 toneladas menos que de carne de vacún), segundo datos do ano 2020 da Consellería do Medio Rural. O peso medio por res foi de 90,6 kg/res e o 65 % foi para transformación industrial, cunha media de 592 prazas por explotación. No caso de Galicia, a produción de porcino tamén ten unha relevancia social e ambiental, xa que axuda a manter poboación no territorio e en comarcas deprimidas.

O concello con máis porcos censados en decembro de 2020 foi Rodeiro con 104 261, despois Silleda con 98 776. Tamén destacan A Limia, as comarcas de Chantada e Sarria en Lugo, xunto con Melide e Abegondo na Coruña. As explotacións veñen aumentando dende xaneiro de 2016. Segundo a Estratexia de Dinamización do sector cárnico, en Galicia, nos últimos anos, gañan peso a produción porcina e avícola, mentres decae a de ovino, que se reduce á metade.

En 2023, a UE decidiu incluír ao porcino na Directiva de Emisións Industriais, a partir das granxas de 300 UGM, 1 170 prazas para cebadeiros e 700 prazas para porcas. No caso das explotacións mixtas, ata 380 UGM.

En relación coas propostas de Benestar en Granxa (que entran en vigor o 8 de marzo de 2025), restaría case que 200 000 porcos ás granxas galegas, dos case 1,3 millóns de animais actuais: un 15 % menos de capacidade (entre un 8 % -12 % de redución das prazas dispoñibles). O sector, de xeito unánime, critica o baile de cambios normativos en tan pouco tempo, o que dificulta en exceso a amortización dos investimentos. Estímase que esta normativa de benestar animal xera unhas perdas de 2 € a 2,5 € por animal. Ampliar as granxas implica trámites, investimento, trabas burocráticas... O sector demanda un marco normativo estable. Por outra banda, transformar unha granxa de 1 200 porcas (onde agora están 16 deben albergarse 12), supón un investimento estimado en máis de medio millón de euros por granxa de nais.

Publicouse o RD 1307/2024, de 23 de decembro, polo que se modifica o RD 787/2023, e que implica modificacións, como a eliminación da obriga de dispoñer do Plan Sanitario Integral, que pasa a ser voluntario, do mesmo xeito que o veterinario de explotación. Tamén se establece unha trazabilidade na identificación e rexistro dos animais.

No ano 2024, China puxo en marcha medidas *antidumping* no sector porcino. Por iso, as grandes cooperativas foron obxecto de investigación (xa que exportaron a China en 2023) xerándose un complexo sistema de presentación de información ás autoridades chinesas en prazos curtos de tempo. Este sector tamén se viu favorecido por atrasar un ano a aplicación das obrigas relacionadas co Regulamento de Deforestación da UE, tras unha moderación final nas normas publicadas. Neste senso, debemos felicitarnos pola paralización do Regulamento Europeo relativo ao transporte dos animais.

En relación co mercado, o ano 2024 comezou cun lixeiro retroceso nas exportación (-2 %), medrando a exportación de produtos frescos e caendo a dos produtos elaborados. A principal caída nas exportacións foi o mercado chino, incrementándose as exportacións a Xapón, Filipinas e Europa. No conxunto do ano 2024 produciuse un retroceso de prezos e estabilizáronse os valores de censos, producións cárnica e consumo nos fogares. Están a producirse fortes incrementos (14 %) de animais vivos importados en relación co ano anterior, o que supón un risco pola PPA. En termos xerais, o 2024 foi un bo ano para o sector, probablemente impulsado pola caída da produción na UE (peste porcina africana en países do centro de Europa). Os problemas do mercado estiveron no sector industrial, incapaz de valorizar os animais nos transformados que realizaban, ante unha gran distribución que controla a cadea alimentaria. Novamente, a cadea alimentaria non funcionou axeitadamente neste sector produtivo tan importante.

Por outra banda, os premios Porc d'Or premiaron extraordinariamente en Galicia a ganderías de Coren, que logrou dez galardóns (dun total de trece premios para Galicia, nove en Ourense), cun premio extraordinario para a granxa de Celanova.

O sector porcino bate récords de exportacións, con Francia como principal compradora de carne e España con forte crecemento no mercado da UE, sen esquecer o mercado de China, que consolida a España como terceiro exportador mundial tras Alemaña e Estados Unidos.

Finalmente, en colaboración coa cooperativa Tres Fuciños organizamos unha xornada co seguinte contido: Cría e alimentación nas explotacións de porco ibérico; Características e bondades da carne de porco celta; Crianza do porco celta e os seus efectos sobre o chan e a biodiversidade; Exportación e proxectos actuais de porco celta en Galicia; O modelo cooperativo para a cría e comercialización do porco celta; e Experiencia do porco celta na comunidade de montes de O Carballo.

Sector de Viño-Interior e Viño-Costa



Xoán Allegue López

*Representante da
Xunta Sectorial
Vitivinícola Costa*

A viticultura galega ten as raíces nunha tradición secular, máis o modelo actual está centrado na evolución dos viños de calidade ligados ás Denominacións de Orixe (D.O.) e, nunha pequena parte, a viños da terra capaces de competir nos principais mercados mundiais. O sector está moi arraigado en boa parte da sociedade e xeografía galegas e o viño con D.O. converteuse no primeiro produto en importancia do sector agrícola galego.

Outras particularidades que caracterizan ao sector vitivinícola galego son a atomización a nivel empresarial e os altos custos de produción. Os prezos mantéñense, producíndose unha situación de gran competitividade nacional e internacional.



Javier Iglesias Sendín

*Representante da Xunta
Sectorial Vitivinícola
Interior*

As adegas cooperativas soportan a situación económica destes anos cunha actitude optimista, a pesar das dificultades financeiras e de mercados. As fortes apostas feitas nos mercados exteriores dan os seus froitos e as exportacións van en aumento.

As cooperativas vitivinícolas están demostrando un gran potencial para adaptárense á estrutura económica e ao papel fundamental que xogan no desenvolvemento económico de Galicia. Preocúpanse por manter unha boa relación calidade/prezo, cada vez máis valorada polos consumidores, e continúan traballando en investigación para a mellorar a calidade dos viños e a reducir custos de produción.

Atópanse nunha situación de mellora competitiva ante o novo consumidor que valora a proximidade á orixe e, en consecuencia, a redución de intermediarios. A estrutura financeira e a visión a longo prazo favorecen a solvencia das cooperativas, que soportan mellor a crise.

As adegas cooperativas socias de AGACA consideran necesario impulsar a comercialización dos viños mediante apoio público, para potenciar a súa presenza en novos mercados nacionais e, sobre todo, internacionais, así como promover misións comerciais directas flexibles, no senso de que as propias empresas poidan xestionar as súas axendas e datas.

O viño non debe aparecer vinculado cos problemas de alcoholismo. Consumido con moderación é alimento, cultura e tradición dun pobo. Galicia debe estimular especialmente a imaxe de zona produtora de grandes viños, sobre todo brancos, para favorecer a comercialización. Así, debe abrirse unha análise sobre a posibilidade de reforzar a imaxe das D.O. cun paraugas conxunto baixo a imaxe de Galicia. Débese estudar e debater a posibilidade de reconducir as D.O. actuais cara a unha estratexia comercial compartida, con diferentes subzonas ou áreas produtivas.

Neste senso, en 2023, AGACA presentou alegacións ao Anteproxecto de lei de protección da saúde das persoas menores e prevención das conductas aditivas. Alegamos: O sector vitivinícola en Galicia é un pilar fundamental na nosa Comunidade Autónoma. A súa actividade e a súa extensa cadea de valor supoñen un importante peso na economía galega xerando un Valor Engadido Bruto (VEB) capital en determinadas comarcas do interior de Galicia (O Ribeiro, Salnés, Valdeorras, Monterrei, O Rosal, Ulla, Ribeira Sacra, Condado...). Ademais, destacan a súa achega social e de fixación de poboación rural ao territorio, xerando miles de empregos de forma directa e indirecta, o que supón unha porcentaxe elevada dos empregos de Galicia. O viño é historia, cultura e medioambiente e exerce un importante efecto tractor sobre outros sectores. Cabe destacar tamén o importante peso do viño galego na balanza comercial da nosa Comunidade Autónoma, ao ser un dos principais elementos de exportación agroalimentaria,

ademais da súa contribución á imaxe de Galicia como produtora e exportadora de produtos de alta calidade.



Nun exercicio de responsabilidade, o sector vitivinícola español a través da Organización Interprofesional do Viño de España (OIVE) reforza dende 2018 o seu compromiso coa sociedade mediante o Código de Comunicación Comercial do Viño, que constitúe un paso máis na responsabilidade do conxunto do sector vitivinícola español e galego. O código, ademais, asegúrase de que a comunicación do viño continúe levando mensaxes de moderación, evitando o fomento do consumo abusivo e daniño.

En especial, faise fincapé naqueles colectivos máis vulnerables ou nas situacións de alto risco incompatibles co consumo de alcohol. Este é o caso, por exemplo, do consumo de alcohol por parte de persoas menores de idade, embarazadas e na condución.

Desta forma no contido das comunicacións comerciais a menores promóvese que:

- A) As páxinas web das empresas ás que se aplica este código deberán habilitar un mecanismo de acceso no seu inicio que impidan o acceso a menores de idade.
- B) As comunicacións comerciais non deben destinarse a menores de idade, nin mostrar a menores ou xente que aparente ser menor consumindo ou fomentando o consumo de viños.
- C) As comunicacións comerciais non deben ser transmitidas por medios de comunicación (por exemplo os programas, períodos de sesións, seccións, páxinas) especificamente destinados aos menores en termos de contido editorial e/ou público.
- D) As comunicacións comerciais non deben suxerir que a abstinencia é asimilable á inmadurez.
- E) As comunicacións comerciais non deben suxerir que o consumo contribúe ao crecemento ou á madurez.
- F) As comunicacións comerciais tampouco deben utilizar ningún elemento (obxectos, persoas, imaxes, estilos, símbolos, logos, cores, música ou persoas) que poidan resultar de interese ou atractivo para persoas menores.
- G) Ás comunicacións comerciais dos produtos sen alcohol amparados por este código aplicaranse as mesmas restricións en materia de publicidade que as establecidas na lexislación vixente para os seus equivalentes con alcohol.

Apostamos por unha cultura do viño sostible que inspire estilos de vida saudables e beneficiosos para as persoas, implicando a todas as empresas e organizacións parte da súa cadea de valor.

Como sector vitivinícola, temos un exercicio de responsabilidade social. Debido ao contido alcohólico do viño, queremos fomentar un consumo axeitado, concienciando sobre cando non se debe consumir alcohol. Queremos contribuír a que se reduzan os danos asociados ao abuso de alcohol na nosa sociedade, e a mellor maneira de facelo é a través daqueles que se comunican cos consumidores: os operadores do sector vitivinícola.

Non podemos esquecer que as mensaxes do viño e as recomendacións sobre o seu contido non impiden seguir recomendando a súa cata e consumo pausado para un desfrute aínda maior en adultos. De feito, queremos seguir transmitindo as características e calidades dos nosos produtos, as súas diferenzas e variedades e o seu especial proceso de elaboración, pero sempre dende un consumo de goce e degustación.

Pero, en todo caso, as autoridades de saúde pública deben ponderar adecuadamente os posibles riscos co necesario desenvolvemento económico e social, aplicando doses axeitadas de “sentido común”. A Organización Mundial Saúde (OMS) manifesta que a exposición das persoas ao sol sen a debida protección ten risco canceríxeno, e non coñecemos instrucións e normas sancionadoras de saúde pública sobre este aspecto, nin os concellos pechan os areas para impedi-lo, senón que compiten por poñer máis bandeiras azuis.

Non podemos poñer pégas e dificultar o desenvolvemento do enoturismo no interior de Galicia mentres non se persiga a totalidade de prácticas perniciosas para a saúde, polo que requirimos á Consellería de Sanidade unha maior ponderación das medidas de loita contra o alcoholismo na mocidade galega, pois hai risco de castigar con dureza ás comarcas rurais galegas. O Anteproxecto de Lei de alcohol en menores recibiu os últimos informes a finais do ano 2024, polo que se agarda a tramitación no Parlamento Galego que seguiremos con moita atención.

Neste senso, tamén preocupou a iniciativa de Irlanda de incluír o risco de padecer cancro no etiquetado do viño e da cervexa, aspecto que deberá seguirse nos vindeiros anos.

As cooperativas vitícolas de Galicia que comercializan todo o viño con marcas propias son un modelo de empresa que apenas se ve no resto de España. Deben ser apoiadas como entidades estabilizadoras e reguladoras do mercado nas actuais D.O., por seren impulsoras e asinantes dos correspondentes contratos homologados que estabilizan ás diferentes comarcas produtivas. Débese realizar un plan de promoción comercial e de competitividade para o viño de Galicia vinculado aos contratos homologados. Por iso, é importante combater a economía somerxida e o viño sen etiquetar, para o que hai que valorar a posibilidade de actualizar os rendementos produtivos das diferentes variedades e Denominacións de Orixe.

As adegas cooperativas de Galicia en 2024

As adegas cooperativas de viño galegas superaron un 2024 no medio dun enorme cambio de hábitos de consumo. Os viños brancos galegos están de moda nos mercados e iso provocou un forte incremento do seu valor, especial e proporcionalmente máis grande nas adegas máis pequenas e que viñan de pasar maiores dificultades comerciais. Cabe resaltar a enorme demanda dos viños Godellos, fronte a unha estabilización do resto dos viños brancos.



En termos xerais, podemos afirmar que a suba de prezos da uva godello viuse compensada polo descenso importante dos viños tintos e da uva mencia. O viño tinto e a uva tinta viron reducir os prezos, colocando os viños tintos galegos nunha situación complexa, especialmente na D.O. Ribeira Sacra. En relación aos prezos cobrados polos socios das adegas cooperativas, podemos afirmar que en 2024 a uva godello viu incrementado o prezo fortemente, a albariño aguantou os prezos elevados e a uva mencia caeu fortemente. Dende hai anos o consumo de viño tinto vén reducíndose: caeu un 25 % nos últimos 20 anos. Francia, cun 50 %, lidera as perdas de produción de viño tinto, que se viron parcialmente compensadas coa subida do viño rosado. De feito, o ano 2013 foi o primeiro ano da historia no que os brancos superaron aos tintos na produción mundial de viño.

O 1 de outubro o DOGA publicaba a Orde pola que se establecían as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência non competitiva, de subvencións destinadas á destilación voluntaria de crise. Agardemos que non sexa necesario recorrer a esta ferramenta de apoio ao

sector do viño, e que sexa o mercado quen retribúa axeitadamente a produtores e produtoras do sector das D.O. de Galicia.

O ano 2024 tróuxonos un par de novidades negativas no eido das adegas cooperativas: despois de moitas décadas, a cooperativa Virxe das Viñas de A Rúa non recolleu uvas esta vendima, comunicándolle aos seus socios que levasen as uvas á cooperativa Jesús Nazareno de O Barco de Valdeorras, decisión que tomou a asemblea de socios debido á situación económica na que se atopa a adega e que loita por superar. A outra mala noticia das adegas cooperativas foi a tala de vides centenarias que sufriu a adega cooperativa Viña Moraima: a pequena adega cooperativa de Barro soportou a maior sabotaxe na D.O. Rias Baixas, e dende a adega sospeitan que a tala puido ser un encargo. Este incomprensible ataque supón unhas perdas económicas importantes e unha perda moral, pois cortáronse moitos anos de traballo. Viña Moraima ten a solidariedade das adegas cooperativas e do sector vitivinícola galego neste camiño de recuperación.



A parcela afectada tiña unha plantación coas variedades de albariño, caíño e ratiño. Esta última variedade recibiu recoñecementos polas súas especiais características e estaba sendo estudada polo CSIC para identificar ben a variedade. A Adega Viña Moraima culpa do ataque á absurda guerra contra os fitosanitarios posta en marcha por certos colectivos sociais.

En 2023 o sector enfrontouse aos cobros da nova PAC e, por primeira vez, algúns viticultores acolléronse a ecorrémimes, axudas agroambientais da PAC por realizar practicas voluntarias beneficiosas para o medioambiente. Os diferentes grupos de ecorrémimes polos que se poderá percibir a axuda en viñedo son:

- Ecorrémimes de Agricultura de carbono: cubertas vexetais e cubertas inertes. Para acollerse a este Ecorrémime non é necesario dispoñer de dereitos de Axuda Básica á Renda para a Sostibilidade.
- Ecorrémime de Agroecoloxía: espazos de biodiversidade. Aquí é necesario dispoñer de dereitos de Axuda Básica á Renda para a Sostibilidade.

En 2024 detectamos que estas axudas da PAC a penas teñen demanda. Das 24 000 solicitudes da PAC, 800 solicitaron algún ecorrémime, pero só 220 pediron o específico para o viñedo. A maioría das solicitudes son do sur da provincia de Pontevedra (Arbo e Salvaterra), e en Ribeira Sacra, con importes máis elevados, as solicitudes son mínimas. Os ecorrémimes están destinados a evitar a erosión do chan, por iso se paga porque teñan unha cuberta vexetal, que é moi fácil de manter en Galicia. Entendemos que se trata dunha axuda interesante para produtores e produtoras con máis dunha hectárea de terreo que cobren máis de 300 €.

Por outra banda, o consumo de viño en España detivo a súa caída e estabilizouna arredor dos 9,6 millóns de hectolitros, manténdose o consumo en restauración, cun certo retroceso en alimentación, sendo o viño procedente de D.O.P. o que mellor evoluciona e gaña cota como o máis adquirido.

Un dos aspectos que trouxo de cabeza ao persoal técnico das cooperativas neste ano foi a entrada en vigor, en novembro de 2023, do novo etiquetado do viño impulsado pola Unión Europea, que foi obxecto de múltiples informes ás cooperativas sobre a súa correcta implantación. En 2024 continuamos informando sobre o etiquetado. Para cumprir co etiquetado nutricional e a lista de ingredientes a través da utilización dun código QR, algunhas cooperativas valéronse da plataforma U-label, que no 2024 pasou a chamarse U-label by Scantrust.



Galicia asume o viñedo que se está arrancando noutras zonas de España: aquí chegaron, en 2022, 250 ha. de viña que orixinariamente foron plantadas noutras rexións. En 2023 viñeron 22 ha. como autorización de novas plantacións e replantáronse 344 ha., das que a maioría procedía doutras comunidades (especialmente Castela-A Mancha, Murcia e Navarra). A 31 de xullo de 2022, Galicia tiña plantadas 33 524 ha de viña, aínda que o seu potencial é de 34 163 ha ao sumarse as autorizacións de plantación que ten a propia comunidade sen executar.

Estas cifras están en constante crecemento nos últimos anos, ao contrario da maior parte das comunidades. Neste senso, en maio de 2024, comprobamos que Galicia absorbía o 28 % do viñedo que se arrancou noutras comunidades autónomas. Podemos concluír que en Galicia hai demanda de dereitos para plantar viñedo, unha das poucas comunidades autónomas onde se incrementa, o que demostra o irreal que é o sistema de autorización de plantacións, claramente insuficiente no caso de Galicia. Neste senso, en 2024 Galicia investiu catro millóns de euros en reconverter 315 hectáreas de viñedo.

Por todo iso, manifestamos reiteradamente en Madrid que non estamos de acordo con este sistema discriminatorio de asignación de autorizacións no que acceden a dereitos de plantación os que producen excedentes de viño. Por tanto, como para Galicia veñen unha miseria de autorizacións en relación coas necesidades, na nosa comunidade case ninguén cre no sistema e os produtores queren cambiar radicalmente o sistema de funcionamento das autorizacións e que se concedan dereitos de plantación a quen o mercado lles solicita máis produción.

En relación cos debates do Grupo de Alto Nivel sobre Política Vitivinícola da UE para guiar as decisións futuras da UE no sector e mercado do viño, dende AGACA, en novembro de 2024, logramos introducir un parágrafo no texto evitando que o documento de posición das organizacións cooperativas da UE quedase centrado no abandono e nas medidas de destrución de colleita. Neste senso, a proposta de AGACA, incluíuse o seguinte parágrafo: *“O sector non dá boa imaxe priorizando axudas continuamente ao que ten dificultades de venda agora, pouca demanda agora e no futuro, para o cal deben usarse outras ferramentas públicas de apoio aos produtores afectadas, como o PE PAC”*. Tamén conseguimos que se impulsen as innovacións (centrado en novas variedades de vides).

Outros aspectos que preocuparon, tratados en reunións dos dirixentes das adegas cooperativas galegas, foron:

- A crecente presión sobre o sector produtor dos movementos sociais contra os tratamentos fitosanitarios e as novas plantacións.
- Información na implantación dos novos ecorréximes: cubertas vexetais inertes e espazos de biodiversidade.
- Novo etiquetado.
- Autorizacións de plantación.
- Extensión de Norma da Interprofesional do Viño.
- Análise dos datos de produción e comercialización.
- Renovación dos consellos reguladores das DOP de Galicia.
- Actuacións desenvoltas na Interprofesional dos Viños de España.
- Particularidades da Intervención Sectorial Vitivinícola 2023-2027.
- CLONS RESISTENTES: Posibilidades de obter clons resistentes de variedades galegas a enfermidades (mildiu e oídio), rexistro e legalización.

En 2024 celebrouse o Foro Mundial de Cooperativas Vitícolas na sede de Martín Códax, que reuniu a importantes expertos vitícolas das cooperativas do planeta. Neste Foro fíxose unha chamada a que a mocidade esta atenta ao que as adegas cooperativas precisan para competir. Tamén no mes de xullo, en Monterrey, celebrouse Demoviña, unha feira de maquinaria agrícola.



XIII Foro Mundial de Cooperativas Vitícolas, en Martín Códax. 22 a 24 de maio 2024.

Coa nova PAC (que foi aprobada en 2022), o programa de axudas do sector vitícola contará con 202,1 M € anuais (2023 – 2027) e permitirá a viticultores e viticultoras acceder ás axudas da Intervención Sectorial Vitivinícola, que priorizará as medidas medioambientais e de loita contra o cambio climático, parte dos obxectivos estratéxicos da nova PAC. As medidas programadas son: promoción en terceiros países (48 M €), reestruturación e reconversión de viñedos (69,7 M €), investimentos en adegas (53,8 M €), eliminación de subprodutos ou destilación (30,5 M €) e colleita en verde.

En relación co consumo, en 2023 presentouse na Interprofesional o “Mapa Motivacional do Consumidor de Viño”. Este estudo confidencial e reservado foi posible grazas ás contribucións dos operadores, e o seu uso nas adegas comercializadoras de Galicia pode serlles de alto interese, especialmente para responsables de márketing, comunicación e equipos directivos de empresas de transformación. Neste senso, os propios altos directivos das adegas cooperativas de Galicia insisten na necesidade de defender a produción de viño galego baseada no minifundio e poñer en valor esta gran variedade de propiedades, fincas e procedencia das uvas que posteriormente se transformarán en viño.



Na produción, foi un ano complexo polos fortes ataques de fungos de mildio e oídio, que afectaron os viñedos. Mención especial é o temor crecente a que o abandono das viñas favoreza á extensión da flavescencia dourada, enfermidade vírica en expansión polas DO Rías Baixas e Ribeiro. Enfermidade procedente de Portugal que comezou en Galicia en O Condado e O Rosal e que xa está chegando ao corazón da DO Ribeiro. Todas as adegas cooperativas reclaman medidas para controlar as plantacións sen cultivar. Esta praga que mata a viña xa se estende a 14 municipios galegos e xa chegou a Arnoia e Ribadavia, despois de afectar a Padrenda, Arbo e

Crecente. Conta cun só tratamento válido: insecticida e arrancar as cepas afectadas. Pese a iso, en 2024 logrouse unha boa colleita en Galicia con viños de excelente calidade. Tivemos unha vendima tranquila onde o importante era cumprir cos contratos de compra-venda de uva a

terceiros con producións variables nunha situación de bos prezos da uva, salvo a caída das uvas tintas, o que fixo un cómputo global de boa colleita.

Na xornada estratéxica de viño celebrada en 2024 tratáronse os seguintes temas de interese: FERRAMENTAS DIXITAIS: Observatorio Autonómico Vitícola de Galicia e/ou Industria 4.0, Estratexias competitivas; CLONS RESISTENTES: Posibilidades de obter clons resistentes de variedades galegas a enfermidades (mildio e oídio), rexistro e legalización; FITOSANITARIOS: Regulamento SUR de Uso sostible de fitosanitarios e previsións normativas futuras; FITOSANITARIOS NA PRODUCCIÓN DA UVA: flavescencia dourada, enfermidades da madeira... CAMBIO CLIMÁTICO OU MELLORA E CAMBIOS NO MANEXO.

Quedan como aspectos clave cara ao ano 2025 facerlle un seguimento á Lei de Calidade Alimentaria de Galicia, que se aprobou en 2023, e abrir un diálogo construtivo cara a abordar coa Xunta de Galicia e os Consellos Reguladores a renovación dos regulamentos destes últimos, así coma o encaixe das adegas cooperativas neles e evitar intervencións innecesarias da administración nas súas actividades, especialmente nas de promoción.

Dende AGACA, enviouse ás adegas cooperativas información sobre a evolución dos mercados, seguros agrarios, lexislación sectorial, subvencións oficiais, accións formativas, artigos publicados en revistas e xornais de interese para o sector, así como información sobre as reunións dos distintos órganos de representación do sector: Interprofesional do Viño OIVE, Observatorio etc.

Sector de Vacún de Carne, Ovino e Caprino



Rafael Tejeda Vázquez

*Representante da Xunta
Sectorial de Vacún de
Carne, Ovino, Caprino e
outras carnes*

O sector cárnico acada unha importante relevancia en Galicia, pois dispoñemos dun importante sector de vacún de carne e outro, non menos importante, relacionado coa gandería intensiva. O vacún de carne acada relevancia ao dispor da IXP Ternera Gallega, que representa a maior indicación de calidade de vacún de carne de España e Europa e, ademais, puxo en marcha no ano 2017 a Indicación Xeográfica Protexida Vaca e Boi de Galicia. Esta nova IXP pretende impulsar a calidade dos canais de vacún maior e captar o valor engadido que o mercado e os consumidores amosan para co vacún de Galicia.

A principios de 2024 procedeuse á renovación da representación dos diferentes membros do Consello Sectorial de vacún de Carne de Cooperativas Agro-alimentarias de España. Neste senso, en xullo AGACA organizou, en colaboración con Cooperativas Agro-alimentarias de España, unha Xornada Estratéxica coa finalidade de reunir a todos os representantes autonómicos das cooperativas de vacún en Galicia con representantes galegos para debater o futuro do sector. Esta reunión celebrouse na sede da IXP Ternera Gallega, onde nos explicaron as modificacións e tendencias da Indicación. Abordamos o Cebo en Galicia para identificar as diferenzas desta actividade co resto de España e coñecemos de primeira man o proxecto innovador GO SECUESVAC que lidera Provacuno.

Vacún de carne



En Galicia, falar de vacún de carne é falar, case en exclusiva, da IXP Ternera Gallega pola súa grande implantación no sector e a enorme importancia no seu desenvolvemento. Os criterios básicos para conseguir unha diferenciación por calidade no sector de vacún de carne xurdiron en 1989, froito do traballo de varios colectivos —entre eles, AGACA— e do apoio da Administración autonómica. Así xurdiu o recoñecemento de “Produto Galego de Calidade

Ternera Gallega” para as carnes de vacún producidas, industrializadas e comercializadas en Galicia, tal e como se determinou no seu Regulamento. A partir de 1990, Ternera Gallega comeza o traballo de información sectorial, no que participan enerxicamente todos os axentes: produtores tradicionais, cebadeiros, industrias cárnicas, matadoiros etc.

Este sector debe seguir con atención as derivadas internacionais que poden xurdir da administración Trump e do acordo UE-Mercosur. Precisamente, toda a cadea de valor pensa que as garantías que din as autoridades que van intentar dar á cadea de valor da UE para protexela non van a ser suficientes. Este acordo é un acordo de alimentos por coches por moito que se queira disfrazar, xa que permitirá a entrada de 99 000 t de carne de vacún a un custo entre un 18 % e un 32 % inferior. Para o sector é desconcertante que as mesmas institucións que presumen de liderar a loita contra o cambio climático subscriban a entrada de produtos que non cumpren practicamente con nada do que aquí se esixe.

O sector de vacún de carne e os debates producidos

A inicios de 2022 comezaron os traballos da Estratexia de Dinamización do Sector Cárnico Galego. Concentrou reunións de traballo repartidas en varios meses onde as cooperativas participaron no seu desenvolvemento, sendo rematada a finais do mesmo ano e editada en 2023.

Un resumo, en datos, da Estratexia de Dinamización do Sector Cárnico Galego sería:

- Conforman o sector cárnico: 19 500 ganderías de vacún, 15 000 de ovino e cabrún, 4000 de cabalos, 2 500 granxas de porcos, 1 000 granxas de polos e 179 granxas de coellos.
- Suman 43 000 explotacións, 192 industrias e 4 601 empregos directos.
- Instalacións preferentemente en comarcas deprimidas, ocupando 307 000 hectáreas.
- Incrementáanse as producións porcina e avícola e redúcense o ovino e o cabrún.
- Coexisten moitas pequenas explotacións que xeran ingresos complementarios cunhas poucas con elevada profesionalización.
- Folla de ruta: apoiar a profesionalización, a sostibilidade, a competitividade e a internacionalización do conxunto do sector.

En relación co Vacún de Carne, a Estratexia incide nos seguintes aspectos clave:

- Lugo concentra máis do 43 % das ganderías de vacún de Galicia.
- A explotación media conta con 22,1 animais, xestiona unha superficie de 11 hectáreas en 32 parcelas e emprega 0,37 UTA, cunha idade media de 57 anos.
- Só hai 73 cebadeiros con máis de 250 animais.
- Preto do 50 % das explotacións de vacún de carne ten menos de 10 animais.
- En novembro de 2021, 7 397 explotacións están inscritas no Consello Regulador da IXP: 6 993 de Ternera Gallega Suprema e 404 cebadeiros. O 74 % está en Lugo; o 18 %, en A Coruña; o 6 %, en Ourense e o 2 %, en Pontevedra.
- En 2021 rexistráronse 135 606 xatos e certificáronse 95 279 canais en 96 industrias, producindo 22 000 toneladas de carne.
- O principal debate na IXP Ternera Gallega é a posibilidade de diferenciar cunha nova categoría os xatos pasteiros dos que reciben un acabado estabulado.

En 2023 iniciáronse os debates na Unión Europea arredor do Benestar Animal, en materia de transporte. Debates que seguiron abordándose ao longo de 2024. Esta normativa establecerá novos requirimentos como que a distancia máxima a un centro de concentración para a recollida dos animais non pode exceder dos 100 km, e que as operacións de carga de animais deben ser supervisadas por unha persoa veterinaria xeraron enorme controversia. Tamén o fixeron que o



tempo máximo de transporte a matadoiro debe ser menor de nove horas e que o transporte dos mamóns non supere as 19; a desaparición dos camións de dous pisos a matadoiros e dos tres pisos para os mamóns; as fortes limitacións para temperaturas superiores a 25º; a redución de ata un 70 % das densidades no interior do camións etc. Se esta norma é aprobada, aplicala supón multiplicar por tres os custos de transporte e disparar as emisións de CO₂ neste sector. A nova normativa pon en alerta ao sector do transporte de animais vivos, que tamén teme que poida supoñer o peche de empresas.

En 2024 leváronse a cabo as denuncias dalgunhas organizacións agrarias galegas contra a estabulación obrigada, afirmando que prexudica ás ganderías e “premia” á industria. A estabulación foi acordada pola IXP Ternera Gallega ao longo de dous meses (dende os oito meses) coa finalidade de acadar a categoría Suprema. Segundo a IXP Ternera Gallega, o cambio no regulamento ten por finalidade acadar mellores canais, mediante un “acabado dos animais” (uniformidade e mellora de calidade para lograr mellores prezos).

O novo borrador do Regulamento Europeo sobre benestar no transporte de animais vivos, impulsado pola Comisión Europea, ten por finalidade protexer os dereitos dos animais durante o

transporte con normas máis estritas: tempos de viaxe, espazo por animal e densidades, transporte pola noite cando as temperaturas superen os 30 grados. A nova normativa podería entrar en vigor en 2026 e as especies máis afectadas serán o porcino e o bovino de carne. A proposta insistirá nas responsabilidades do persoal gandeiro e veterinario para determinar se un animal é apto para o transporte. No caso de que non se modifique o regulamento futuro, incrementará o prezo da carne, o que repercutirá no consumidor final e nos prezos pagados ás ganderías.

En relación coa Reforma da PAC, é clave o desenvolvemento de ecorréximes adaptados aos intereses de gandeiros e gandeiras de Galicia, polo que é necesario seguir reclamando ás autoridades un maior esforzo nesta materia. Demandamos unhas Axudas Asociadas axeitadas para un sector que necesita da PAC para poder sobrevivir.

Convén lembrar o excelente comportamento dos prezos ás explotacións dos animais comercializados durante o ano 2024. En termos xerais, os produtos comercializados polos gandeiros (recría, tenreira, vaca de abasto...) tivo un bo comportamento ao longo de todo o ano. Porén, en setembro despegou con forza a tendencia alcista pola escasa oferta de gando e a alta demanda da exportación a terceiros países (Marrocos e Arxelia) o que provocou desabastecemento en matadoiros. A venda de gando a “peso vivo” nun momento de escaseza de reses no mercado animou os prezos. Esta situación continuou ata finais de 2024, xerando gran dificultade aos matadoiros para trasladar os incrementos de prezo do gando á carne, con resistencia da clientela.

Cabe sinalar que gandeiros e gandeiras tiveron que enfrontarse ao elevado custo da reposición de gando moi preocupados pola situación sanitaria dos animais debido á propagación da EHE e o serotipo 3 da lingua azul, que afectou fortemente ao vacún de carne. En Galicia apareceron numerosos casos de ganderías afectadas pola EHE.

Finalmente, nos aspectos de comercialización do gando cabe lembrar que en 2024 desaparecen dúas cooperativas: Agrigga colócase nunha difícil situación por falta de financiamento, ao borde de concurso de acredores antes as dificultades de financiamento da industria cárnica J. Taboada. A Cooperativa Almoga, ante a xubilación de moitos dos seus socios, acorda paralizar a actividade e proceder a súa disolución.

As enfermidades da EHE e lingua azul ao longo do ano 2024

A EHE apareceu o pasado ano 2023 en Galicia e no 2024 tivo un amplo desenvolvemento. Así, a finais de 2024, informábase que a EHE tiña provocado a morte de 843 reses (30 en A Coruña, 276 en Lugo, 283 en Ourense e 254 en Pontevedra) en máis de 2 250 granxas de bovino en Galicia (1 030 en Lugo, 568 en Ourense, 536 en Pontevedra e 121 en A Coruña). Houbo máis de 7 000 bovinos sospeitosos de ter a EHE, dos cales 5 372 deron positivo á enfermidade. Galicia converteuse nunha das comunidades máis afectadas. Un 16 % dos animais afectados terminaron mortos.

A diferenza do ano anterior, están a disposición das ganderías dúas vacinas que requiren dúas doses. As axudas por morte dos animais da Xunta de Galicia oscilan entre 400 € e os 1 600 €. A Consellería do Medio Rural destinou 5,4 millóns de euros a estas axudas a gandeiros e gandeiras. No sector reclámase a mesma indemnización por EHE, lingua azul e lobo, así como unha vacinación pública e gratuíta. A EHE apareceu activa o 3 de xuño en Galicia coa subida das temperaturas. Aplicar insecticidas de uso no contorno gandeiro e aplicar activos desinsectantes para uso en animais son as principais medidas preventivas.

O cambio climático caracterízase, entre outras cousas, pola aceleración na aparición de novas enfermidades nas plantas e nos animais procedentes de latitudes situadas máis ao sur. Unha destas enfermidades que afectou ao gando vacún e, especialmente, ao de extensivo foi a EHE.

Ao mesmo tempo, a lingua azul, presente dende hai anos no sur de España, achegouse definitivamente a Galicia. Neste senso, ao longo de 2024 produciuse un debate con relación aos cambios no programa de control e erradicación para o manexo da lingua azul coa finalidade de compatibilizar a loita contra a enfermidade e permitir a actividade con maior normalidade. De xeito resumido, dende Cooperativas Agro-alimentarias propuxemos os cambios seguintes:

1. Vacinación obrigatoria de todos os serotipos que circulan nas zonas suspendidas a zonas libres.
2. Nos animais de idades inferiores a 20 días, permitir a vacinación na explotación de destino.
3. Permitir a vacinación voluntaria de serotipos distintos dos incluídos na súa zona suspendida.
4. Garantir a dispoñibilidade de vacinas e que a Administración asuma o seu custo.

A industria cárnica en 2024



O 2024 foi un ano complexo para a industria cárnica: prezos de abastecemento elevados e problemas para repercutir os prezos aos consumidores. Ademais, o incremento de normas reguladoras non cesa e ameaza con encarecer a carne no punto de venda ao consumo; unido a unha menor oferta de animais, coloca a industria nunha situación complexa. Cabe agardar que o Parlamento Europeo e a nova Comisión Europea adopten posturas máis sensibles que as mostradas

recentemente co sector cárnico, tan vital e importante para Europa, para España e para Galicia. Agárdase máis protección do Goberno e máis decisión de avanzar e concretar medidas de interese para a produción, industrialización e comercialización da carne, un sector que debe loitar pola reputación para a súa cadea de valor.

No vacún percíbese que o descenso do número de vacas reprodutoras e a escasa rendibilidade do sector produtor terminan por afectar ao sector industrial. Ademais, a industria debeu enfrontarse a uns elevados custos enerxéticos ou á implantación do imposto do plástico posto en marcha en España, que dificultan moito ao sector transformador. Por outra banda, o incremento de prezos retrae o consumo e descenden as vendas.

De todos os xeitos, a produción cárnica española recupera a senda do crecemento en 2024, cunha estabilidade en porcino e un crecemento do 6,2 % na de aves que impulsan a volta aos niveis de 2022. Dos matadoiros españois saíron en 2024 un total de 7 583 456 toneladas de carne, segundo os datos do Ministerio, un 2,2 % máis que en 2023, e recuperan os niveis de 2022.

A evolución na produción de carne de porco tendeu á estabilidade, quedando en 4 917 733 toneladas (un 1 % máis que en 2023) e supón o 65 % do total da produción cárnica, en liña con anos anteriores: sube en Cataluña, que supera os 2 millóns de toneladas de produción de carne de porco (+2,9 %) e medra a maior ritmo en Aragón, que acadou os 1,05 millóns de toneladas de produción (+3,44 %). Fronte a isto, baixou un 7,3 % en Castela e León (561 537 toneladas).

A carne de aves foi a que máis medrou cun incremento do 6,2 % ata superar os 1,8 millóns de t.

En vacún a subida acadou o 2,3 % e volveu ás 700 000 toneladas de produción, quedando en 713 590 toneladas: subiu máis en Cataluña, onde superou as 139 700 toneladas (+7,8 %), mentres que en Castela e León baixou un 2,5 % e en Galicia, un 1 %.

A carne de ovino segue reducíndose e perdeu un 6 % ata acadar as 98 470 toneladas, baixando por primeira vez das 100 000 toneladas. Dende 2021 perdeu un 18,3 %: en Castela e León reduciu a produción un 12,1 % (ata as 28.103 toneladas) e en Castela-A Mancha producíronse 13 167 toneladas (14 %).

O resto de categorías tamén teñen reducións: -8,6 % para a carne de coello (33 829 toneladas), 9 300 toneladas para a de cabrún (-2,5 %) e -7 % para a de cabalo (7 689 toneladas).

PROVACUNO

A aplicación da Extensión de Norma de Provacuno para realizar actividades de comunicación e promoción no mercado interior e exterior, proxectos de investigación, desenvolvemento, innovación tecnolóxica e estudos representan a primeira liña de defensa organizada so sector de vacún de carne.



O representante de AGACA no Consello Sectorial insistiu na necesidade de que o diñeiro descontado aos gandeiros sexa abonado a Provacuno e de que se establezan os correspondentes controis. Neste senso, considerouse fundamental a colaboración da administración a través do SIMOGAN (Rexistro de identificación individual de animais e Rexistro de movemento de gando) para poder levar un control exhaustivo das matanzas e tratar de evitar o fraude.

Ovino e cabrún

Ao longo de 2024, os mercados mantiveron moi bo nivel de prezos e axudaron a compensar o incremento tan elevado dos custos de produción.



Os pequenos ruminantes poden converterse no perfecto complemento de moitas explotacións gandeiras de vacún de leite e avanzar nos recoñecementos públicos do seu papel como ferramenta económica, social e ambiental clave cara ao futuro do medio rural galego. OVICA, a cooperativa Vélaro, a nova marca Pastores de Galicia e demais entidades vinculadas conforman unha rede de interese estratéxico para loitar contra o despoboamento do rural e contra a biomasa impulsora dos lumes que nas secas do verán asolan a Galicia.

Dende AGACA prestamos apoio e axuda a cantas iniciativas xorden dende os propios actores do sector. Tamén informamos sobre a extensión de norma da Organización Interprofesional de Ovino e Cabrún de Carne ao conxunto do sector, para o que a marca Pastores de Galicia pode supoñer un importante paso adiante en canto a visibilidade, tanto dende o punto de vista da produción como da comercialización e do recoñecemento das persoas consumidoras.

Principais acontecementos e xestións realizadas en 2024

Ao longo de 2024, dende a Unión de Cooperativas AGACA participamos en diferentes debates e problemáticas relacionadas co vacún de carne, entre os que podemos destacar:

- Participación nos debates de modificación de varios reais decretos de Bovino: Veterinario de Explotación (finalmente eliminado como obrigatorio); Plan Sanitario Integral (eliminado como obrigatorio); modificación na trazabilidade e marcado dos animais (máis información no apartado de Vacún de Leite).
- Aplicación da PAC (PEPAC): axudas asociadas e ecorrémimas que afectan ao sector.
- Problemática coa falta de palla para as explotacións, o elevado consumo de palla en Galicia pola humidade ambiente e o custo elevado que supón o uso da palla.

- Elaboración do Plan Estratéxico do sector de Vacún de Carne de Cooperativas Agro-alimentarias de España.
- Situación sanitaria por EHE, lingua azul e tuberculose en Castela e León.
- Estado dos regulamentos de Deforestación, Benestar Anima, e de Emisións Industriais.
- Lei da cadea e implicacións para o sector de vacún de carne.
- Explicación de exemplos de uso de contratos en vacún de carne e problemática de aplicación (calidades, indicadores de prezo, prezos variables e mixtos etc.).
- Redución da pegada de carbono etc.
- Posta en marcha dos proxectos Supraautonómicos GO SECUESVAC (secuestro de carbono) e Blood4Goods (xeración de valorar a partir da sangue de porco e vacún).
- Proxecto Feader 2022/2044B: Plan de acción para a mellora da sustentabilidade nas producións cárnicas galegas, que presentou os resultados finais.

Sector de Hortalizas, Flores, Apicultura e Outros

A Horta en Galicia



Alberto Amil Chaves

*Representante da Xunta
Sectorial de Froitas e
Hortalizas*

En Galicia existe unha horta de carácter familiar caracterizada por un gran nivel de autoconsumo e pola comercialización de excedentes en épocas de alta produción. En moitas ocasións, este tipo de produción está marcada polo carácter complementario dos ingresos nas familias, cos inconvenientes que isto supón. Porén, cada vez é maior a presenza de auténticos empresarios e empresarias hortícolas profesionais que subministran aos grandes grupos da distribución, e esta tendencia está en crecemento constante nos últimos anos: menos persoas produtoras e máis grandes.

A comercialización está altamente influenciada polas condicións climatolóxicas, que determinan a estacionalidade da produción. No eido cooperativo atópanse os profesionais da agricultura máis profesionais e con maior dependencia de ingresos da produción hortícola.

A tendencia dos últimos anos, con pequenas subidas de prezos e incrementos de custos polas materias primas e insumos, levou a que o sector manteña a rendibilidade económica e poida aumentar produción para incrementar as rendas. En consecuencia, todos os esforzos se centran en producir máis cos custos de produción controlados.

O sector da Horta en Galicia



En 2011 púxose en marcha un proxecto de intercooperación para a comercialización conxunta con VEGALSA, coordinado por AGACA. O proxecto Vegalsa-Eroski está en fase de crecemento e pode ser o xerme que leve a unha maior colaboración entre as cooperativas hortícolas galegas, estando aberto á participación doutras. As cooperativas participantes consideran que a colaboración é imprescindible para facérense máis visibles e para acadar unha empresa hortícola forte. Por iso, as que desexen participar deberán asumir un importante compromiso de servizo, dispoñer de socios/as disciplinados/as, organizados/as e planificados/as de xeito coordinado, e, finalmente, dispoñer de capacidade para xestionar os desvíos das previsións. O crecemento do 29 % en facturación en 2024 elévaa a máis de 3 millóns de euros, que confirma a boa marcha do proxecto.

En termos xerais, 2024 foi un ano complexo con resultado final positivo. Avaliando o exercicio, podemos afirmar que os pementos de tipo Padrón (picante e doce) tiveron un forte crecemento en cantidade e unha estabilización de prezos que produciu resultados positivos. O feixón verde tivo bo comportamento incrementando a produción a uns bos prezos (leva varias campañas con bos prezos). O tomate ensalada acada bos prezos en 2024, pero, polas condicións climáticas, non houbo moita produción, o que posiblemente propiciou que os prezos fosen mellores que outros anos. O mercado da leituga mellorou en relación con anos anteriores, pero houbo problemas de produción ao principio da campaña pola primavera fría, a pesar de que o outono foi quente e de boa produción, ata a chegada do KIRK anegando fincas. A leituga parece que está deixando de ser o produto reclamo maltratado por certas empresas da gran distribución e isto mellora os resultados económicos dos horticultores.

A IV Gama segue a medrar paseniñamente cunha marxe de crecemento limitada. Caeu fortemente a produción de cebola chata, con forte redución na produción e con malas

perspectivas a medio prazo, por problemas agronómicos, ao tempo que a pataca está en prezos moi altos e despraza á cebola. O porro está collendo parte da superficie, da produción e da facturación que perde a cebola e medra a bo ritmo e a prezos razoables.

Produciuse menos cabaciña, pero axustouse ben á redución da demanda deste produto. Pola contra a cabaza segue unha evolución positiva. O pemento branco estabilizou a produción, e outros tipos de pementos descenderon lixeiramente a produción.

O mercado empuxou os repolos ao descenso, especialmente no rizo, e moi semellante noutras variedades de repolo. En xeral, houbo mercado para a produción que houbo. O cogombro é un produto “comodín”, xa que se se produce algo máis parece que hai mercado para el fronte ao procedente de fóra de Galicia. As nabizas e verzas seguen a ter pequenas producións nas cooperativas de horta galegas.

Por outra banda, os produtos “bio” teñen unha demanda moi baixa nas grandes cadeas de distribución alimentaria de Galicia e o balance segue a ser pobrísimo. O que fora un *boom* de presenza de produtos “bio” nos lineais dos supermercados tende a case desaparecer. A maioría das cooperativas tiveron un crecemento en volumes e facturación, a pesar de que foi un verán curto, xa que se viron afectados polas chuvias de primavera e pola prematura chegada dos temporais de outono.

Globalmente, en relación coa campaña de horta do ano 2024, podemos afirmar que tanto na produción en campo como no mercado foi un ano moi inestable, con continuos dentes de serra, así que difícil de xestionar tanto para agricultores/as como para cooperativas. A nivel xeral, con excepcións por cultivos, empezamos o ano con moitísimos problemas de produción que levaron a recortes de servizo e perdas. Na primavera normalizouse algo. Ao comezo do verán, xuño e xullo, o mercado freou a demanda e custou sacar a produción e defender bos prezos. A segunda parte do verán foi boa, con bo nivel de produción e bos prezos, por escaseza noutras zonas produtoras polas vagas de calor. Novamente o outono foi complicado polas inundacións de fincas que arruinaron moitas das producións de folla (leituga, nabiza, verza...). En xeral, a avaliación do nivel de prezos foi razoablemente positiva.



Por outra banda, a produción de hortalizas e froitas en España na campaña 2023-2024 situouse en 8 345 581 toneladas, un 1,7 % máis que no ano anterior. Destaca o considerable incremento da balanza comercial con respecto á media das últimas cinco campañas, cun saldo entre exportacións e importacións superior aos 6 500 millóns de euros.

En relación coa PAC solicitouse que as OPFH continúen en Galicia como están, con dimensión reducida. Inicialmente non se agardaban cambios, salvo máis control medioambiental. Tamén se van producir cambios nos Programas Operativos das OPFH, o que obriga a estar moi atentos. Por tanto, o estado de situación de iniciativas lexislativas sobre o Programa Operativo (modificación do marco normativo da UE e modificación do RD de programas operativos), xunto coas novidades da normativa da UE e do Estado sobre a utilización de envases para froitas e hortalizas e a información sobre o “Diálogo Estratéxico sobre o Futuro da Agricultura” demandaron atención ao sector en Galicia, xunto coa Lei de Desperdicio Alimentario.

Por outra banda, durante o ano 2023 as cooperativas e AGACA participaron na elaboración do Plan Estratéxico da Horta de Galicia 2023-2030. Segundo este documento da Consellería do Medio Rural, o principal cultivo da nosa comunidade é a pataca, que ocupa 5 168 ha,

representando o 57 % do total de superficie cultivada; séguenlle os nabos, nabizas e grelos con 1 569 ha e o 17 % da superficie, e os cultivos de horta multiespecie que, xunto cos de chícharos, feixóns, fabas, cebolas, verzas, repolos, cabazas, leitugas, coles, pementos, porros, tomates e outros cultivos, achegan en conxunto o 29 % da superficie hortícola galega.

Galicia conta, ademais, con numerosos indicativos de calidade recoñecidos a nivel europeo baixo a fórmula de Indicacións Xeográficas Protexidas de produtos hortícolas, entre as que se atopan a IXP Faba de Lourenzá, a IXP Pataca de Galicia, a IXP Grelos de Galicia e as IXP de pementos de Arnoia, do Couto, de Herbón, de Mougán e de Oímbra, cuxo obxectivo é destacar, diferenciar e valorizar no mercado as características destes produtos de extraordinaria calidade da nosa comunidade.

Entre tanto, a pesar da potencialidade do sector que deriva en boa parte das características climáticas e edafolóxicas da comunidade, este presenta algunhas debilidades coma o pequeno tamaño das explotacións, a falta de remuda xeracional, as dificultades de acceso á terra, a falta de man de obra e o baixo nivel de formación, de tecnificación e de dixitalización, entre outros factores. Tamén ten que facer fronte a novos retos, como os cambios nas tendencias no consumo, a adaptación a unha cada vez máis esixente normativa ambiental e de seguridade alimentaria, o cambio climático e a cada vez maior competencia de produtores doutras rexións a nivel nacional e internacional.

Por outra banda, na xornada de horta celebrada en 2024 abordáronse os seguintes temas: As FROITAS E HORTALIZAS FRESCAS comercializadas enteiras e envasadas e as exceptuadas a granel. Efectos en Galicia; FITOSANITARIOS: Regulamento SUR de Uso sostible de fitosanitarios e previsións normativas; PRODUCCIÓN ECOLÓXICA: A evolución da produción e da comercialización de produtos de horta ecolóxicos en Galicia; PROBLEMAS NOS PROCESOS DE PRODUCCIÓN de produtos de horta como a cebola, faba de Lourenzá, tomate, leituga... CAMBIO CLIMÁTICO OU MELLORA E CAMBIOS NO MANEXO?; Apuntes básicos para realizar o CÁLCULO DA PEGADA DE CARBONO nun produto de horta; Cualificación como OPFH en Galicia: volumes mínimos, vantaxes e inconvenientes; Programas para o acceso a MAN DE OBRA nas actividades agrarias: experiencias.

Finalmente informouse ás cooperativas acerca de temas de normativas de utilización de envases para froitas e hortalizas, uso sostible de fitosanitarios, normas de comercialización, normativas de programas operativos e información xeral de mercados.

Flor e planta ornamental



O valor da produción de flor cortada e planta ornamental no conxunto da UE27 en 2020 foi de 8 220,1 millóns de euros, un 3 % inferior á media 2015-2019. En España, con 691,7 millóns de euros en 2020, representaba o 8 % do valor total da Unión Europea. Tanto as importacións como as exportacións comunitarias se encontran en expansión nos últimos anos, se ben con maiores alzas no caso destas últimas, o que supón un novo máximo no saldo comercial UE27 con 3 159 millóns de euros, ao crecer un 35 % fronte a 2020.

España era, en 2021, o cuarto exportador a nivel da UE27 e o sétimo, a nivel mundial en valor, por detrás de Países Baixos, Colombia, Italia, Alemaña, Ecuador e Kenia. España exporta á UE27 o 90 % do total, sendo os principais destinos comunitarios Francia (36 %), Países Baixos (19 %) e Alemaña (14 %). O sector usa o cultivo baseado no regadío e produción protexida fronte ao aire libre. A produción española de flores e plantas en 2020 estivo marcada polos efectos da Covid-19 con fortes caídas e retrocesos. En Galicia, en 2020, produciuse o 20 % das flores de

España e o 2 % das plantas. Dentro do subsector das flores, a produción de rosas e caraveis representa en España aproximadamente o 50 % da produción total nacional.

A situación da flor cortada e da planta ornamental mellorou durante os anos 2022 e 2023, debido á finalización do confinamento xerado pola pandemia da Covid-19, que afectou moi negativamente tanto ás cooperativas como aos socios e as socias, a nivel de venda e produción de flor e planta ornamental. Datos do Ministerio afirman que o valor da produción de flor cortada e planta ornamental no conxunto da UE27 en 2022 foi de 9 342 millóns de euros, un 11 % superior á media 2017-2021. España, con 1 021,2 millóns de euros en 2022, representa o 11 % do valor total da Unión Europea.

Os custos de produción incrementaron o prezo da flor galega. O sector segue con problemas de remuda xeracional e a falta de produto obriga a importar boa parte do que se vende en Galicia. O Día de Defuntos segue a ser no calendario a data anual máis importante para viveiros e florarías. Esa xornada, e as anteriores e posteriores, concentran máis do 40 % da facturación na venda de flor que se importa, en gran medida, para satisfacer a gran demanda nun país como Galicia, que segue a vivir a tradición de honrar os seus mortos.

Malia ser diferentes, a flor e a planta ornamental comparten sector. Segundo os últimos datos facilitados pola Xunta de Galicia, en 2024 representan un 8,41 % da produción agraria final galega e, no panorama estatal, ocupan o quinto posto como produtoras de flores e plantas ornamentais, achegando un valor de 82 millóns de euros –9 % do valor total de todo o Estado español–. En relación coa superficie de cultivo, contan actualmente cunha media de sete hectáreas por viveiro e cunhas 700 hectáreas totais entre o producido en terra, en colector, en invernadoiro e zonas de sombreo. Ademais, o sector aumentou as exportacións en 8,30 % entre 2022 e 2023, último dato facilitado, mentres que no conxunto do Estado só se incrementou en 1,67 %.

Se falamos de flor cortada, en Galicia o referente é a cooperativa Agroflor. Esta cooperativa, nada en 1985 con nove socias e socios no municipio da Capela (O Eume), chegou a contar con 90 como consecuencia da reconversión que sufriu na zona o sector naval. Na actualidade son 18 e dispoñen de viveiros en Paderne (As Mariñas), Cedeira (Ortegal), Narón (Ferroterra) e Barreiros (A Mariña). Segue a ser a única empresa dedicada á flor cortada que hai en Galicia. A maior parte da produción concéntrase no crisantemo sexa en flor cortada ou en maceta, aínda que nas últimas campañas as tendencias procuran os verdes e mesmo a presenza da rosa, un elemento moito máis delicado. O ano 2023 venderon 21 000 paquetes de crisantemos –cinco por presada– e 9 000 unifloras. Se as vendas se mantiveron cos anos, a falta de flor continúa a ser un problema. Faltan persoas produtoras, a xente deixa o campo e non hai remuda xeracional.

A produción de máis variedades e produtos de maior valor engadido é o principal reto da cooperativa de flor en Galicia. As importacións de países terceiros, con custos de produción moito máis baixos que os nosos, provocan perda constante de cota de mercado das producións galegas. Este sector cumpre unha importante función socioeconómica. A rendibilidade social é moi elevada, polo alto contido en man de obra empregada en relación coa superficie que incorpora este cultivo. Concéntrase en zonas con problemas de desemprego, nas que predominan o pequeno e mediano agricultor.

Son explotacións de tipo familiar que desenvolven unha actividade agraria intensiva que debe responder á necesidade constante de adaptación aos cambios tecnolóxicos, polo que teñen uns elevados custos de produción.

En 2024 seguiu facéndose moito fincapé ante as institucións do Ministerio e da Consellería do Medio Rural coa finalidade de que a PAC contemplase apoios para a produción de Flor e Planta Viva: pedimos que se puxesen en marcha OP e Programas Operativos como na actualidade hai

no sector de horta. Neste senso, fíxose unha campaña de concienciación institucional para incluír no Plan Estratéxico da PAC unha Intervención Sectorial en flores e plantas, aspecto que se agarda lograr a medio prazo.

Como vén sendo habitual, ao longo de 2024 informouse ás cooperativas sobre o resultado das reunións sectoriais e outros asuntos de interese, tanto a nivel nacional como comunitario, así como das modificacións legislativas sectoriais.

Apicultura

Un verán coma o de 2024 con temperaturas suaves debería favorecer a colleita de mel en Galicia. Porén, o exceso de chuvias na primavera e inicios do verán prexudicou a produción de mel nas zonas de costa. Estamos ante un ano con producións irregulares, o que incentiva as importacións de mel de dubidosa calidade. Estamos ante unha colleita con situacións semellantes á do ano 2023. No interior a floración de castiñeiro e silva foi boa, polo que se recolleu algo máis de mel



que no ano anterior, achegándose ao 75 % da colleita dun bo ano. En todo caso, os produtores de mel denuncian que España importa cada vez máis mel de dubidosa calidade, mel de baixo custo, sendo China o principal país abastecedor de mel a baixo custo. Outros países de onde vén o mel que se importa en España son Arxentina, Portugal e Ucraína.

As importacións e baixos prezos xeran unha situación crítica aos apicultores galegos. O mel pagouse entre 3,40 €/quilo a 4,80 €/quilo. Responsables da cooperativa Erica Mel cifran o custo de producir a mel por encima dos 3,40 €/quilo. As grandes envasadoras de mel de Galicia teñen uns prezos de compra do mel baixos, que non chegan aos 3,40 €/quilo. Quen venden o mel ao por menor poden chegar a vender entre 9 ou 10 €/quilo. A forte suba do alimento das abellas, o líquido, e o gasto en trampeo incrementan os custos. A presenza da *Vespa velutina*, coñecida como a vespa asiática, fai que as abellas non saian das colmeas por alimento para elas e para as crías, nin por auga, o que provocou que as colmeas baixasen a produción de 20 quilos a pouco máis de 10 quilos. Estas circunstancias fan que so as persoas apicultoras con 300 ou 400 colmeas poidan vivir desta gandería. A produción de mel esixe se debe ser un bo profesional (como en todas as profesións) e pasa a ser fundamental a formación para ser boa e bo coñecedor do ciclo da abella e saber loitar contra os perigos coma o ácaro da varroa.

Na medida en que coa mestura dun 1 % de mel europeo co 99 % de mel de China (que non pasa ningún control) pasa a ser comercializada coma un mel europeo, as persoas consumidoras compran enganadas. Por iso, é moi importante que a normativa obrigue a identificar a porcentaxe de mestura deste mel. É preciso que as etiquetaxes sexan claras e concisas. O único que garante ao 100 % que o mel sexa galego é a “contraetiqueta” da IXP Mel de Galicia, pois debe superar os controis. As cooperativas e os profesionais da apicultura esiximos que ademais de incluír o listado de países con porcentaxe no etiquetado de orixe, este incorpore outras medidas como a prohibición da ultrafiltración do mel, o secado forzado ou identificar os meles quentados. Estas medidas non foron abordadas pola Comisión.

Un aspecto preocupante no sector apícola é a incidencia da *Vespa velutina*, que continúa provocando unha forte mortalidade das nosas abellas, moito maior que noutros anos, pois xa está estendida por case toda Galicia, provocando unha alta redución de colmeas e, por tanto, de producións apícolas. A *Vespa velutina*, ademais de provocar mortalidade nas abellas, provoca que as que quedan sexan menos produtivas. Coa aparición da *Vespa Velutina* reduciuse a produción un 50 % en relación cos anos previos. Xunto á *Vespa velutina*, tamén segue afectando á produción a presenza de varroa nos apiarios galegos. Co cambio climático e a presenza da *Vespa velutina*

é imprescindible darlles alimento suplementario ás abellas, especialmente se se aveciña un tempo adverso e se atopa a colmea chea de cría.

Erica Mel S. Coop. Galega é a principal e máis importante cooperativa do sector, con preto de 100 socios activos; é o principal canal de venda dos excedentes de mel dos profesionais do sector. A cooperativa facilita a comercialización do produto. A cooperativa Erica Mel organizou en 2022 o 1º Encontro de Mulleres Abelleiras Galegas, un novo colectivo promovido por Máisqueemel, que pretendeu visibilizar a presenza das mulleres na apicultura e noutros sectores relacionados co mundo das abellas. Esta cooperativa tamén impulsou o Día do Cooperativismo organizado por Erica Mel, onde se abordou o aproveitamento dos nosos montes e cultivos para a apicultura. Ademais, co apoio técnico de AGACA, esta cooperativa acadou a certificación IFS, o que debería estabilizar e impulsar a apertura de novos mercados para o seu mel.

Dende hai varios anos, as perdas provocadas polo cambio climático víronse incrementadas, segundo a opinión dos profesionais do sector, porque as condicións climáticas non foron as idóneas para a produción de flor e non acadaron os obxectivos establecidos polos produtores de mel de Galicia. Segundo datos do Ministerio, Galicia produciu o 9,7 % do mel de España en 2023, co 8 % (223 000) das colmeas no país. Galicia é a comunidade autónoma onde máis medraron o número de colmeas dende o ano 2008 ata o 2023, e conta co 13 % das persoas apicultoras (4 912) de España.

Cabe destacar que se aprecia un maior coñecemento dos produtos apícolas por parte da sociedade en xeral, e que se incrementa a demanda. Neste sector debe impulsarse unha maior actuación da AICA para facer fronte ás irregularidades que se están a producir na comercialización deste produto. A Lei de Cadea Alimentaria di con claridade que ningunha produción pode venderse por debaixo do que custa producilas. A entrada masiva de mel de países extra comunitarios como China, Turquía ou Arxentina a baixos prezos é outro dos problemas que está a lastrar a comercialización do mel local ao que debe facer fronte o sector.

Enviouse información sectorial dos grupos de traballo realizados en Cooperativas Agro-alimentarias e nos organismos da Unión Europea. Por outra parte, impartíronse as actividades formativas demandadas polo sector e prestouse asesoramento en todas as cuestións solicitadas.

A Mesa da Castaña

AGACA está convidada a participar na Mesa da Castaña promovida pola Consellería do Medio Rural. Nela participa un directivo de Aira en representación das cooperativas. Esta Mesa creada con expertos do sector ten por finalidade impulsar e promocionar este sector. Así na reunión celebrada en febreiro de 2023 tratáronse aspectos como: a orde de axudas para o sector; plan de formación do castiñeiro e castaña; comisión técnica para a investigación técnica do castiñeiro e da castaña e previsión sobre a capacidade multiplicadora da planta de castiñeiro.

Neste senso, hai escaseza de planta por culpa do tempo; ademais, non producen co patrón sativa porque están situados en altitudes ás que afecta a enfermidade da tinta. As persoas produtoras e industria solicitan que se prime a variedade sativa porque os híbridos non funcionan. As variedades obxectivo deberían ser a longal, xudía, paredes, amarelante ou famosa, sempre orientadas a industrializar e con patrón sativa, e non competir con variedades doutras zonas que son máis competitivas, fixándose na calidade coa que producen en Portugal.

Por tanto, hai necesidade de que os viveiros teñan planta con patrón sativa, de que se identifiquen castiñeiros centenarios que resistiron á tinta e ao cancro e, con investigación, de replicar esas variedades que valora a industria.

Hai que formar a especialistas do enxerto e a viveiros para que a dispoñibilidade de planta sexa suficiente. A formación debe enfocarse a enxertos e a sanidade do sector. É necesario investigar

tratamentos específicos do castiñeiro, xa que non hai rexistro para tratamentos italianos que se precisan.

O pasado ano 2024 celebramos unha importante Xornada sobre a Castaña na que se abordaron os seguintes temas: Tendencias na produción de castañas en Galicia; Variedades de castaña e selección de clons en Galicia; Claves na produción e comercialización de castaña; Manexo de pragas e enfermidades do castiñeiro; A Experiencia de produción e comercialización da castaña en Galicia; Comercialización da castaña en AIRA e A CARQUEIXA; Realidade de soutos de castaña en Galicia; Axudas e apoios a produción de castaña.

Outras producións de horta e froiteiras en cooperativa

A cooperativa Terras da Mariña leva máis dunha década impulsando a comercialización da Faba de Lourenzá. AGACA colaborou ata 2023 nun proxecto de innovación con ela, para lograr unha semente libre de virus e optimizar así as plantacións de faba. O ano 2024, cunha primavera fría e chuviosa retrasou a sementeira e a colleita, que xunto cun final de verán moi chuvioso, xerou perdas do 80 % da produción de faba.



A cooperativa Cultivos Ribeira do Umia puxo en marcha en 2023 unha plantación de aguacates de 10 hectáreas. A produción de aguacate ve unha crecente demanda no mercado; é unha froita orixinal de América Central con múltiples propiedades como alimento e tamén para a elaboración de produtos para a hixiene persoal. O pasado ano 2024 organizamos unha xornada sobre o aguacate, con moita asistencia de público, na que se abordaron os seguintes temas: Introducción ao cultivo de aguacate en España e en Galicia; Manexo agronómico do cultivo de aguacate; Xestión da rega en cultivo de aguacate; Problemáticas en cultivo de aguacate en Galicia; Colleita e postcolleita; Aspectos económicos e de mercado.

Ullama é unha cooperativa que comercializa mazá de sidra dende hai máis dunha década. O pasado ano 2024 logrou boa produción a pesar das especiais dificultades climáticas do final do verán e inicio do outono, que provocaron perdas de podremia polas choivas e o tempo quente. Son preto de 50 socios que negocian e comercializan conxuntamente a mazá dos seus pomares aos lagares de sidra. Colaboramos en 2024 organizando unha xornada para as persoas interesadas neste sector que abordou os seguintes temas: A selección de variedades de mazá e a súa adaptación ao clima e ao chan; Introducción á produción de mazá para sidra; Cultivo e manexo da maceira; Colleita e almacenamento da mazá; Sustentabilidade e prácticas ecolóxicas no cultivo de mazá; Experiencias na produción e comercialización de mazá de sidra en Galicia.



Finalmente, no ano 2023 constituíuse Proligal coa finalidade de abordar os retos relacionados coa produción de olivas en Galicia, tratando de investigar e coñecer as estratexias produtivas máis axeitadas para este sector na Comunidade. Neste senso, AGACA colaborou con Proligal na posta en marcha dun proxecto innovador, con nome Oligalicia, para mellorar os procesos produtivos das olivas: variedades, fertilización, poda, tratamentos, rega etc.

Ademais, no ano 2024 desenvolveuse unha xornada moi concorrida na que se trataron os seguintes temas: Habilidades emprendedoras nas oliveiras en Galicia; Experiencias produtivas de olivas; Presentación do Grupo Operativo das oliveiras en Galicia (OLIGALICIA), Experiencias produtivas e transformadoras de olivas en Galicia; e Recuperación e estudo das variedades de oliveiras en España.

Sector de Abastecementos e Servizos



José M. López Tellado

*Representante da Xunta
Sectorial de
Abastecementos e
Servizos*

Segundo datos manexados no sector agrario, case un 70 % dos produtos fitosanitarios, dos zoonosanitarios e dos fertilizantes que se comercializan na Unión Europea, e o 50 % das sementes, son controlados por catro grandes grupos. Hai unha responsabilidade das administracións para desenvolver políticas de organización do sector e lograr unhas estruturas fortes fronte a estes mercados de compra; tamén, dos servizos de competencia para evitar as situacións de abuso e, finalmente, de profesionais da agricultura e gandería de metérense de cheo nas estruturas asociativas de tipo empresarial: as cooperativas de abastecementos e servizos.

As cooperativas contribúen a diminuír a excesiva presión que sofren as fases produtivas do sector agroalimentario mediante a aplicación de economías de escala, que permiten prezos máis competitivos nas subministracións ás socias e aos socios e trasladar o valor engadido xerado na fase de comercialización a terceiros, ademais de mellorar a eficiencia na súa aplicación na explotación a través do asesoramento e dos servizos.

Isto permitiu que grandes grupos cooperativos gañasen día a día posición nos mercados, tanto con relación aos fabricantes nacionais e estranxeiros, como con relación aos competidores. Viuse unha expansión das cooperativas de subministracións cara a novos territorios onde ofrecer os seus servizos a outras cooperativas.

A maioría das cooperativas con facturación superior ao millón de euros teñen actividade en subministracións e servizos. Estas lograron organizarse en grandes cooperativas de segundo grao —como é o caso de Coren e Delagro, en Galicia—, acadando unha concentración da demanda que lles posibilita negociar directamente cos fabricantes e acadar unha grande especialización nas subministracións agrarias e gandeiras.

Feitos máis destacados do ano 2024

Estamos en pleno momento de cambio de normas comunitarias que están a afectar moi fortemente a abastecementos e servizos, a profesionais da agricultura e da gandería. Dun xeito rápido repasamos os temas de maior interese neste ámbito.

Comecemos pola rescisión de convenios de colaboración de Sigfito con pequenas cooperativas galegas e polas demandas e medidas solicitadas por AGACA a Sigfito e ás autoridades competentes. Coa entrada en vigor, o 1 de xaneiro de 2025, do RD 1055/2022, de envases e residuos de envases, Sigfito pasa a ser un Sistema Colectivo de Responsabilidade Ampliada do Produtor (SCRAP) coa complexidade do mercado de envases, pero agárdase encamiñar a solución. Fixemos un seguimento ás estacións de servizo desatendidas, que en Galicia evolucionan con moitos atrancos da Administración. Informamos sobre a polémica xerada polo gasóleo B de mobilidade.

Realizamos un seguimento á produción de pensos, que, no caso de Galicia, ten moita importancia no vacún de leite. Dende a súa aprobación, fixemos un seguimento e asesoramento sobre a aplicación da Lei da Cadea Alimentaria que tamén afecta a este sector.

Tamén abordamos un seguimento xeral do mercado dos fertilizantes e seguimos a impulsar a innovación nas cooperativas, colaborando na presentación de proxectos innovadores. Tratamos de orientar sobre o encadramento das obrigas de cotización á Seguridade Social no sector agrogandeiro e de formar a administradores e administradoras as en facturación electrónica.

O Regulamento contra a Deforestación e a súa entrada en vigor e ferramentas de cumprimento xeraron moita preocupación administrativa en 2024. E tamén se informou sobre os avances cara ao cumprimento dos obxectivos establecidos nas estratexias “Da granxa a mesa” e “Biodiversidade” en materia de redución de produtos fitosanitarios.

Alimentación animal. Pensos

O conxunto das cooperativas agrarias galegas fabrica e subministra máis do 60 % dos pensos para alimentación animal, polo que é unha actividade estratéxica no cooperativismo en Galicia.

Galicia subminístrase maioritariamente de materias primas importadas que entran no país, sobre todo polos portos de Marín e A Coruña. A fabricación de pensos é unha actividade moi importante para Galicia, por iso resulta de máximo interese seguir as propostas lexislativas a debate sobre este sector na Unión Europea, concretamente as relacionadas cos pensos medicamentosos, e prever e coñecer as posibles contaminacións cruzadas.

Ao longo de 2022, España fabricou 37,5 millóns de toneladas, o que reflicta unha redución da produción do 2,6 % en relación co 2021, caída que chegou ao 3,8 % no ámbito da Unión Europea. Cataluña e Aragón lideran a produción con 7,8 e 5,8 millóns de toneladas, pero ambas as comunidades sufriron unha caída do 5,4 % con relación ao ano anterior. Galicia é a 5ª Comunidade en produción, cun total de 3 210 029 toneladas, que supoñen o 8,5 % sobre o total de pensos producidos, e cunha redución dun 2,6 % en relación ao 2021.



O 48 % da produción de pensos está dedicada á alimentación do porcino, o 20 % ao bovino e o 19 % á avicultura. O porcino reduciu a produción nun 4 % con relación ao 2021; o bovino, nun 1,6%, e a produción e o penso para aves, nun 0,6 %.

Galicia lidera a produción de pensos para bovino en España. Galicia fabricou aproximadamente os seguintes tipos de penso: 44 % vacún, 25 % porcino e 25 % avícola, o que supón unha facturación de máis de 1 500 millóns de euros. O sector xera 1 500 empregos directos e outros 1 500 indirectos. Para bovino, as plantas galegas fabricaron 1,466 millóns de toneladas.

En 2024 o prezo dos pensos animais caeu de media un 20 % en relación co ano 2023, volvendo á normalidade. Os pensos incrementáronse fortemente no 2022 pola guerra de Ucraína. É certo que volveron a medrar cara a finais do ano 2024, anticipando subas en 2025. A soia foi o composto con maior caída de prezo en 2024. Cara a mediados de 2024 o prezo da tonelada de pensos estaba nos 298 euros, pero trátase dun alimento moi influenciado pola xeopolítica: guerra en Gaza, cambio de políticas con Trump e aranceis etc.

O incremento da dimensión das explotacións produce un incremento do consumo de concentrados. O sistema de control e seguridade alimentaria, coñecido como Galis, supón unha ferramenta sumamente interesante para o prestixio da cabana gandeira galega. Finalmente, aclaración tras aclaración, as cooperativas fabricantes de penso quedan definitivamente á marxe do cumprimento da Lei da Cadea.

Regulamento EU de Deforestación

Este regulamento da Unión Europea ameaza con encarecer a compra de materias primas de alimentación animal en determinados países que non preserven a súa biodiversidade forestal para dedicar terras á produción de cereais, ademais de dificultar a propia operativa do sistema de aprovisionamento das fábricas de penso. Neste senso, había unha preocupación crecente no

sector ante a falta de posta en marcha dos mecanismos que posibiliten a dilixencia debida que entraría en vigor o 1 de xaneiro de 2025.

Dende Cooperativas Agro-alimentarias de España e AGACA insistimos ao Goberno para o aprazamento da entrada en vigor da norma mentres non se puxesen en marcha as ferramentas para cumprir comodamente coa Dilixencia Debida que establece o Regulamento.

A Comisión Europea e os Estados debían recoñecer que o calendario establecido era inviable e que, por tanto, debían tomarse medidas inmediatas para retrasar a entrada en vigor do Regulamento. Todos os representantes do sector agrario nos sumamos á petición de retrasar a entrada en vigor do Regulamento relativo á comercialización no mercado da UE de determinadas materias primas e produtos asociados á deforestación (Regulamento EUDR nas súas siglas en inglés). Apoiamos os obxectivos establecidos na regulamentación sobre a importación procedente de superficies que orixinan deforestación e degradación forestal. Tamén recoñecemos a importancia de conservar os bosques para combater o cambio climático e preservar a biodiversidade, e asumimos as obrigas que corresponden ás cadeas de subministración europea.

A EUDR xera dúbidas de aplicabilidade pola importante carga administrativa que supón para a gandería de vacún de España. Necesitamos aclaracións e unha simplificación dos trámites administrativos. Solicitamos unha aplicación homoxénea en toda a UE que evite distorsións de mercado. Importamos moita soia e a adaptación vai supoñer unha caída da rendibilidade das nosas explotacións.

Por iso, despois de moito solicitar, a Comisión Europea e os Estados, terminaron por recoñecer que o calendario establecido era inviable e que debían retrasar ao día 1 de xaneiro de 2026 a entrada en vigor do Regulamento. Agardamos que ao longo de 2025 sexan capaces de simplificar os trámites burocráticos e facilitar o cumprimento do EUDR dende o primeiro día da entrada en vigor. Agardemos que a UE e as Administración sexan capaces de facelo.

Sabemos que nos atopamos ante un grave problema que vai afectar ao sector gandeiro ao longo dos próximos anos. Por iso, na medida das nosas posibilidades, faremos un seguimento ás medidas políticas que axuden a reducir a factura dos pensos a gandeiros e gandeiras.

Alertas sanitarias

Cumpriu prestar especial atención ás alertas sanitarias, que na fabricación de pensos supoñen preto dun 10 % do número de notificacións, especialmente por: dioxinas en pre mesturas pigmentadas, aflatoxinas B1 en millo e PCB non semellantes ás dioxinas.

Posto que concentracións de aflatoxinas que estean por debaixo dos límites poden orixinar problemas, de utilizárense en produción láctea, préstase especial atención ao axeitado etiquetado para evitar este destino.

As fábricas deben impulsar os autocontrois (APPCC, rexistros de instalación e de equipos, control de calidade, etiquetado etc.) e notificar os resultados ás autoridades competentes para seguir mellorando a trazabilidade e lograr un correcto seguimento das posibles alertas.

Finalmente, recoméndase manter atención á nova normativa que vaia xurdindo en relación coa fabricación de pensos.

Seccións de Maquinaria e CUMA

Accións desenvolvidas:

- Asesoramento na constitución e xestión económica de CUMA (Cooperativas de Utilización de Maquinaria Agrícola).
- Información sobre temas de actualidade, e especialmente en relación coa publicación das axudas.
- Apoio a novas iniciativas tendentes a potenciar os parques de maquinaria e as CUMA, así como os servizos que prestan ás explotacións.
- Trámites de expedientes de subvención de compra de novas máquinas para o dimensionamento dos parques, tanto de cooperativas con sección de maquinaria como de CUMA.

En 2024, a Consellería do Medio Rural fixo a súa convocatoria tradicional de axudas á maquinaria, facéndose importantes investimentos. Neste senso, consideramos clave que as seccións de maquinaria e as CUMA sigan investindo e mellorando os parques de maquinaria, especialmente os investimentos relacionado coa aplicación do RD de Nutrición Sostible de Solos.



AGACA valora que estas axudas —clave para a redución dos custos de produción— se manteñan no tempo, incluso facendo un esforzo por incrementar a súa dotación orzamentaria de fondos públicos, pois axudan a CUMA e parques de cooperativas a potenciar o uso da maquinaria en común, reducindo os custos de produción agrogandeira, así como a pegada de carbono. Isto é especialmente útil nestes tempos en que a competitividade produtiva de alimentos será maior e os mercados, moi volátiles.

AGACA impulsou unha ampliación da axuda na Orde de convocatoria coa finalidade de que potenciais beneficiarios e beneficiarias puidesen recibir axudas acordes coas necesidades do sector e nunha maior proporción sen que se penalice tanto a falta de orzamento da convocatoria, aspecto que no ano 2024 vimos cumprido.

Hai que vixiar constantemente a posible mala aplicación das axudas, o que imposibilitaría camiñar cara á racionalización e transparencia do investimento en máquinas. Reiteradamente solicitamos que ás axudas de maquinaria en común poidan acceder todas as CUMA e Parques de Maquinaria de cooperativas.

Zoosanitarios

As cooperativas teñen unha actividade en zoosanitarios moi importante, tanto dende o punto de vista do servizo as asociadas e asociados por medio do asesoramento técnico, como dende o punto de vista económico, vinculado á actividade de subministración.

Queremos salientar o incremento de prezos tan elevado que se produciu nos zoosanitarios ao longo dos últimos anos. A suba dos zoosanitarios súmase ao resto de incrementos de prezos que sofren os profesionais da agricultura e gandería.

Tamén entendemos que está sendo positiva a redución de uso de antibióticos nos animais de consumo humano, tanto en porcino como en avicultura, cunicultura e vacún de leite e de carne. Entendemos que unha mellora constante da cabana xunto cun mellor manexo dos animais facilitan a redución de uso de antibióticos nas diferentes producións.

Fitosanitarios

A Alianza para unha Agricultura Sustentable (ALAS), constituída por cooperativas agroalimentarias e outras organizacións agrarias, xorde para a defensa dunha agricultura sostible. As asociacións integradas en ALAS resaltan a importancia de confiar nos criterios

científicos e non basear decisións en intencións ideolóxicas que poidan repercutir no sector agrario e no conxunto da sociedade española. A Unión Europea conta cun dos estándares de seguridade alimentaria máis altos do mundo, en gran parte grazas ao conxunto de lexislación vixente, que garante que os alimentos sexan seguros para os consumidores.

A loita contra a praga de corentena denominada *Tecia solanivora* Povolny (ou couza guatemalteca da pataca) segue sendo unha das loitas fitopatolóxicas que se está a desenvolver en Galicia con elevado impacto social, pero con avances positivos. Segundo a Consellería, comezan a verse resultados positivos do esforzo realizado en anos anteriores e xa hai concellos que teñen superada a praga.



Tecia solanivora Povolny en patacas

Porén, novas pragas afectan ao agro galego. Por citar algunhas das máis destacadas: ademais do mildio e oídio nos cultivos de viña, entre outros, tamén podemos destacar como novidosos a flavescentia dourada, que é unha enfermidade seria que se non se manexa axeitadamente, propágase rapidamente e causa perdas económicas importantes no sector vitícola. O verme soldado, ou *Mythimna unipuncta*, apareceu con moita forza nos meses de agosto e setembro polas condicións climáticas causando graves danos.

Neste senso, xunto con outras pragas animais, reiteradamente solicitamos ás administracións unha maior intervención e implicación para buscar xeitos de atallar estas novas pragas. Dende AGACA solicitamos recuperar as Atrias como xeito de abordar a loita contra estas enfermidades das plantas.

Ao longo de 2024 continuou a perda de produtos fitosanitarios para uso agrícola, elevando o número de materias activas que están sendo cuestionadas. En xullo de 2024 publicouse un informe cunha actualización sobre os avances a nivel da UE e de cada Estado para acadar os obxectivos aspiracionais establecidos nas estratexias Da Granxa á Mesa e Biodiversidade, que lembramos:

- Redución nun 50 % do uso e o risco dos produtos fitosanitarios químicos para 2023. España xa cumpre en 2024 co obxectivo.
- Redución do 50 % do uso de produtos fitosanitarios máis perigosos para 2030. España xa cumpre en 2024 co obxectivo.

Ambos os obxectivos poden conseguilo o resto de países da UE. Para iso, os produtores deben usar os fitosanitarios so cando son imprescindibles e aplicar sistematicamente a Xestión Integrada de Pragas.

A finais de marzo de 2023, publicouse o Informe 2021 sobre residuos de fitosanitarios nos produtos da UE elaborado pola EFSA. O obxectivo deste programa é xerar os datos dos indicadores que son estatisticamente representativos de superación dos límites máximos de residuos (LMR) para alimentos de orixe vexetal e animal no mercado común europeo, e que poden ser utilizados para calcular a exposición real de consumidores e consumidoras da poboación europea. Das mostras analizadas de ditos produtos, 13 845 (19,6 % de terceiros países e 76,1 % UE) e para 190 substancias activas encontráronse que:

- 8 043 ou o 58,1 % estaban exentas de niveis de residuos.
- 5 507 ou o 39,8 % contiñan un ou máis residuos en concentracións por debaixo ou equivalentes aos límites legais.

- 295 ou o 2,1 % contiñan residuos que superaban os límites máximos permitidos, taxa distorsionada pola elevada porcentaxe de superación dos LMR en pomelos procedentes de Turquía.

Por outra banda, informamos ás cooperativas das diferentes modificacións e explicacións relacionadas coa ferramenta RETO, o rexistro electrónico de obrigado cumprimento.

Queremos salientar o incremento de prezos tan elevado que se produciu nos fitosanitarios, estimado en máis dun 20 %. A suba dos fitosanitarios súmase ao resto de incremento de prezos que sofren as agricultoras e os agricultores.

Así, e salvo máis modificacións normativas, o programa individualizado de uso sostible de produtos fitosanitarios contemplado no RD 1050/2022 determinará un indicador individualizado no contexto da explotación agrícola, a partir dos datos do Caderno Dixital. Tomarán como anos de referencia os anos 2025, 2026 e 2027 e aplicarase este indicador a partir do 1 de xaneiro de 2028.

Finalmente, lembramos que o 1 de xaneiro de 2025 entra en vigor o RD 1055/2022, de envases e residuos de envases. Todos os envases domésticos será obrigatorio que sexan marcados indicando a que contedor deben depositarse. Dende AGACA, en colaboración con persoal técnico de Cooperativas Agro-alimentarias, asesoramos ás cooperativas para que se poñan en contactos cos SCRAPs e os orienten e asesoren sobre esta materia.

Sanidade animal

AGACA, representando ás cooperativas socias, defendeu os intereses destas entidades en relación coa aplicación da normativa sanitaria animal. Neste senso, impulsáronse actividades e servizos prestados polas Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeira (ADSG) que traballan en colaboración coas cooperativas agrarias socias.

AGACA tamén prestou apoio á Asociación Galega de Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeira (AGADES) e ás cooperativas, en relación coas necesidades das ADSG socias de Galicia. Abordáronse problemas que sofren as ADSG, especialmente tras reducírense as axudas. AGADES animou e convidou ás ADSG de Galicia a que se asocien e se organicen para un mellor desenvolvemento das súas tarefas e cumprimento de finalidades.

Neste senso, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación desenvolveu unha nova ferramenta para facilitar ás persoas gandeiras o autocontrol do uso de antibióticos na loita contra as resistencias antimicrobianas, dentro do Sistema Informático de Control de Prescricións Veterinarias de Antibióticos (PRESVET). Con esta iniciativa afiánzase o esforzo que España realiza nesta materia. A ferramenta permitirá a todas as persoas titulares, inscritas no Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras (REGA) que se incorporen a este novo sistema, consultar os informes trimestrais de consumo de antibióticos das explotacións gandeiras que teñan estas prescricións comunicadas a PRESVET.

Aforro enerxético

Coa colaboración do Fondo Social Europeo (FSE) e da Confederación Empresarial Española da Economía Social (CEPES), AGACA presentou en 2024 o proxecto Mellora da competitividade das explotacións de gando vacún de leite mediante asesoramento para a redución da Pegada de Carbono e a Pegada Hídrica. O proxecto a desenvolver nos exercicios 2025, 2026 e 2027 pretende que os profesionais produtores reduzan os impactos ambientais e as emisións de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI) da súa actividade polos consumos de auga e enerxía, fomentando boas prácticas que axudan a reducir estes



impactos. Agardamos que o resultado deste proxecto xere un amplo beneficio para o sector lácteo de Galicia.

Do mesmo xeito, a axuda de Aconsellamento concedida pola Consellería do Medio Rural para 2024 e 2025 permitirá que AGACA preste asesoramento a máis de 500 explotacións gandeiras de vacún de leite nestes dous anos sobre as que executar tres tipos de asesoramento: Benestar animal (Cumprimento da lexislación e avaliación do benestar animal mediante o protocolo Welfare Quality); Pegada de carbono (concienciación – formación; toma de datos e cálculo; entrega de resultados); Asesoramento á posta en marcha do Sistema de Integral de Xestión de Explotacións (SIXE) das explotacións.

Carburantes



Fíxose un seguimento especial dos aspectos claves relacionados coa subministración de carburantes polas cooperativas socias, mediante o amplo apoio que dende Cooperativas Agro-alimentarias de España se presta ao desenvolvemento deste labor. Informouse constantemente ás cooperativas con distribución polo miúdo de gasóleo bonificado.

Baixo a coordinación de Cooperativas Agro-alimentarias de España lévase a cabo unha estratexia para frear os impedimentos para o desenvolvemento de estacións de servizo desatendidas (ESD). As ESD posibilitan manter puntos de venda en lugares de baixa demanda e ampliar horarios, logrando mellores prezos para o consumidor nun contorno rural. As ESD son máis dun 8 % das estacións de servizo na UE, supoñen máis do 5 % das vendas e superan o 50 % das estacións de servizo en países como Dinamarca, Finlandia, Suecia e Suíza, pero a súa media de vendas é inferior á das estacións de servizo atendidas.

AGACA, en colaboración con Cooperativas Agro-alimentarias de España, defende os intereses das cooperativas con ESD e transmite asesoramento en todos os aspectos relacionados con elas. Segundo un informe da Comisión Nacional do Mercado e da Competencia (CNMC), en xaneiro case unha de cada cinco estacións de servizo xa estaban automatizadas. Xa son máis de 1 900 puntos (1 799 a 31 de decembro de 2024 segundo informe da CNMC) de enchido en España, e ofrecen prezos máis competitivos aos condutores e condutoras. Pese a este incremento, España continúa lonxe dos países referentes na apertura e liberalización do mercado de carburantes como Dinamarca ou Finlandia, onde as automáticas xa superan o 60 %. No caso de Galicia, non é das comunidades do grupo de cabeza (Cataluña, Valencia, Madrid) e non está no grupo de cola (Illas Canarias, País Vasco). Teñen que afrontar as barreiras de concellos e comunidades autónomas.

Baixo o punto de vista de AGACA, as cooperativas teñen unha especial consideración e protección que lles outorga o artigo 129.2 da Constitución Española, debido ás peculiaridades económicas e sociais que as administracións deberían coñecer:

1º.- Son un modelo que traballa en defensa das rendas agrarias, concentrando a oferta de produtos agrarios e a demanda das subministracións da base social, obtendo para ela un maior valor engadido nas operacións comerciais.

2º.- Son unha ferramenta de regulación de prezos e mercados, favorecendo a todas as persoas profesionais da agricultura e a gandería, incluso ás non socias, que utilizan como referencia os prezos das cooperativas á hora de facer as súas compras.

3º.- Contribúen ao desenvolvemento empresarial no medio rural: facturan máis de 1 500 millóns de euros en Galicia e teñen un capital 100 % nacional e do sector agrario, cuxos beneficios retornan ao propio sector e repercuten directamente na poboación rural.

4º.- Son empresas que nunca se deslocalizan, sempre están asentadas no medio rural e contribúen cos seus medios a formar e asesorar ás persoas socias en xestión empresarial, alimentación, sanidade, manexo, sementeira, fertilización, tratamentos fitosanitarios etc.

5º.- Posibilitan a fixación da poboación rural dando cobertura a máis de 25 000 profesionais da agricultura e a gandería e mantendo preto de 6 000 empregos directos e moitos outros de xeito indirecto nos sectores do transporte, da construción e dos servizos.

6º.- Garanten, cos servizos veterinarios e agronómicos, a calidade e seguridade alimentaria, froito da trazabilidade dos seus produtos que sempre proceden das mesmas explotacións e non varían en función de campañas ou prezos.

7º.- Teñen especial interese en defender o medio ambiente formando a socias e socios en prácticas non contaminantes e realizando labores de recollida de residuos de envases fitosanitarios e zoonosanitarios, protexendo a fauna e a flora con sentido común e propiciando un equilibrio sustentable.

8º.- As cooperativas teñen un funcionamento totalmente democrático na toma de decisións, na súa estrutura e na súa xestión, e non pode haber ningún tipo de discriminación á hora de admitir a socios e socias.

9º.- Os beneficios para a base social non se reparten en función do capital achegado, senón en función da actividade cooperativizada que se realiza. Estes beneficios dotan polo menos nun 20 % un fondo de reserva obrigatorio que é non se pode repartir en caso de disolución e nun 5 % os temas formativos.

10º.- Porque non existe outro modelo tan implicado co medio rural, nin tan socialmente responsable como o modelo cooperativo.

Desgraciadamente, o cooperativismo é moi descoñecido polas persoas consumidoras e moi mal tratado en termos de comunicación social por algunhas empresas coas que compite.

Prestación de servizos ás explotacións

O persoal técnico de AGACA realizou un constante e importante esforzo de asesoramento ás cooperativas interesadas en poñer en marcha servizos ás explotacións: impulsáronse servizos de asesoramento; servizos de tramitación de PAC; servizos de maquinaria en común; fíxose un seguimento de apoio aos servizos de substitución; apoiouse aos servizos de xestión de explotacións etc. Un informe máis amplo nesta materia atópase no apartado de servizos de AGACA.

Seccións de Crédito

Na comarca de Ferrolterra sitúase un grupo importante de tres cooperativas con sección de crédito que dispón de máis de 160 000 000 € en depósito(s). O seu coordinador, D. Xosé Ameneiros, da cooperativa de Vilaboa, asiste en ocasións ás reunións que se celebran no seo de Cooperativas Agro-alimentarias.

Segundo datos de Cooperativas Agro-alimentarias de España, hai 248 cooperativas con sección de crédito entre as súas actividades, maioritariamente en Andalucía, Cataluña, Valencia e Castela-A Mancha, que teñen depositados máis de 2 760 000 000 €. Durante 2020 comentouse

a necesidade dunha regulación normativa adaptada á realidade das cooperativas con sección de crédito.

Ao longo de 2024, AGACA mantivo os compromisos coas entidades socias con sección de crédito establecendo un sistema de servizos compartidos de tipo financeiro, mediante acceso conxunto á plataforma notarial ANCERT.

A plataforma ANCERT ofrece servizos fundamentais cara á concesión de créditos inmobiliarios por parte das seccións de crédito. Neste senso, a finais do ano 2021 asinamos un acordo con ANCERT para prestar un servizo de consulta notarial ligado cos préstamos hipotecarios, sendo a primeira organización de cooperativas de España cun acordo deste tipo. Este acordo coa plataforma ANCERT continúa vixente e ao servizo das seccións de crédito ao longo de todo o ano 2024.

AGACA elaborará propostas de modificación da Lei de Cooperativas de Galicia coa finalidade de non supeditar a libre elección de cargos sociais ao cumprimento de determinadas obrigas de formación. É fundamental que a Lei de Crédito Inmobiliario permita ás seccións de crédito de Galicia seguir realizando operacións de préstamo hipotecario á súa clientela, para o que será necesario que as persoas responsables de Facenda e de Cooperativas da Xunta de Galicia entendan e asuman a necesidade de adaptárense á realidade das seccións.



A sección de crédito é unha ferramenta ao servizo da cooperativa e o seu marco de actuación debe estar delimitado e respectar uns principios reitores estritos. No resto de España e en Galicia asistimos a un escenario de concentración e integración para gañar dimensión e implantar economías de escala. A maioría das seccións de crédito están profesionalizadas mediante equipos humanos ben formados, onde a prudencia e o control de riscos son dous elementos clave na xestión e funcionamento. En todo caso, as cooperativas con sección de crédito son un modelo viable e con futuro se se adaptan aos tempos e activan unha filosofía de resiliencia.

Finalmente, a correcta aplicación da Lei de Prevención de Branqueo de Capitais, xunto coa aplicación do Plan de Prevención de Riscos Penais, ademais da aplicación real en Galicia da Lei 5/2019, de 15 de marzo, de Crédito Inmobiliario, segue centrando gran parte das preocupacións

das seccións de crédito. Urxe extremar as medidas fronte ao branqueo de capitais mediante un manual de procedementos ou código de bo goberno que sustente o bo facer do equipo xestor dunha sección de crédito.

Dende a maioría das seccións de crédito séguese o principio de que os produtos que comercializan non poden xerar riscos extraordinarios para o impositor, é dicir: diñeiro sen risco e con data de rescate. Por outra banda, o autofinanciamento estaría limitado, xa que a sección de crédito non debería destinar máis dun 20 % dos seus fondos ao financiamento da cooperativa.

As seccións de crédito de Galicia participaron en 2024 nunha Xornada de Cooperativas Agroalimentarias de España para abordar temáticas de especial interese. AGACA organizou a principios de ano unha concorrida Xornada sobre axudas públicas ás cooperativas. A finais de ano, organizouse outra Xornada divulgativa sobre innovación agroalimentaria onde se presentaron iniciativas innovadoras para o sector.

Medio Ambiente e Control da Fauna

Continuouse a reclamar ante diferentes administracións, o establecemento de axudas e actuacións de control en relación coa fauna salvaxe, especialmente cos danos do xabaril, corvos e lobos. Tamén se seguiu concienciando ás Administracións e á sociedade dos danos que causa a fauna salvaxe aos agricultores e ás agricultoras e da necesidade de facer un seguimento e control das colonias dos animais que máis danan os cultivos.



En setembro de 2024, AGACA solicitou publicamente á Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia medidas para frear os ataques e unha revisión do sistema de indemnizacións para adecualo ás necesidades reais, e medidas contra danos causados por ataques do lobo a gando que están a causar numerosos prexuízos ás explotacións agrogandeiras galegas.

Non poden esquecerse os problemas derivados da abundante presenza de lobos nalgúñas comarcas galegas, que ocasiona danos directos ao matar gando, pero tamén indirectos ao reducir a produción dos que sobreviven nas explotacións, que ven o seu benestar afectado.

Concretamente, estanse a detectar numerosos ataques de lobo a explotacións de vacún que teñen os seus correspondentes cercados. Os lobos comezan a pasearse preto das persoas, vixían aos animais constantemente e buscan o momento oportuno e a escuridade da noite para atacar. Basicamente, atacan e matan vacas enfermas ou preñadas e aos seus xatos máis novos. Vense testemuños na prensa de comarcas onde os lobos chegan a comer nos contedores do lixo das aldeas, con estimacións de mandas de máis de 20 exemplares.

Este grave problema de superpoboación de lobos debe ser xestionado. O lobo en Galicia non é unha especie en perigo de extinción, senón que está en franca expansión, e débese abrir un novo sistema de conservación onde a xestión das mandas permita a convivencia e o benestar do gando e reduza os potenciais riscos para a poboación.

Cómpre resaltar que o necesario benestar animal das vacas vese brutalmente afectado pola proximidade do lobo: ao temer pola súa vida están moi nerviosas, reducen o tempo de pastoreo e o consumo de alimentos, o que afecta a súa produción media.

As vacas de leite que foron atacadas reducen moito a produción de litros/día, as vacas de carne e leite teñen máis problemas para quedar preñadas ou deixan de preñar, os xatos atacados reducen fortemente o consumo e non engordan. Nin a Administración nin os agroseguros cobren estas perdas.

Adobos e fertilizantes

A distribución de fertilizantes, con forte implantación en Galicia, está vivindo unha das maiores reestruturacións sectoriais derivadas do impacto da crise. Esta situación pasa desapercibida para Administracións e sociedade. Nos últimos anos o escenario variou, pois o consumo baixou aproximadamente un 30 %, con perdas por depreciación dos *stocks*, sen financiamento. A estratexia que se seguiu consistiu en asentir as vendas o máis preto posible dos profesionais da agricultura e dar servizos que acompañen aos produtos: loxística, envasado, asesoramento e produtos específicos. Pasouse de usar 49 000 toneladas a 43 000 toneladas no ano 2020.

Tras dous anos de escalada de prezos, acentuada sobre todo tras a guerra de Ucraína, o 2024 trouxo un descenso importante na cotización dos fertilizantes a nivel internacional, con baixadas de máis dun 50 % en relación aos máximos históricos acadados no outono do 2022: amoníaco a 350 dólares a tonelada, cando en setembro do 2022 superaba os 1 000 dólares. A urea baixaba dos 900 dólares ao contorno dos 400. Foron prezos sensiblemente máis baixos que os da primavera de 2022, cando acadaban o contorno do 600 dólares. Tras a moderación de prezos existiu certa volatilidade. Entendemos que tras o ano 2024 debemos agardar unha certa estabilización dos mercados. O amoníaco e a urea volveron a niveis do ano 2019. A baixada sempre é lenta e tarda en chegar ás persoas agricultoras e gandeiras.



As cooperativas e os profesionais da agricultura e a gandería insisten na necesidade de contar con fertilizantes de calidade a prezos competitivos. Os fertilizantes naturais representan o 30 % dos custos variables de todos os sectores de produción agraria. A UE non dispón de suficiente capacidade de produción para satisfacer a demanda de adobos minerais da agricultura europea, polo que deben importarse doutros países como Marrocos ou Rusia, por iso é moi importante manter e diversificar as fontes de aprovisionamento para dispoñer de fertilizantes de calidade a prezos competitivos.

Os representantes do sector xa advertiron que reducir e harmonizar os límites de cadmio podería levar a unha alza dos custos da produción agrícola e afectar á calidade dos produtos fertilizantes que se venden ás persoas agricultoras. Dita harmonización, sen ningún fundamento científico, pode limitar o aprovisionamento de roca fosfatada, xa que os recursos mundiais baixos en cadmio son moi limitados.

En resumo, a substitución de adobos de síntese química por adobos orgánicos é unha das principais estratexias para tratar de reducir o custo en fertilización, sobre todo maximizando o aproveitamento do xurro ou do esterco xerados na propia explotación ou noutras granxas da zona sen base territorial (de aves ou porcos, por exemplo).

Recoméndase tamén o encalado das parcelas para deste modo subir o PH dos solos ácidos de Galicia e neutralizar a excesiva porcentaxe de aluminio, de maneira que as raíces das plantas poidan aproveitar mellor os nutrientes dispoñibles.

05 Servizos e actividades transversais

5.1 Promoción da economía social



Prestar múltiples servizos ás cooperativas agroalimentarias —AGACA agrupa 91 cooperativas galegas que teñen máis de 34 000 socios e socias — implica manter un contacto directo con miles de cooperativistas. É, polo tanto, un vehículo idóneo para coñecer a fondo a natureza cooperativa e aos seus asociados.

Atendendo á situación dos mercados agrarios, AGACA comunícase continuamente cos equipos dirixentes das cooperativas para que incrementen a competitividade das súas empresas. Con ese fin, promóvese a integración de empresas, a intercooperación, a transformación e a conquista de novos mercados, a diversificación, a innovación etc.

Constitución de novas cooperativas

O tamaño empresarial das cooperativas agrarias galegas é demasiado pequeno, o que dificulta a competitividade da actividade empresarial para as que foron creadas por profesionais da agricultura e a gandería.

En determinados sectores ou en actividades onde o volume non resulta especialmente competitivo, AGACA colabora na posta en marcha de novas cooperativas.

Un sector con dificultades especiais para que as cooperativas sigan medrando é o vitivinícola. Despuntan as dificultades das viticultoras e viticultores de Galicia para integrárense nalgunhas adegas cooperativas galegas.

As funcións e traballos desenvolvidos dende AGACA, sempre a solicitude dos socios e socias, están relacionados cos trámites de constitución, solicitude de axudas públicas e realización de estudos económicos de viabilidade da cooperativa.

Agrupacións de Defensa Sanitaria (ADSG)

Dende sempre, as cooperativas veñen facendo un labor de vertebración da gandería de Galicia, o que lles outorga unha presenza e estabilidade inigualables para desenvolver novas actividades.

Unha boa parte das cooperativas gandeiras —aínda sen estar recollidas como ADSG— está a desenvolver tarefas similares, xa que os seus servizos veterinarios sempre considerarán prioritarias as accións de carácter profiláctico (reprodución, calidade do leite, enfermidades infecciosas, desparasitación etc.).

As cooperativas galegas non deben padecer unha falta de recoñecemento de méritos para desenvolver este labor. Este recoñecemento permitiría dar rendibilidade aos investimentos en técnicos e asesoramento feitos polas distintas Administracións nos actuais servizos das cooperativas.

Durante 2020 asesoráronse algunhas cooperativas no inicio do procedemento de constitución e recoñecemento da cooperativa como ADSG.

Asociación Galega de Técnicos de Equipos de Muxido (AGATEM)

AGATEM ten como obxectivos fundamentais:

- Promover, articular e defender a integración e a coordinación dos Técnicos de Control de Equipos de Muxido no ámbito profesional e territorial de Galicia.
- Colaborar coa Administración no campo dos sistemas de manexo e control para un mellor desenvolvemento de prácticas correctas para a produción láctea, así como noutras posibles actividades que propicien o desenvolvemento do sector gandeiro.
- Propiciar o progreso sanitario e económico do sector gandeiro.
- Representar e defender os intereses comúns, profesionais e económicos das persoas asociadas diante da sociedade e das Administracións Autonómicas.
- Contribuír e participar na formación empresarial ou profesional dos membros asociados e asociadas.

5.2 Asesoría Xeral

Asesoría Xurídica

Apoio á xestión e á contabilidade

En AGACA levamos mais de 30 anos prestando todo tipo de servizos de asesoría fiscal, contable, laboral e administrativa a cooperativas, sociedades agrarias de transformación, sociedades civís, sociedades de capital, explotacións gandeiras individuais etc. dende as oficinas de Lugo, Santiago e Ourense, achegando un alto valor engadido para a nosa clientela. Somos un equipo de profesionais con elevadas cualificacións e cunha dilatada experiencia e prestamos un servizo rápido e de calidade a todas as áreas da estrutura interna das empresas mediante o asesoramento constante ao seu persoal técnico. Servimos de apoio directo a persoal e equipos xestores das cooperativas para resolver os problemas do día a día coas administracións e planificar a incidencia que teñen estes aspectos legais sobre o desenvolvemento de proxectos cooperativos, co obxectivo de proporcionar un alto grao de satisfacción ás persoas que depositaron a súa confianza en AGACA.



O equipo de asesoría de AGACA está en continua formación para ofrecer un asesoramento de máxima calidade, achegando tranquilidade e seguridade xurídica nas operacións e procedementos, procurando reducir o custo fiscal ao máximo e cumprindo a normativa tributaria, así como levando unha contabilidade que proporcione información útil e oportuna para a administración do negocio.

No que se refire a asesoría laboral, proporcionamos a suficiente información para que a nosa clientela tome sempre as mellores decisións.

O noso equipo trata de estar en contacto coa clientela para facer un traballo de asesoramento e planificación de gastos e impostos, reducíndoos ao máximo dentro da legalidade vixente, co cal axudamos a mellorar as marxes comerciais e o obxectivo das empresas.

Prestamos un asesoramento personalizado e axustado ás características e necesidades de cada cooperativa, explotación gandeira, sociedade, profesional ou particular, porque non todos os negocios son iguais, facendo de AGACA un asesor moi apreciado no sector agrario.

O uso das novas tecnoloxías permítenos realizar todos os trámites dun xeito mais áxil, optimizando ao máximo o noso traballo, e estar continuamente informados das novas que van xurdindo para ofrecer aos clientes un servizo de calidade a un prezo óptimo.

AGACA é, dende 2007, entidade colaboradora coa Axencia Tributaria para poder tramitar a través de Internet as solicitudes de devolución extraordinaria das cotas do Imposto sobre Hidrocarburos, satisfeitas ou soportadas por explotacións agrarias e cooperativas que prestan servizos de maquinaria con ocasión das adquisicións de gasóleo. Dende entón, AGACA realiza un número importante de solicitudes todos os anos.

Á vez, AGACA ofrece asesoramento específico sobre o tratamento da solicitude de devolución das cotas do Imposto sobre Hidrocarburos ao persoal das cooperativas socias que realizaban este servizo para os seus socios e socias e tamén sobre o manexo da páxina web e dos formularios para realizar a solicitude e o seguimento da tramitación da devolución.

Os servizos de asesoría que prestamos abarcan as especialidade de asesoría fiscal, asesoría contable e asesoría laboral; ademais, colaboramos con varios avogados, o que nos permite dar un servizo moi especializado ás cooperativas e empresas do sector agrario

As actividades que realiza AGACA para levar a cabo o asesoramento descrito son as seguintes:

Área Fiscal

En consultoría fiscal ofrecemos asesoramento a clientes e entidades socias co cumprimento das obrigas tributarias en prazo e forma e de xeito que resulten máis favorables.

O equipo técnico de AGACA presta os seguintes servizos no ámbito fiscal:

- Constitución de sociedades ofrecendo o asesoramento previo sobre a forma xurídica que máis se adapte aos recursos e necesidades de clientes e clientas. Presentación da documentación precisa nas diferentes Administracións e axuda á clientela na toma de decisións no inicio da actividade.
- Asesoramento e actualizacións dos cambios na normativa fiscal vixente e novidades tributarias.
- Presentación de informes periódicos da situación e control de impostos.
- Supervisión e análise de procesos e trámites fiscais das empresas.
- Servizos fiscais para persoas traballadoras autónomas e persoas físicas.
- Asesoramento, asistencia e contestación a requirimentos, liquidacións e recursos en todos os impostos ante Inspeccións Tributarias ou de calquera outro organismo.
- Declaracións - liquidacións dos distintos modelos: estudo, confección e presentación, tanto anuais como trimestrais ou mensuais.
 - Imposto sobre o Valor Engadido: MOD. 303 + MOD.390 + Envío libros IVA (SII).
 - Retencións arrendamento locais: MOD.115 + MOD.180.
 - Retencións de capital mobiliario: MOD 123+MOD 193.
 - Confección Imposto pagos a conta: MOD 111+ MOD.190.
 - Pago Fraccionado I. Sociedades: MOD.202.
 - Declaración Operacións superiores a 3.005,06 euros: MOD.347.
 - Declaración Operacións Intracomunitarias: MOD.349.
 - Declaración de I. Sociedades: MOD.200.
 - Declaración de operacións en fábricas e depósitos fiscais de viño e bebidas fermentadas: Mod. 553.
 - Pago fraccionado de empresas e profesionais en estimación directa: MOD 130.
 - Declaración informativa anual réxime atribución de rendas: MOD 184.

- Imposto sobre alcol e bebidas derivadas (Venda de bagaño para elaboración de augardentes): Mod. E21.
- Altas e baixas e variacións de datos no censo de obrigados tributarios: MOD 036 e 037.
- Xestión da DEHú.
- Libros oficiais e fiscais de IRPF e de IVE.

Durante 2024 AGACA prestou este tipo de servizos a 53 cooperativas, 11 sociedades agrarias de transformación (S.A.T.), 12 sociedades de responsabilidade limitada (SL), 9 persoas físicas, 11 Comunidades de Montes Veciñais en Man en Común e 11 entidades doutro tipo (asociacións, sociedades civís etc.), dende as oficinas de Lugo e Ourense.

Área contable

Sendo a área contable a fonte de información máis importante de todas as empresas, en AGACA o servizo de asesoría contable ofrece ás entidades clientas levar unha contabilidade que mostra a imaxe fiel do seu patrimonio e dos seus resultados en cada momento. Deste xeito e por unha banda, realizamos a contabilidade, xestionando documentos e información facilitada pola empresa garantindo o cumprimento das obrigas legais; por outra, ofrecemos unha información útil e fiable que sirva ao cadro directivo para tomar as mellores decisións. Para isto realizamos as seguintes tarefas:

- Deseño e implantación dun plan contable adaptado ás necesidades da empresa.
- Análise da documentación recibida, realización dos correspondentes asentos contables procedendo á súa gravación.
- Emisión e explicación ás empresas de informes contables periódicos.
- Deseño, control e seguimento das fichas de inmovilizado por cada elemento establecendo un plan de amortizacións.
- Obtención e emisión dos estados contables (Balances de Situación, de Sumas e Saldos, Contas de Perdas e Ganancias etc).
- Confección dos informes contables e informativos de cada exercicio para proceder á súa legalización no Rexistro correspondente.
- Obtención dos estados financeiros e das Contas Anuais para o seu depósito no Rexistro Mercantil ou de Cooperativas.
- Presentación das contas anuais ao Consello Reitor e Asemblea.
- Información e tramitación sobre obrigas formais.
- Colaboración na realización de informes económicos, contables, administrativos para as administracións, bancos, empresas auditoras e outras entidades.

Durante 2024, prestamos este tipo de servizos a 35 cooperativas, 9 sociedades agrarias de transformación (S.A.T.), 6 sociedades de responsabilidade limitada, 2 asociacións, 11 Comunidades de Montes Veciñais en Man Común, 2 comunidades de bens (C.B.), 2 sociedades civís (S. C.) e 9 autónomos e persoas físicas dende as oficinas de Lugo e Ourense.

Área Laboral

No que respecta á asesoría laboral, coidamos de todos os aspectos laborais para garantir o cumprimento da normativa e a xestión dos trámites legais tanto nas relacións cos traballadores como nas obrigas coa Seguridade Social. As asesoras de AGACA nesta materia contan cos coñecementos e experiencia para informar sobre cales son as mellores opcións á hora de contratar a profesionais para optimizar os custos cumprindo coa normativa vixente en cada momento.



Dende AGACA realizamos as seguintes tarefas para as empresas que solicitan o servizo de asesoría laboral:

- Xestión laboral polo sistema RED.
- Realizacións de nóminas e contratos, liquidacións, liquidacións dos traballadores.
- Realizacións de nóminas, pagas extraordinarias e liquidacións dos traballadores.
- Contratos de traballo, prórrogas e renovacións, estudando as distintas modalidades e posibles subvencións e bonificacións.
- Estudos de custos de persoal. Indemnizacións.
- Elaboración de seguros sociais (boletíns cotización RLC, RNT).
- Liquidación de cotas á Seguridade Social.
- Notificación á Seguridade Social da situación laboral da persoa empregada mediante a preparación e notificación de Partes de Enfermidade (Incapacidade Temporal) e Accidente.
- Notificación á Seguridade Social de baixas por maternidade/paternidade establecendo os períodos de baixa.
- Aplicación e actualización de Convenios e normas laborais.
- Inscripción de Empresas na Seguridade Social e posteriores modificacións.
- Asesoramento e tramitación de subvencións e axudas á contratación.
- Inspeccións laborais: asistencia, defensa, contestación a requirimentos, liquidacións e recursos.
- Mutuas de accidentes. Confección e tramitación de solicitudes de asistencia, partes de accidente (Delt@) e tramitación pago directo do traballador.
- Representación en Actos de Conciliación no SMAC (Sección Provincial de Mediación, Arbitraje e Conciliación) e procedementos de despedimento.
- Solicitud de prestacións de cese de actividade de autónomos.
- Outros trámites: vidas laborais de traballadores e de empresas, certificados de estar ao corrente de pago, trámites en recadación e adiamentos, contratos e retribucións a directivos, presentación de ofertas de emprego.

Durante 2024, prestamos este tipo de servizos a 34 cooperativas, 8 sociedades agrarias de transformación (SAT.), 3 persoas físicas, 8 sociedades de responsabilidade limitada e 6 entidades doutro tipo (asociacións, sociedades civís etc.), dende as oficinas de Lugo e Ourense.

Outros servizos

AGACA tamén prestou outros servizos administrativos solicitados pola clientela relacionados coa xestión, tales como:

- Legalización de sociedades.
- Redacción de actas do Consello Reitor e da Asemblea Xeral.
- Confección de certificados de Xuntas.
- Contratos de compra-venda.
- Confección e impresión de Libros de socios e actas.
- Inscripción de maquinaria no ROMA.
- Solicitud de subvencións da Xunta de Galicia.
- Realización de memorias e outros documentos para xustificación de subvencións.
- Selección de persoal para as empresas que o solicitan.
- Inscripción de membros dos órganos sociais elixidos nas sociedades no rexistro correspondente.



- Contestación a enquisas do INE ou doutros organismos.
- Prevención de Branqueo de Capitais. Actualización na plataforma e xestionar a información de cada unha das empresas clientas.
- Realización do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas: MOD.100.

5.3 Calidade e Seguridade Alimentaria

En 2024 traballouse nas seguintes áreas:

- Certificación baseada na Guía de Prácticas Correctas de Hixiene - Inlac.
- Certificación Benestar Animal de Explotacións gandeiras baseado no Referencial Welfare Quality e AWIN® para explotacións que entregan leite a Aira.
- Implantación da certificación Leite de Pastoreo e Welfare Quality e AWIN® para explotacións que entregan leite a Leche Celta, S.L.U.
- Implantación da certificación Leite de pastoreo e Welfare Quality e AWIN® para explotacións que entregan leite a Lactalis.
- Implantación da certificación Leite de pastoreo e Welfare Quality e AWIN® para explotacións que entregan leite a Agrocantabria.
- Certificación Benestar Animal de Explotacións gandeiras baseado no Referencial Welfare Quality e AWIN® para Naturleite.
- Implantación da certificación Leite de pastoreo e Benestar Animal de Explotacións gandeiras baseado no Referencial Welfare Quality e AWIN® para Agrocantabria.
- Avaliación de limpeza e desinfección e de trazabilidade nas rutas de recollida de leite cru e centros de recollida.
- Sistemas de xestión e estándares de calidade: GLOBALG.A.P. en Aira S. Coop. Galega, Cusoviam S. Coop. Galega, Xallas S. Coop. Galega e Plantel de Betanzos S. Coop. Galega.
- Aconsellamento en benestar animal e pegada de carbono en 208 granxas de leite.
- Programa de acompañamento para a revisión de normativa sectorial en vacún de leite.



Certificación Leite de Pastoreo: marca AGROCANTABRIA

Desenvolvéronse traballos de asesoramento para a certificación do esquema de Leite de Pastoreo para Agrocantabria.

Realizouse a auditoría interna do centro de procesado e do sistema de xestión, así coma o acompañamento no proceso de autocontrois.

Implantación da Certificación Leite de Pastoreo e Welfare Qualitye AWIN® : marca Leche Celta S.L.U.

Desenvolvéronse traballos de asesoramento para a certificación dos esquemas de Leite de Pastoreo e Benestar Animal de Explotacións gandeiras baseado no Referencial Welfare Quality e AWIN® en explotacións da súa recollida e nas fábricas de Leite Celta, S.L.U. en Pontedeume, Meruelo e Ávila. Neste último ano mantívose o volume de traballo realizado con anterioridade, a pesar do peche de ganderías. É salientable que gran parte das persoas produtoras son socias de cooperativas galegas.

Realizáronse máis de todos os autocontrois de produción de leite de pastoreo, así como os de Benestar Animal. Tamén, una auditoría de rastrexabilidade en cada industria láctea, así como acompañamento nas auditorías externas do Organismo de Certificación (ganderías e industrias).

Certificación Leite de pastoreo e Benestar Animal de Explotacións gandeiras baseado no Referencial Welfare Quality e AWIN®: Lactalis

Desenvolvéronse traballos de asesoramento para a certificación dos esquemas de Leite de Pastoreo e Benestar Animal de Explotacións gandeiras baseado no Referencial Welfare Quality e AWIN® para Lactalis nas explotacións ás que lles recolle o leite, así como nas súas industrias en Nadela, Mollerussa e Castela e León.

Neste ano mantiveron o volume e o número de produtores certificados no esquema de Leite de Pastoreo e Benestar Animal (dobre certificación).

Tamén se asesorou a produtores e produtoras de benestar animal en Galicia, Andalucía, Cataluña, e Castela e León.

Gran parte destas explotacións asesoradas son socias de cooperativas galegas.

Realizáronse todas as auditorías internas nas ganderías do esquema de Leite de Pastoreo, así como nas do esquema de Benestar Animal, e unha auditoría de rastrexabilidade en cada industria láctea. Tamén se realizou acompañamento nas auditorías externas do Organismo de Certificación (ganderías e industrias).

Certificación Benestar Animal de Explotacións gandeiras baseado no Referencial Welfare Quality e AWIN®: Naturleite

Durante o ano 2024, incrementouse a colaboración con Naturleite, realizando traballos de asesoramento a ganderías no esquema de certificación de Benestar Animal de Naturleite, baseado no Referencial Welfare Quality e AWIN®.

Así mesmo, tamén se comezou a colaborar con Entrepinares e Lactiber de Castela e León no asesoramento de explotacións gandeiras no Referencial Welfare Quality e AWIN®.

Certificación Benestar Animal de Explotacións gandeiras baseado no Referencial Welfare Quality e AWIN®: Aira



Realizáronse traballos de asesoramento para a certificación no esquema Benestar Animal de Explotacións gandeiras baseado no Referencial Welfare Quality e AWIN® mantendo o volume de produtores socios de Aira asesorados. Así, realizouse unha auditoría a cada explotación gandeira e auditoría interna ao sistema de xestión implantado por Aira, así como acompañar durante auditorías externas do Organismo de Certificación

Certificación Leite de pastoreo e Benestar Animal de Explotacións gandeiras baseado no Referencial Welfare Quality e AWIN®: Agrocantabria

Colaborouse coa cooperativa Agrocantabria asesorando ao seu persoal técnico na certificación de Leite de pastoreo. Realizáronse dúas auditorías internas ao sistema de xestión implantado, así como á queixería onde elaboran o queixo con Leite de pastoreo. Acompañouse ao Organismo de Certificación (explotacións e industria) durante a auditoría externa.

Realizáronse os traballos de asesoramento do esquema de certificación de Benestar Animal de Explotacións gandeiras baseado no Referencial Welfare Quality e AWIN® nas explotacións socias da cooperativa, mantendo o volume certificado de anos anteriores.

Avaliación de limpeza e desinfección e de rastrexabilidade nas rutas de recollida de leite cru e centros de recollida

Avaliouse: o proceso de recollida, a toma de mostras, o transporte de leite e a limpeza e desinfección dos camiións da empresa contratada pola cooperativa primeiro compradora para o transporte do leite de Aira.

Avaliouse o proceso de limpeza e de desinfección das instalacións do centro de recollida de leite que Aira ten en Chantada.

Avaliouse: o proceso de recollida, a toma de mostras, o transporte de leite e a limpeza e desinfección dos camiões das empresas contratadas para Lactalis.

Sistemas de xestión e estándares de calidade: GLOBALGAP



Durante todo o ano asesorouse ás cooperativas: Aira, Cusoviam, Xallas e Plantel de Betanzos para a certificación en GLOBALG.A.P. das súas fábricas de penso.

Resaltar o esforzo que realizou Perpetuo Socorro, xa que acadou por primeira vez este ano a certificación. Por outro lado, as outras tres cooperativas conseguiron manter o nivel renovando así a certificación.


Sistemas de xestión e estándares de calidade: IFS

Ao longo de 2024 conséguese a certificación do referencial IFS Food para ERICA MEL na súa planta de envasado de mel.

Certificación baseada na Guía de prácticas correctas de hixiene


En 2014 comezou a incorporación da certificación “Leite certificado de AGACA”, baseada na “Guía de Prácticas Correctas de Higiene”, en 150 explotacións leiteiras das cooperativas Icos, Agroganadera de Sarria, O Xeixo, O Pereiro, Central de Frades, Campodeza, O Rodo e Codegui, e en explotacións subministradoras de Celega e Celta.

En 2024 acadaron o certificado explotacións socias das cooperativas Aira, O Xeixo, Leiteira Pico Sacro e Cooperativa Agraria Comarcal de Ordes S. Coop. Galega, así coma explotacións subministradoras de Naturleite e Celega.



Isto demostra a capacidade de gandeiros e gandeiras —primeiro elo da cadea de produción— para ofertar produtos sans e seguros, obtidos mediante boas prácticas (rastrexabilidade, alimentación, manexo do gando, rutinas de muxido, mantemento de equipos, emprego de medicamentos, benestar animal, medio ambiente etc.) e de dispoñer de estruturas empresariais resilientes, capaces de adaptárense aos novos desafíos que lles son impostos.

Realizáronse máis de 100 controis internos, visitas rutineiras e máis de 60 controis de potabilidade de augas e controis de temperatura.



5.4 Comunicación e Divulgación Cooperativa

As accións comunicativas executadas dende AGACA oriéntanse a fomentar a comunicación mediante:

Comunicación interna

Son obxectivos da comunicación interna dispoñer de información para acadar unha posición estratéxica e competitiva en calquera ámbito e xestionar axeitadamente o gran volume de información que circula cada día. Son tarefas densas pero importantes.

Neste senso, dende 2007, AGACA ofrece ás cooperativas socias a posibilidade de recibir resumos informativos diarios coa selección das noticias máis relevantes contidas nos xornais impresos e medios electrónicos, vinculadas aos sectores agroalimentarios ademais de achegar informes sectoriais específicos.

Accións

- Resumo de prensa diario coas novas máis destacadas.
- Informes sectoriais: as novas máis destacadas dos distintos sectores.
- Compartir información procedente de Gabinetes Governamentais, Centros de Investigación e outras fontes relacionadas co sector.
- Intercambio de información cos gabinetes de comunicación do resto de FUT de Cooperativas Agro-alimentarias de España e doutras entidades.
- Separatas informativas.
- Emisión de notas e comunicados de prensa.
- Seguimento informativo das novas publicadas sobre cada acción/proxecto desenvolvido.
- Información por WhatsApp, Telegram, Facebook, Twitter e Instagram.
- Páxina web corporativa: www.agaca.coop.
- Comunicacóns de eventos e reunións por correo electrónico e redes sociais.
- Acceso a informes, datos, publicacións e axendas de utilidade para os técnicos e para as cooperativas. Entre outras, recíbense puntualmente as revistas elaboradas polas diferentes Federacións e Unións integradas en Cooperativas Agro-alimentarias e envíase información para difundir a través dos seus medios.
- Revista *Cooperación Galega*.

COOPERACIÓN GALEGA

En 2024 publicáronse cinco números da revista corporativa (do 167 ao 171, ambos os dous incluídos) cunha tiraxe de 7.000 exemplares en cada edición.



Temas tratados

Os temas principais abordados a fondo na revista tituláronse: “Unha ollada profunda aos desafíos do agro”, “Gandeiros opinan sobre a realidade do vacún de carne”, “O proxecto de Lei de desperdicio alimentario non convence ás cooperativas”, “O Diálogo Estratéxico sobre o futuro da agricultura da UE alenta a unión en cooperativas” e “ES-Factory apoia as cores da economía social”.

Ademais os cadernos técnicos versaron sobre: “O impulso da integración de cooperativas agroalimentarias e outras entidades asociativas unha década máis tarde”, “Habita Rural: Un proxecto para revitalizar o campo galego integrando a persoas vulnerables, co apoio das cooperativas”, “Os fakes da gandería e o consumo da carne e como desmontalos, segundo a Universidade de Turín”, “Proxectos FEADER: claves para reducir o impacto ambiental da carne galega e combater o virus BCMV na Faba de Lourenzá” e “O papel do Parlamento Europeo no futuro do sector agroalimentario”.

Comunicación externa

AGACA enviou 18 comunicados e notas de prensa en 2024. Ademais, entrevistas e reportaxes, participación na organización de eventos para dar visibilidade á Economía Social, cobertura de eventos, grafismos, traducións, revisións gramaticais e de contidos, clipping, confirman un claro xiro cara a divulgar a práctica totalidade das accións técnicas emprendidas dende a Asociación, os proxectos nacionais e internacionais nos que participa, así como a súa posición ante situacións clave en determinados sectores agroalimentarios.

En 2024 este labor traducíuse en, aproximadamente, 227 mencións en medios de comunicación, das cales oito corresponden a intervencións en radio e televisión.

A web de AGACA www.agaca.coop, xunto coas redes sociais, son elementos que contribúen ao posicionamento e divulgación do papel da asociación no contorno social e cooperativo galego. Novas, axudas dirixidas ao sector, cursos e actividades e publicacións diversas, ademais dun directorio das cooperativas socias e outra información configuran o formato da páxina web.

Neste senso, difundíronse 68 novas relacionadas con actividades propias e alleas mediante a web da Asociación. En canto ás redes sociais, as publicacións realizadas en Facebook (onde conta con 3 402 seguidores) acadaron 51 200 visualizacións, mentres que as de Instagram (con 560 seguidores) chegaron a 11 900. En canto a X, non se dispón das métricas de visualización, pero a conta de AGACA suma 1 636 seguidores. YouTube utilizouse para pór á disposición das persoas interesadas diversas gravacións de xornadas e iniciativas desenvolvidas pola Asociación. A novidade nesta área vén pola creación dun perfil da Asociación na rede LinkedIn, que sumou 768 seguidores nos seus primeiros 10 meses de vida.

Continúan en crecemento as canles de difusión a través de WhatsApp (423 persoas subscritas) e Telegram (81 persoas subscritas).

O departamento de comunicación de AGACA tamén colabora na organización e/ou difusión de iniciativas coma “El Sentido de la carne” (impulsada por interprofesionais do sector cárnico español), Business Factory Food (aceleradora impulsada polo Clusaga) ou outras organizadas por entidades e axentes da economía social.

5.5 Corretoría de Seguros

Servizo de seguros UCOGA



Facilitamos aos socios e socias das cooperativas o acceso a información e a un mellor servizo, entendemos as necesidades de cada profesional do sector primario e atopamos solucións a medida. Actividades realizadas no ano 2024:

- Xestión de pólizas de seguros, produtos exclusivos en diversos ramos nos que somos especialistas, como a industria agroalimentaria ou os transportes. Estudamos calquera risco susceptible de ser asegurado para darlle a solución óptima, traballamos coas maiores compañías aseguradoras do mercado. Trato personalizado
- Asistencia ás reunións do **Grupo de Trabajo de Seguros de Cooperativas Agroalimentarias de España**. Representantes do **Grupo de Normativa de la Comisión General de ENESA sobre seguros de ganadería**.
- Formación: cursos de especialización no marco do Convenio Enesa 2024.

Seminario técnico: El papel del Consorcio de Compensación de Seguros en el sistema de seguros agrarios combinados (5 de xuño en Madrid).

Curso de especialización técnica: Líneas de seguros de explotaciones ganaderas (3-4 de outubro, en Pozoblanco – Córdoba).

- Promoción do seguro agrario campaña de publicidade e plan de medios, radio, prensa.



06 Proxectos e programas

6.1 Formación

En colaboración coa Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade / Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

A finais do 2023 comezamos dúas accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas en situación de desemprego, denominadas “OPERACIÓNS DE GRAVACIÓN E TRATAMENTO DE DATOS E DOCUMENTOS”, de 458 horas. Unha foi impartida na aula de AGACA en Lugo e rematou en maio de 2024 con 13 alumnos/as; outra, na aula de Melide, rematou no mes de abril con 9 participantes que superaron todos os módulos. No caso do curso de Lugo, realizouse integramente en aula física e, no de Melide, combinamos a modalidade presencial en aula física coa modalidade online mediante aula virtual.

Na aula de Melide realizamos tamén o certificado de profesionalidade ACTIVIDADES DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA, de 898 horas, que rematou no mes de agosto con 7 estudantes.

A finais do ano 2024, iniciamos dous cursos no mes de decembro de “ACTIVIDADES DE XESTIÓN ADMINISTRATIVA”, de 898 horas, un na aula de Lugo e outro en Melide, que rematarán no mes de setembro de 2025, e un de “OPERACIÓNS DE GRAVACIÓN E TRATAMENTO DE DATOS E DOCUMENTOS”, de 458 horas, en Melide, que rematará no mes de maio de 2025.

Esta formación resulta na obtención dos Certificados de Profesionalidade correspondentes, é eminentemente práctica e inclúe en todos os casos un módulo de prácticas profesionais non laborais en empresas, a fin de facilitar o acceso ao mercado laboral do alumnado.

En colaboración con Cooperativas Agro-alimentarias de España

Realizouse 1 curso en modalidade presencial nas instalacións da cooperativa VITIVINÍCOLA AROUSANA, dirixido a membros do consello reitor, cunha duración total de 12 horas e 12 participantes, ao abeiro do Convenio asinado entre Cooperativas Agro-alimentarias de España e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Formación Bonificada

Con cargo aos créditos dos que dispoñen as empresas para a formación dos seus cadros de persoal, xestionados pola Fundación Estatal para a Formación no Emprego, xestionáronse as bonificacións correspondentes a 7 cursos, cun total de 183 horas lectivas e 12 participantes.

Plataforma de teleformación



No ano 2024 desenvolvemos os contidos do curso de formación para persoal que traballa con gando bovino, para a súa realización en modalidade teleformación a través do campus virtual de AGACA, formación que está tendo moito éxito pola flexibilidade horaria, que permite ao alumnado realizala adaptándose aos seus horarios.

Nesta mesma plataforma estamos integrando as outras actividades formativas que AGACA estaba a realizar nesta modalidade.

6.2 Autonómicos

Rede Eusumo



eusumo
Cooperativismo e Economía Social

Rede Eusumo nace en 2010, impulsada pola Consellería de Traballo e Benestar, co fin de aproveitar sinerxías e tecer unha especie de rede virtual para a formación, divulgación e asesoramento en cooperativismo ao longo de toda Galicia. Como infraestrutura, conta con aquelas instalacións postas á súa disposición polas entidades colaboradoras, vinculadas coa fórmula cooperativa en distintos sectores.

Grazas a esta Rede, créase un tecido de actividades e servizos por toda Galicia que facilita a capacidade de asesoramento, orientación, formación e acompañamento nas iniciativas empresariais iniciadas, ademais de prestar un importante apoio á internacionalización, á celebración de encontros internacionais e transfronteirizos, ao intercambio comercial e á cooperación empresarial.

As seguintes actividades foron obxecto de subvención ao abeiro da Orde do 19 de xullo de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades colaboradoras da Rede Eusumo para realizar actividades de promoción e impulso do cooperativismo e a economía social (DOG núm. 146, do 02.08.2023).

ENCONTROS DE MULLERES SOCIAS E DIRECTIVAS DAS COOPERATIVAS AGROALIMENTARIAS

Contido dos encontros

Poñer de manifesto o valor da figura da muller do rural, así como promover a súa participación nas cooperativas en postos de responsabilidade, saíndo da esfera “privada”, significa ter en conta e impulsar o talento de case a metade das persoas socias que compoñen estas entidades, dado que o 45 % das persoas socias das cooperativas agroalimentarias galegas son mulleres.

Dar visibilidade á muller empresaria, directiva, profesional e traballadora en todos os ámbitos económicos e sociais do movemento asociativo agrario e do mundo rural no seu conxunto.

Promover e mellorar a participación das mulleres do medio rural, en particular mediante o aumento do emprendemento feminino.

Aumentar a participación e representación das mulleres nos postos de responsabilidade e decisión económica, social e política do medio rural.

Promover a participación efectiva e representación das mulleres nos órganos de decisión de empresas e organizacións do medio rural, identificando as barreiras socioculturais que impiden a dita participación así como as estratexias para combatelas.

Realizamos tres encontros de mulleres nas cooperativas O XEIXO S. Coop. Galega, XALLAS-SANTA COMBA S. Coop. Galega e CONDES DE ALBAREI S. Coop. Galega.




Xornada en O Xeixo. 20 de marzo 2024.

XORNADAS “O MODELO COOPERATIVO COMO FERRAMENTA PARA FIXAR RIQUEZA NO MEDIO RURAL”

Finalidade

No medio rural de Galicia existe unha implantación razoable de cooperativas agroalimentarias, partindo de cada unha das actividades produtivas máis importantes e tradicionais e dende a dobre perspectiva económica e social. Con todo, o medio ou sistema rural, e mesmo a actividade económica que tradicionalmente se desenvolve neste medio, como a agraria e gandeira, están en constante evolución e non son alleos ás novas tendencias no eido económico e social.

Estas novas tendencias veñen moi marcadas e lideradas polas políticas públicas, por exemplo: as políticas emanadas dende o ano 2020 do Pacto Verde Europeo (deste Pacto xorden as estratexias Da Granxa á Mesa e de Biodiversidade), a adaptación ás novas esixencias ás empresas relacionadas cos Informes de Sostibilidade, a proposta legislativa da Comisión Europea sobre Carbon Farming e/ou a descarbonización de actividade agraria e gandeira, o impulso imparabile do benestar animal como principio da produción gandeira, a restauración da natureza e a recuperación de terras deterioradas, a redución de desperdicio alimentario etc.



A economía social e o cooperativismo tamén poden e deben ser unha resposta organizativa empresarial fronte ás novas tendencias e retos económicos, produtivos e sociais: tanto dende as cooperativas xa constituídas e que estean dispostas a abrir e asumir os novos retos e tendencias, como dende novos proxectos innovadores que catalicen as necesidades dos servizos dende unha óptica da subministración ou dende a óptica do consumidor deste novo servizo (agricultor ou gandeiro).

Por todo iso, organizamos dúas xornadas nas cooperativas O RODO S. Coop. Galega e O XEIXO S. Coop. Galega, ás cales asistiron 40 persoas.

OBRADOIROS “SISTEMA INTEGRADO, XESTIÓN DE EXPLOTACIÓNS AGROALIMENTARIAS”

Se temos en conta as tendencias da economía, da economía agraria e da economía social, así como as inquiredanzas públicas polo cambio climático, consideramos clave actuar no eido cooperativo para tratar de axudar e colaborar no seu tratamento. Tendencias e aspectos coma os que sinalamos a continuación son clave cara ao emprego da mocidade no ámbito rural, no desenvolvemento da economía social e no fomento do espírito emprendedor:

- Dar a coñecer o modelo cooperativo e das empresas da economía social e as súas características básicas e diferenciadoras.
- Amosar dende a práctica as condicións e requisitos necesarios para a xestión das explotacións agroalimentarias.



Celebráronse DÚAS edicións na modalidade TELEFORMACIÓN con 42 participantes.

Temática

- Unidade I: COOPERATIVISMO NO SECTOR PRIMARIO.
Módulo 1. As cooperativas.
Módulo 2. Marco legal do cooperativismo.

- Unidade II: BENESTAR ANIMAL. EXPLOTACIÓNS.
Módulo 1. Módulo xeral.
Módulo 2. Persoal das explotacións.
- Unidade III: OPERADOR DE GRANXA.
Módulo 1. Características da produción bovina.
Módulo 2. Sanidade animal, hixiene e bioseguridade.
Módulo 3. Manexo.
Módulo 4. Xestión e loita contra o cambio climático nas explotacións.
Modulo 5. Rexistro de información e documentación.
Modulo 6. Normativa vixente.

OBRADOIROS "EMPREENDEMENTO COOPERATIVO NO MEDIO RURAL: OPORTUNIDADES DE NEGOCIO"



Os obxectivos do obradoiro foron:

- Desenvolver un curso sobre autoemprego cooperativo para axudar na posta en marcha de oportunidades de emprendemento.
- Achegar o modelo cooperativo e das empresas da economía social e as súas características básicas e diferenciadoras a persoas con formación en xestión empresarial.
- Amosar dende a práctica as condicións necesarias para a xestión deste modelo.

Celebrouse UN obradoiro na modalidade *online*, con 18 asistentes.

Temática

- A COOPERATIVA COMO EMPRESA:
 1. Introducción e obxectivos.
 2. As empresas excelentes.
 3. Prácticas en cooperativas con visión empresarial.
- ASPECTOS BÁSICOS DE COMERCIALIZACIÓN E MÁRKETING:
 1. Introducción e obxectivos.
 2. O mercado actual, situación competitiva de produtos e servizos.
 3. Márketing dixital e comercio electrónico.
 4. O proceso de internacionalización, apertura de mercados.
- REGULACIÓN DA COOPERATIVA: LEI 5/98 DE COOPERATIVAS:
 1. Introducción e obxectivos.
 2. Normativa aplicable.
 3. Clases de cooperativas.
 4. Estrutura dos estatutos sociais. Regulamento de réxime interno.
 5. Réxime económico da cooperativa.
 6. Políticas e órganos sociais.
- CONCEPTOS EMPRESARIAIS BÁSICOS:
 1. Introducción e obxectivos.
 2. Aspectos fiscais básicos.
 3. Aspectos contables básicos.
 4. Aspectos laborais básicos.

- HABILIDADES DIRECTIVAS:
 1. Introducción e obxectivos.
 2. Toma de decisións.
 3. Reunións eficaces.
 4. Resolución de conflitos.

“A ECONOMÍA SOCIAL E A MODERNIZACIÓN DO SECTOR AGROALIMENTARIO: CERTIFICACIÓNS DE CALIDADE E MEDIOAMBIENTAIS”

Os obxectivos dos obradoiros foron:

- Desenvolver un curso sobre a modernización do sector primario, dende a concepción cooperativa e de certificacións medioambientais e de calidade.
- Dar a coñecer o modelo cooperativo e das empresas da economía social e as súas características básicas e diferenciadoras.
- Amosar dende a práctica as condicións e requisitos necesarios para a xestión das certificacións medioambientais e de calidade.

Celebráronse CATRO edicións na modalidade TELEFORMACIÓN con 86 participantes.

Temática

- Unidade I: COOPERATIVISMO NO SECTOR PRIMARIO.
Módulo 1. As cooperativas.
Módulo 2. Marco legal do cooperativismo.
- Unidade II: CERTIFICACIÓNS DE CALIDADE.
Módulo 3. ISO 9001.
Módulo 4. Certificacións en vacún de leite.
Módulo 5. GLOBALG.A.P.
Módulo 6. BRC/IFS.
Módulo 7. ISO 22000.
- Unidade III: CERTIFICACIÓNS AMBIENTAIS.
Módulo 8. ISO 14000 (14063, 14067...).
Módulo 9. Análise do ciclo de vida.
Módulo 10. Pegada de carbono.
Módulo 11. Pegada hídrica.



XORNADAS FORMATIVAS DE MOZOS E MOZAS DAS COOPERATIVAS AGROALIMENTARIAS GALEGAS

Foron desenvolvidas dúas xornadas entre mocidade socia e/ou filla de persoas socias de cooperativas agroalimentarias de Galicia, nas cooperativas PIENSOS ALBORÉS S. Coop. e COREBER S. Coop.

Os temas que abordaron foron:

- Real Decreto de Nutrición Sostible de Solos e Caderno de Explotación Dixital (Xeaga...)
- Plans de axudas a incorporación de mozos e mozas a actividade no medio rural.
- Real Decreto de Ordenación de Explotacións de Vacún: Normativa, SIGE....
- Novidades e aspectos clave relacionados co Benestar Animal nas explotacións e coa Pegada de Carbono.

XORNADAS ESTRATÉXICAS DOS DIRECTIVOS DAS COOPERATIVAS AGROALIMENTARIAS GALEGAS: CAMBIO CLIMÁTICO E SUSTENTABILIDADE DAS COOPERATIVAS

Finalidade:

Estas Xornadas son actividades que se dirixen á mellora da xestión, aos intercambios comerciais, á intercooperación para a posta en marcha de actividades, á obtención de financiamento e outras que contribúan de xeito directo á consolidación das cooperativas e da economía social. Os constantes cambios económicos e sociais no ámbito agroalimentario obrigan á Unión de Cooperativas AGACA a promover e visibilizar, nas cooperativas agrarias e na economía social no seu conxunto, accións de asesoramento de tipo emprendedor que terán como resultado final a consolidación e, incluso, a posible creación de iniciativas cooperativas, co consecuente incremento de postos de traballo no marco das cooperativas agrarias.

As cooperativas agroalimentarias deben facer un esforzo importante por permanecer actualizadas tanto nas actividades agrarias e gandeiras coma nos aspectos que inciden directa e indirectamente no colectivo social das cooperativas. Para iso, nada mellor que os consellos reitores e equipos directivos e técnicos que toman as principais decisións teñan presente a importancia de estaren actualizados en todos os ámbitos que lles poden afectar directa ou indirectamente.

Por tanto, traballamos de xeito transversal para abordar todos aqueles cambios que afectan do mesmo xeito a todos os sectores, así como de xeito sectorial para abordar os problemas que afectan especificamente a un sector produtivo con importantes diferenzas en relación cos outros.

Realizamos OITO XORNADAS ESTRATEXICAS coa participación de 225 persoas e coas seguintes temáticas:

- Financiamento e apoios cooperativos.
- As cooperativas de horta.
- As cooperativas de vacún de leite.
- As cooperativas vitivinícolas.
- As cooperativas de vacún de carne.
- A competitividade empresarial das cooperativas.
- Lexislación e fiscalidade cooperativa.
- Sustentabilidade das cooperativas.



*Xornada Financiamento e Apoios
Cooperativos. 2 de febreiro de 2024.*

XORNADAS FORMATIVAS SOBRE OPORTUNIDADES DE NEGOCIO

Finalidade:

Con estas Xornadas, AGACA actúa directamente sobre as persoas en activo no medio agrario e rural que teñen dificultades e deficiencias de rendemento nas produción actuais ou sobre aquelas outras que dispoñen de terras case abandonadas e desexan explorar novas oportunidades produtivas, ao tempo que coñecer os posibles sistemas de apoio, dende cooperativas ata asociacións que poden prestarlles o apoio necesario para o éxito das novas producións. Son pequenas píuladas de coñecemento e intercambio que facilitan e incentivan o emprendemento no eido rural galego. A disposición dos emprendedores e emprendedoras do rural dispoñemos de orientacións sobre producións agrarias e gandeiras novidasas e novas oportunidades de negocio relacionadas con elas, e sobre as que recibimos moitas consultas anuais.

Impulsamos sesións en Aula Virtual (ZOOM) para facilitar que persoas que viven en diferentes puntos da comunidade autónoma galega puideran participar. Asistiron 472 persoas.

Presentamos 12 oportunidades de negocio para o emprendemento cooperativo sobre as seguintes temáticas:

- As oliveiras
- Té galego
- Resina
- Leite ecolóxica
- Castaña
- Porco Celta
- Cogomelos
- Cáñamo
- Kiwi
- Xestión de maquinaria
- Mazá de sidra
- Aguacate



FEADER

Proxectos piloto de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías -



A Unión de Cooperativas AGACA vén colaborando habitualmente con outras entidades, fundamentalmente pequenas cooperativas agroalimentarias e centros tecnolóxicos, no desenvolvemento de proxectos innovadores, apoiados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

As iniciativas de innovación tradúcense na implantación de proxectos piloto ou no desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías nos sectores agrícola, alimentario e forestal e agroalimentario. O desenvolvemento pode entenderse tanto na incorporación de novidades como na aplicación de produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías xa existentes en condicións onde tradicionalmente non se utilizaron previamente.

Ao longo do ano 2024 desenvóléronse os seguintes proxectos:

— **Plan de acción para a mellora da sustentabilidade nas producións cárnicas galegas.** FEADER 2022/044B. Entidades participantes: AGACA, Vanesa Díaz Mata, Tres Fuciños S. Coop. Galega, A Carqueixa S. Coop. Galega e o Centro Tecnolóxico da Carne.

— **Grupo operativo del olivar en Galicia-OLIGALICIA.** FEADER 2023/050B. Entidades participantes: AGACA, Fundación Centro Tecnolóxico da Carne e Proligal S. Coop. Galega.

Data de inicio: 111/08/2023 - Data de finalización: 30/09/2026.



DURACIÓN
2023-2026

LOCALIZACIÓN
Galicia

TRANSCENDENCIA
Inventario das variedades de olivos e mapa de distribución.
Estimación do custo de produción (C/kg) de cada variedade.
Caracterización das particularidades para elaborar plans individualizados de emenda e fertilización, rega, mantemento do solo e control de pragas.

COMPROMISO COA SOSTIBILIDADE

DESENVOLVIDO POR



Aconsellamento

O servizo de asesoramento foi ofertado por AGACA dende xaneiro a setembro de 2024, a máis de 200 granxas produtoras de leite.

Tipoloxía I. Benestar Animal:

Esta tipoloxía de asesoramento baséase na formación de profesionais da gandería en materia legislativa e na avaliación do benestar animal baseada no esquema Welfare Quality®, e para o cal AGACA dispón de técnicos formados. Este protocolo foi desenvolvido a través do proxecto europeo Welfare Quality, no cal se desenvolveron sistemas para avaliar e controlar a calidade do benestar animal en granxas e matadoiros.

Realizáronse tres visitas á granxa: Formación *in situ*; Realización da avaliación de benestar animal; Entrega de resultados e propostas de melloras.

Tipoloxía II. Pegada de Carbono:

A Pegada de Carbono pretende ser a medida por excelencia do impacto ambiental dunha organización, empresa ou sector produtivo. O coñecemento deste impacto é o primeiro paso para poder levar a cabo a loita contra o cambio climático. Este impacto cuantifícase levando a cabo un inventario de GEI (Gases de Efecto Invernadoiro) seguindo as normas internacionais recoñecidas, tales como ISO 14064-1, PAS 2050 ou GHG Protocol, entre outras. A pegada de carbono mídese en masa (g, Kg ou Tn) de CO₂ equivalente, pero os gases orixinais considerados no protocolo de Kioto como os causantes do cambio climático son (CO₂, CH₄, N₂O, PFCS, HCFS, SF₆).

Nesta tipoloxía de asesoramento realizaranse tres visitas á explotación: Concienciación e formación; Toma de datos; Entrega de resultados e puntos de mellora

Tipoloxía III. Asesoramento Básico + Conta Láctea.

A maiores do asesoramento en benestar animal, tamén se ofertou o asesoramento en xestión técnica económica, baseándonos no programa Conta Láctea.



6.3 Estatais

Asistencia Técnica do MAPA

As accións desenvolvidas dentro do Programa de Asistencia Técnica 2024, aprobado nun Convenio Específico de Colaboración entre o MAPA (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación) e Cooperativas Agro-alimentarias de España para a execución de actuacións en materia de asistencia técnica e de fomento da integración cooperativa, foron:



- Plans de fomento da participación das mulleres no sector agroalimentario de Galicia.
- Implantación da certificación GLOBALG.A.P. en cooperativas do sector de fabricación de pensos.
- Elaboración de memorias de responsabilidade social empresarial.
- Observatorio Socioeconómico do Cooperativismo Agrario Español.

Plan de fomento da participación das mulleres no sector agroalimentario de Galicia

O Plan de fomento da participación das mulleres no sector cooperativo agroalimentario de Galicia ten a súa orixe na escasa participación de mulleres nos órganos de decisión e relevancia das nosas cooperativas, así como na falta de apoderamento e liderado que lles permitan dar o salto.

Nas cooperativas agroalimentarias galegas, a pesar de que o número de socios e o de socias están moi á par (43 % mulleres, 57 % homes), se falamos da participación das mulleres nos órganos directivos atopamos unha porcentaxe moi inferior (24 % mulleres, 76 % homes), o cal nos fai ver a necesidade de emprender actividades encamiñadas que garantan un sistema de igualdade de oportunidades, tendente a cumprir co obxectivo de equilibrio de xénero e substitución xeracional.

Incentivar, potenciar e promover máis mulleres en postos de responsabilidade e na actividade da cooperativa, en xeral, foron os obxectivos clave desta actividade.

Desenvolvéronse as seguintes actividades dirixidas a sensibilizar e a estimular a participación das mulleres nas cooperativas agroalimentarias galegas:

- **Realización dun encontro de mulleres cooperativistas** na cooperativa O RODO S.Coop. coa finalidade de fomentar a relación entre elas, compartir experiencias e tratar sobre temas de interese, tales coma: o uso básico das redes sociais e impacto das mensaxes que se poñen nelas (como poden prexudicar seriamente a imaxe da cooperativa se utilizan as redes para criticar ou facer comentarios pexorativos cara a outros socios e socias, equipo técnico ou equipo directivo); lembráuselles que as cooperativas son propiedade dos seus socios e socias, polo que as cuestións relacionadas co funcionamento e a xestión hanse de tratar a través das canles establecidas en cada entidade. Tamén aproveitamos este encontro para detectar as súas necesidades formativas e inquietudes, a fin de poder dar resposta e atender as súas demandas.

- **Publicación de cinco artigos na revista corporativa “Cooperación Galega”** (números 167,168, 169, 170 e 171) sobre a actividade de mulleres de diferentes cooperativas.

Implantación da certificación GLOBALG.A.P. en cooperativas do sector de fabricación de pensos e Horta

Durante o ano 2024 o departamento de Calidade de AGACA realizou a implantación da certificación GLOBALG.A.P., de acordo coa norma GLOBALG.A.P. de Fabricación de Alimentos para animais (CMF), nas cooperativas PERPETUO SOCORRO S.Coop.Galega e PLANTEL DE BETANZOS S. Coop. Galega.

Esta certificación establece un marco para o desenvolvemento de Boas Prácticas de Manufatura (GMP) que trata de ofrecer alimentos fiables e seguros para a produción animal, axudando a garantir a inocuidade alimentaria da produción animal e, posteriormente, ao longo de toda a cadea de subministración.

O alcance desta norma cobre todas as etapas de produción, dende a compra, a manipulación e o almacenamento ata o procesado e distribución dos pensos compostos.

Observatorio Socioeconómico do Cooperativismo Agroalimentario Español (OSCAE)

O OSCAE achega unha visión conxunta das cooperativas agroalimentarias de España mediante a elaboración dun informe que avalía as súas principais características.

Compáranse as cooperativas das comunidades autónomas co total de España e coas industrias agroalimentarias.



El cooperativismo agroalimentario
Macromagnitudes del Cooperativismo
Agroalimentario Español

Obxectivos

- Obter unha gran dispoñibilidade de información, que se actualiza anualmente, sobre a importante e crecente dimensión económica, social e empresarial do conxunto de cooperativas agroalimentarias.
- Coñecer mellor a realidade cooperativa agroalimentaria española potenciando a súa imaxe e proxección social, que é unha valiosísima ferramenta de traballo e de definición estratéxica para as propias sociedades cooperativas e os seus xestores.

Traballos desenvolvidos

- Dende xullo ata setembro de 2024 actualizáronse os datos do Directorio de Cooperativas Agro-alimentarias de España, parte da liña de actuación do OSCAE. Completouse a base de datos con 54 cooperativas de primeiro grao e 4 de segundo grao.
- O contido do Directorio para as cooperativas de primeiro grao abarcou dende aspectos xerais, coma o nome e o enderezo da cooperativa, ata outros coma os sectores nos que opera, o número de persoas socias e de persoas empregadas e a facturación. O Directorio das de segundo grao incluíu, ademais, o número de cooperativas socias e o de persoas socias desas cooperativas.

Incorporación de mocidade emprendedora á economía social e consolidación das cooperativas agroalimentarias de Galicia

O proxecto consiste na creación do ITINERARIO DO EMPRENDEDOR, coa idea de implantar unha folia de ruta que estableza o itinerario de atención personalizada que desenvolven os técnicos de AGACA para as persoas mozas emprendedoras, que busque a máxima eficiencia e complementariedade no uso dos recursos dispoñibles e garanta a atención adecuada en cada etapa do proxecto.

O proxecto ten dous obxectivos básicos:

1. Titorización e asesoramento para a conformación da sociedade cooperativa e para os primeiros pasos da empresa e durante os primeiros anos de actividade.
2. Servizo de acompañamento e asesoramento dirixido a tipos concretos de usuarios e usuarias.

Durante o ano 2024 realizouse asesoramento e acompañamento a DOUS GRUPOS EMPRENDEDORES, os cales conseguiron a creación e posta en marcha do seu proxecto de economía social mediante a constitución dunha COOPERATIVA:

1º.-GRUPO: IP LAVANDEIRA S.COOP.GALEGA. O proxecto está formado por dúas emprendedoras que constitúen unha cooperativa de traballo asociado para a creación dun obradoiro para fabricación de queixo.

2º.-GRUPO: VIÑEDOS MENCIAÑEIRO S.COOP.GALEGA. O proxecto está constituído por dúas emprendedoras que constituíron unha cooperativa de traballo asociado para prestar servizos agrarios as explotacións vitícolas.



Nos dous proxectos de emprendemento realizáronse as actividades de información e asesoramento e púxose en marcha o “Itinerario do emprendedor”, realizándose as seguintes accións:

- Deseño e validación do modelo de negocio: Estudamos a viabilidade do negocio, segundo as ideas achegadas polos grupos promotores cando solicitaron o asesoramento.
- Explicamos aos grupos promotores todos os procedementos e obrigacións fiscais, laborais e administrativas para levar a cabo a posta en marcha do proxecto, diferenciando como afectaría o negocio ás obrigacións fiscais e laborais segundo o tipo de sociedade que constituían para levar a cabo os seus obxectivos.
- Estúdanse os distintos tipos de sociedades que poden constituír os grupos promotores para levar a cabo o proxecto. Ao ser, en principio, o seu obxectivo conseguir un traballo digno e que lles permitise unha capacidade económica adecuada e non pretender un obxectivo unicamente capitalista, as sociedades que máis se adecuaban ás súas necesidades eran as que estaban dentro do ámbito da económica social, como as cooperativas agrarias e de traballo asociado.
- En todos os proxectos descritos, aos grupos promotores pareceulles que, efectivamente, as sociedades de economía social eran as que mellor se adecuaban ás súas pretensións, polo que acordaron centrar o asesoramento desta sesión en dous tipos de sociedades: a cooperativa agraria e a cooperativa de traballo asociado.
- Explicóuselles aos grupos promotores as características das cooperativas agrarias e de traballo asociado en referencia a: o réxime económico, a organización, a administración, a forma de tomar as decisións, as obrigacións fiscais e laborais, as obrigacións de levar contabilidade, os procedementos para levar a cabo nos correspondentes rexistros, as limitacións na participación no capital social deste tipo de sociedades etc.
- Despois das explicacións e a contestación e aclaración a cantas preguntas e dúbidas foron xurdindo, os grupos promotores acordaron elixir como forma societaria a cooperativa agraria e a de traballo asociado.
- En todos os proxectos foi redactado e exposto un proxecto de estatutos da cooperativa. Os grupos promotores recibiron explicacións sobre o contido e as posibles alternativas do texto de cada un dos artigos, así como as implicacións que tería a elección dunha ou outra opción,

por exemplo, no caso da elección do réxime da seguridade social (ou ben polo RETA ou ben polo réxime xeral). Segundo se foi analizando cada artigo, foise acordando o texto definitivo, procedendo deste xeito ata obter o texto definitivo dos estatutos.

- Para os proxectos de emprendemento realizáronse as seguintes tarefas:

- Realizouse o Estudo de viabilidade do modelo de negocio do proxecto para desenvolver.
- Solicitouse a Certificación Negativa de Denominación ao Rexistro de Sociedades Cooperativas
- Redactáronse a Acta de Constitución e o proxecto de Estatutos Sociais.
- Solicitouse a cualificación previa da Acta e Proxecto de estatutos sociais ante o Rexistro de Cooperativas.
- Solicitouse o C.I. F. provisional ante a AEAT.
- Solicitouse a Inscripción rexistral da escritura de constitución no Rexistro de Cooperativas.
- Solicitouse o C.I. F. definitivo e a alta Censal da cooperativa ante a AEAT.

Tamén se atenderon numerosas consultas de persoas emprendedoras sobre cuestións relacionadas con proxectos de emprendemento de economía social: trámites para constituír unha cooperativa, posibles axudas e apoios públicos etc.



6.4 Internacionais

FIELDS



O proxecto “FIELDS, abordando as necesidades de sostibilidade, dixitalización e bioeconomía na agricultura, tanto actuais como futuras: competencias europeas, programa e estratexia” enmárcase no programa da Unión Europea ERASMUS+, de apoio ás alianzas de competencias sectoriais para a aplicación dun novo enfoque estratéxico.

Este proxecto comezou a súa execución en xaneiro de 2020, e rematou en xullo de 2024.

FIELDS buscaba acadar unha integración dinámica das aptitudes e competencias do sector agrícola nun marco coherente que vincule o coñecemento e a competencia para unha economía de base biolóxica de éxito e sostible, desenvolvendo unha estratexia para a viabilidade dunha agricultura cualificada e unha bioeconomía circular plenamente integrada na corrente dunha cadea mundial de subministración de alimentos en consonancia cos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (SDGs) das Nacións Unidas.

Varios grupos destinatarios beneficiaríanse dos resultados do proxecto FIELDS. Escolas e centros educativos, entidades de formación, administracións públicas etc. aproveitarán a estratexia deseñada; persoas gandeiras, profesionais da agricultura, entidades de asesoramento, estudantado etc. beneficiaríanse da capacitación impartida dentro do proxecto, e todas as persoas con interese na temática (*stakeholders*) sacarán proveito indirecto dos resultados de FIELDS mediante a aplicación da estratexia e dos seus produtos (plans de estudo, módulos, metodoloxía).

O proxecto conta coa páxina web www.erasmus-fields.eu e con contas oficiais en Facebook, Twitter, LinkedIn e YouTube.

O proxecto tamén creou unha plataforma á que se pode acceder a través da seguinte ligazón: <https://fields.learnskills.ie/login/index.php>

Nesta plataforma ofrécense materiais formativos gratuítos deseñados para mellorar ou adquirir coñecementos que prepararán ás personas participantes para os retos e as oportunidades do futuro.

Nesta plataforma poderán adquirir ou mellorar coñecementos en bioeconomía, sostibilidade, dixitalización e habilidades brandas. Os módulos de formación elaborados no marco do proxecto son os seguintes:

1. **Bioeconomía:** Exploración de innovacións e oportunidades no sector da bioeconomía.
2. **Sostibilidade:** Comprensión e integración de prácticas sostibles para a viabilidade medioambiental e económica a longo prazo.
3. **Dixitalización:** Avances tecnolóxicos que determinan o futuro da agricultura.
4. **Habilidades interpersoais e emprendemento:** Cultivar as habilidades interpersonais e de comunicación esenciais e cruciais para o éxito na industria.

AGACA comezou a súa andaina neste proxecto europeo grazas a Cooperativas Agro-alimentarias de España. E en setembro de 2021, AGACA tivo a honra de pasar a formar parte do consorcio como membro de pleno dereito, coa aprobación por unanimidade das 30 entidades socias de 12 países europeos que conforman esta asociación estratéxica. Este proxecto ten o obxectivo de abordar as necesidades actuais e as futuras competencias para a sustentabilidade, a dixitalización e a bioeconomía na agricultura, e lograr a confección dun programa e dunha estratexia de competencias a nivel europeo.

Con respecto ás actividades desenvolvidas por AGACA, no ano 2024 organizamos un curso piloto no que utilizamos materiais formativos deseñados no marco do proxecto.

O curso celebrouse en modalidade online, tivo unha duración de 45 horas e os contidos impartidos / incluídos versaron sobre a sostibilidade, a biodiversidade, e as boas prácticas agrícolas e gandeiras.

En relación coa difusión, ademais das publicacións nas nosas redes sociais e na nosa revista, levamos a cabo diversas accións para dar a coñecer o proxecto entre os diferentes *stakeholders*, entre elas a presentación do proxecto en xornadas organizadas por AGACA, así como na Asamblea Xeral que se celebrou o 31 de maio de 2024.

#Leadfarm 5.0



#Leadfarm 5.0 - Mellorar a capacidade das cooperativas agroalimentarias acelerando o desenvolvemento e a asimilación de futuras competencias baseadas nas innovacións dixitais é un proxecto cofinanciado polo programa Erasmus+ KA220 VET Asociacións de Cooperación en materia de educación formal e formación profesional. Este proxecto iniciou a súa execución no ano 2022, e rematou en 2024.

#LEADFARM 5.0

Os obxectivos do proxecto son: analizar as oportunidades de emprego emerxentes que ofrecen as innovacións dixitais para unha Sociedade 5.0, diagnosticar as habilidades e competencias futuras necesarias no sector cooperativo agroalimentario, desenvolver metodoloxías de aprendizaxe innovadoras e apoiar mecanismos de especialización intelixente dirixidos ás cooperativas e á xuventude agricultora, promover a divulgación científica a través de novas formas de aprendizaxe accesibles que garantan a igualdade de oportunidades para os colectivos en risco de exclusión, fomentar a participación das mulleres nos novos empregos emerxentes detectados, e promover a cultura e os valores cooperativos necesarios na Sociedade 5.0

Os obxectivos específicos do proxecto son:

- Analizar as oportunidades de emprego emerxentes 5.0 que ofrecen as innovacións dixitais e definir as futuras habilidades e competencias necesarias no sector agroalimentario cooperativo.
- Desenvolver contidos innovadores, metodoloxías de aprendizaxe e mecanismos de tutoría (apoio) dirixidos a cooperativas e explotacións agroalimentarias, impulsando novas formas de aprendizaxe.
- Promover a divulgación científica para chegar ás cooperativas e explotacións agroalimentarias máis pequenas, compartindo os coñecementos a través dun novo mecanismo educativo e de tutoría universal e accesible.
- Garantir o equilibrio de xénero no consello de administración da cooperativa e doutras organizacións cooperativas e fomentar a participación das mulleres nos novos postos de traballo emerxentes.
- Garantir a remuda xeracional entre a xuventude, combinando os coñecementos tradicionais coas tecnoloxías de AP, o que fai que o sector sexa máis atractivo para este grupo obxectivo.

#Leadfarm 5.0 dou continuidade ao proxecto Leadfarm (no que AGACA tamén participou en calidade de socia), reflectindo unha clara e significativa evolución cara á Sociedade 5.0, permitíndonos dar un paso máis preto da remuda xeracional e o equilibrio de xénero, para

preparar mellor á xuventude agricultora e ás cooperativas agroalimentarias para as futuras tendencias derivadas da disrupción dixital e o cambio climático.

O consorcio de socios está composto polas seguintes entidades:

- Irish Co-operative Organisation Society – ICOS (Irlanda)
- Unión de Cooperativas Asociación Galega de Cooperativas Agrarias – AGACA (España)
- Confederação Nacional das Cooperativas Agrícolas e do Crédito Agrícola de Portugal, CCRL – CONFAGRI (Portugal)
- Association of Social Co-operatives – SNRSS (Polonia)
- Latvian Rural Advisory and Training Center – LLKC (Letonia)
- Grifo Multimedia SRL – GRIFO (Italia)
- Changemaker AB – CME (Suecia)
- MedAtlantia – MEDA (España)

A continuación, expoñeranse as actividades levadas a cabo durante o ano 2024.

Unha vez definidas as habilidades, coñecementos, competencias que serán necesarias no sector cooperativo agroalimentario para posibilitar unha transición do sector á Sociedade 5.0, procedeuse a deseñar un programa formativo baseado neste Marco de Competencias.

Os plans e os módulos formativos desenvolvidos dividíronse en catro temáticas: (1) Tecnoloxías TIC e Robótica; (2) Intelixencia emocional e social; (3) Xestión Empresarial e; (4) Medio Ambiente e Sostibilidade. Este último módulo sobre Medio Ambiente e Sostibilidade foi elaborado integralmente por AGACA.

Para mellorar a capacidade e coñecemento das cooperativas agroalimentarias deseñáronse dúas ferramentas adicionais:

- Unha plataforma de aprendizaxe dixital na que están integrados os materiais formativos deseñados como parte do proxecto.
- Un asesor virtual intelixente de cooperativas agroalimentarias (*chatbot*).

Estas ferramentas responden á necesidade de xerar cambios no sector agroalimentario cooperativo, para aumentar a súa capacidade de resiliencia e competitividade, nun marco de revolución dixital e cambio climático.

Pódese acceder á plataforma dixital e ao *chatbot* a través da seguinte ligazón:
https://leadfarm.grifomultimedia.eu/landing_page/



Conferencia final en Irlanda. 20 e 21 xuño 2024.

En AGACA tamén participamos no denominado “formación de formadores”, evento de formación práctica conxunta que tivo como obxectivo proporcionar a formadores e formadoras das organizacións europeas que participan no proxecto as habilidades e coñecementos para xestionar as ferramentas e recursos de aprendizaxe deseñados e creados no marco de

LeadFarm5.0. Todas as ferramentas desenvolvidas no proxecto puxéronse a proba neste curso piloto de formación de formadores, no que participaron 22 formadores e formadoras en total, pertencentes ás 8 entidades socias. Esta formación, cunha duración de 4 días, tivo lugar en Lisboa (Portugal) e participaron 3 técnicos de AGACA.

Por último, tamén participamos na elaboración da *Folla de Roteiro* para que as cooperativas agroalimentarias da UE avancen cara a Sociedade 5.0.

Con relación aos eventos e reunións de coordinación do proxecto, AGACA participou en todos os que se celebraron, tanto en modalidade online como en modalidade presencial.

- Online: participamos nas reunións mensuais celebradas durante todo o ano 2024.
- Presenciais: en 2024 participamos na reunión de coordinación e de peche de proxecto que tivo lugar en Maynooth (Irlanda) no mes de xuño.
- Tamén participamos na Conferencia Final do Proxecto, que tivo lugar en Maynooth (Irlanda) no mesmo mes de xuño. Neste evento presentáronse os resultados do proxecto.

En relación coa difusión e divulgación do proxecto, durante o ano 2024 seguimos traballando na elaboración de novas e artigos que se publicaron nos diferentes boletíns do proxecto, ademais das que se publican periodicamente na rede social do proxecto -cada entidade socia tiña a cargo elaborar unha publicación mensual-: <https://www.linkedin.com/pulse/leadfarm-50-leadfarm-5-0/>

Co obxectivo de darlle máis visibilidade a LeadFarm 5.0 e aos seus resultados, fixemos unha presentación do proxecto nos seguintes eventos e xornadas:

- Asamblea Xeral de AGACA, que se celebrou en maio de 2024.
- “Xornada Competitividade”, organizada por AGACA e levada a cabo o 23 de xullo de 2024.
- Noutros foros e xornadas nas que participamos como relatores.

Toda a información de #Leadfarm 5.0 pode consultarse na súa páxina web: <https://leadfarm-project.com/>

Women Empowerment in Agricultural Cooperatives (Apoderamento das mulleres nas cooperativas agrícolas)



O proxecto europeo Apoderamento das mulleres nas cooperativas agroalimentarias, cofinanciado polo programa Erasmus+ e enmarcado máis concretamente na acción KA220-ADU Asociacións de Cooperación na educación de persoas adultas, ten como obxectivo que as mulleres cooperativistas reciban unha capacitación de calidade e sostible sobre cooperativas agroalimentarias, a través da innovación na formación profesional. O proxecto abrangue tres países: Turquía, Italia e España, representada por AGACA.

Comezou a súa execución en 2022 e finalizou en febreiro de 2024.

Este proxecto buscou, a través da capacitación das mulleres rurais, mellorar as súas competencias e que poidan desempeñar un papel moito máis activo no desenvolvemento tanto económico como social dos seus territorios.

Os obxectivos específicos do proxecto son os seguintes:

- Aumentar as capacidades de cooperación agrícola e transformación dixital das mulleres agricultoras.
- Reforzar a capacidade das cooperativas de mulleres agricultoras a través dunha maior cooperación coa educación de persoas adultas e proporcionando unha formación innovadora.
- Fomentar o cooperativismo entre as mulleres e sensibilizar sobre o espírito empresarial das mulleres nas zonas rurais.
- Resolver os problemas no ámbito das cooperativas agrícolas compartindo os coñecementos técnicos e as experiencias das entidades participantes.
- Contribuír ao apoderamento das mulleres nas zonas rurais, que é unha necesidade transfronteiriza.
- Xerar ideas innovadoras dende unha perspectiva internacional.
- Proporcionar ás mulleres agricultoras unha mellor formación en cooperativas agrícolas a nivel da UE.
- Aumentar a capacidade e profesionalidade dos participantes.
- Contribuír ás prioridades da Comisión Europea en relación co apoderamento das mulleres, o desenvolvemento rural, a sostibilidade e a transformación dixital.

O consorcio deste proxecto está conformado, xunto con AGACA, polas seguintes entidades socias: Silivri Belediyesi (Concello de Silivri, en Turquía, que é a coordinadora do proxecto) Lega Regionale delle Cooperative e Mutue di Puglia – LEGACOOOP PUGLIA (de Bari, Italia), Sürdürülebilir Yaşam ve Yeşil Gelecek Derneği (Asociación Vida Sostible e Futuro Verde, en Ankara, Turquía) e Tekirdağ Namık Kemal Üniversitesi (Univesridade en Silivri, Turquía).



No marco do proxecto creouse unha plataforma de formación online.

Durante o ano 2024 participamos na elaboración dun módulo formativo dirixido a mulleres vinculadas a cooperativas agrarias, na mellora da Metodoloxía innovadora para a formación de cooperativas agrarias (engadimos novas actividades prácticas e de avaliación, imaxes e fotografías, vídeos etc.) e elaboramos diversos vídeos para incluír na plataforma do proxecto e así facela máis atractiva e interesante.

En calidade de socios do proxecto, participamos en todas as reunións, en modalidade online, de coordinación do proxecto.

E xa, por último, en relación coa difusión do proxecto e dos seus resultados, ademais de facer diversas publicacións nas redes sociais de AGACA e na nosa revista, tamén fixemos unha

presentación do proxecto no Encontro de Mulleres Cooperativistas galegas, que se celebrou no Pazo de Toubes (Viña Costeira).

eLabHauSE.rur

O proxecto eLabHauSE.rur Laboratorios de Economía Social para a Nova Bauhaus en Comunidades Europeas Rurais é un proxecto europeo financiado polo programa COSME (Programa para a Competitividade das Empresas e para as Pequenas e Medianas Empresas), que ten como obxectivo xeral establecer unha rede de laboratorios de economía social no rural europeo para o intercambio de información, coñecementos, experiencias e fomento de iniciativas emprendedoras innovadoras e creativas, partindo das oportunidades que brinda a Nova Bauhaus Europea, e involucrando a todos os actores públicos e privados das comunidades locais europeas, incluída a cidadanía.



O consorcio de eLabHauSE.rur, liderado por AGACA, está formado por 6 organizacións de 4 países europeos: 4 entidades do sur de Europa (España e Italia), unha entidade do Leste de Europa (Croacia) e unha entidade do Noroeste de Europa (Irlanda). Isto contribuíu a compilar, compartir e analizar información sobre as peculiaridades das diferentes ruralidades europeas, o que permitiu crear unha metodoloxía participativa, recoller exemplos e boas prácticas, así como elaborar unha folla de ruta común máis sólida e adaptada ás realidades territoriais europeas.

As entidades socias do proxecto son as seguintes:

- Unión de Cooperativas Asociación galega de Cooperativas Agrarias - AGACA – España
- Concello de Vedra – España
- Meath County Council – Irlanda
- Comune di Capannori – Italia
- Lime Up – Italia
- Agencija za ruralni razvoj Zadarske županije (Axencia para o Desenvolvemento Rural do Condado de Zadar - AGRRA) – Croacia

A execución deste proxecto comezou en xullo do ano 2022 e rematou en maio de 2024.

Durante 2024 levamos a cabo as actividades que se enumeran a continuación:

- Preparamos e asistimos á Conferencia Final do proxecto, que se celebrou en Bruxelas entre o 8 e o 10 de abril. Neste evento, no que se presentaron os resultados do proxecto e dos SEMs, participaron activamente *stakeholders* de Croacia, España, Italia e Irlanda. Cabe sinalar que esta Conferencia Final foi considerada pola Comisión Europea como parte do Festival da Nova Bauhaus Europea 2024, que se celebrou en Bruxelas.



O proxecto estivo representado no Festival da Nova Bauhaus en Bruxelas. 18 – 20 abril 2024

En relación coas reunións do proxecto, participamos en todas as reunións que se celebraron, tanto en modalidade online como en modalidade presencial.

No que respecta á difusión e comunicación do proxecto e dos seus resultados, fixemos un grande labor de difusión a través de diversos medios, da Wiki creada no marco do proxecto (<https://elabhause.eu/es/docs/elabhause-wikiplatform/>), ferramenta que se caracteriza por ser construída entre todas as persoas, e aí radica a súa riqueza.

Tamén seguimos contribuíndo coa elaboración de novas que se publicaron periodicamente nas redes do proxecto, Facebook e Instagram.

Toda a información do proxecto pode consultarse, ademais de na wiki, na web do proxecto: <https://agaca.coop/gl/elabhause-rur/>

UpFarming – Actualización da aplicación e comunicación da sustentabilidade no sector gandeiro



O proxecto “UP-FARMING – Actualización da aplicación e comunicación da sustentabilidade no sector gandeiro”, enmárcase no programa da Unión Europea

ERASMUS+, concretamente na Acción KA210-VET.

Con este proxecto buscouse apoiar ás pequenas explotacións agrícolas e gandeiras propoñendo solucións vinculadas á aplicación da sustentabilidade, actuando en dúas vertentes: sensibilizando ás explotacións agrícolas e gandeiras e apoiándoas para que comuniquen ó público (provedores, persoas consumidoras etc.) o que realmente fan en materia de sostibilidade.

Para acadalo, os socios do proxecto desenvolveron un curso para formar a consultores e consultoras capaces de acompañar ós profesionais da agricultura e a gandería no camiño á sustentabilidade.

Outro obxectivo do proxecto foi a identificación dunha metodoloxía útil para avaliar a sustentabilidade das explotacións gandeiras.

As entidades socias do proxecto foron:

- Confederación Italiana de Agricultores dos Alpes – CIA Agricoltori delle Alpi, Italia.
- Asociación galega de Cooperativas Agroalimentarias - AGACA – España.



Evento transnacional do proxecto en Galicia. Maio 2024.

Este proxecto iniciou a súa execución no ano 2022 e rematou en maio de 2024.

As actividades desenvolvidas no ano 2024 foron as seguintes:

Impartición dun curso sobre sustentabilidade e comunicación no sector gandeiro. Esta formación, que supuxo unha continuación da formación impartida en Turín (Italia) no ano 2023, celebrouse en Santiago de Compostela e nela participaron os dez mozos e mozas que xa participaran no curso anterior (cinco de Italia e cinco de Galicia). Esta formación tivo unha duración de 4 días e celebrouse nas instalacións de AGACA.

Para dar peche ao proxecto, celebráronse dous Eventos Finais Transnacionais, un en Turín nos meses de abril e outro en Santiago de Compostela no mes de maio.

Estes eventos, nos que participaron representantes das dúas entidades socias, así como *stakeholders* do sector, tiñan como finalidade coñecer a realidade do sector en ambos os países, dar a coñecer o proxecto e os seus resultados e buscar e crear unha rede para a continuación do proxecto.

Toda a información sobre UpFarming pode consultarse na seguinte ligazón:
<https://agaca.coop/gl/upfarming/>.

ES-Factory. Rede e Aceleradoras de Economía Social para impulsar e consolidar empresas en novas actividades emerxentes de Galicia e Norte de Portugal

Interreg



Cofinanciado por
la Unión Europea
Cofinanciado por
la Unión Europea

España - Portugal

Es_factory

ES-Factory. Rede de Aceleradoras de Economía Social para impulsar e consolidar empresas en novas actividades emerxentes de Galicia e Norte de Portugal é un proxecto europeo cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) da Unión Europea no marco do Programa de Cooperación Interreg VI-A España – Portugal (POCTEP) 2021-2027.

O proxecto de cooperación interrexional ES-Factory, liderado pola Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia e do que AGACA forma parte, ten como obxectivo o impulso e a consolidación de emprego de calidade en novas actividades emerxentes do territorio transfronteirizo Galicia-Norte de Portugal que se vaian desenvolver a través da Economía Social.

Como obxectivos xerais, este proxecto busca:

- Detectar novas oportunidades e liñas de negocio en actividades emerxentes de Galicia e Norte (Portugal) que fomenten a retención e atracción de talento emprendedor.
- Impulsar a profesionalización do ecosistema emprendedor e potenciar, atraer e reter talento no territorio transfronteirizo.
- Crear unha Rede de Aceleradoras de Economía Social Transfronteiriza, a través da cal se desenvolverán accións formativas para incrementar as capacidades e habilidades das persoas da área de cooperación, programas de asesoramento e acompañamento e espazos de encontro e investimento nos que conectar a oferta coa demanda para dar a posibilidade de coñecer a opinión da potencial clientela sobre os produtos/servizos das persoas emprendedoras.
- Identificar e promocionar o peso da economía social a través do Observatorio da Economía Social de Galicia e o Norte de Portugal.

O Consorcio de ES-Factory está conformado polas seguintes entidades:

- Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia.
- Universidade de Santiago de Compostela – USC.
- Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias – AGACA.

- Unión de Cooperativas Galegas – ESPAZOCOOP.
- Agrupación Empresarial de Sociedades Laborais de Galicia – AESGAL.
- Universidade de Trás-os-Montes- e Alto Douro – UTAD.
- Associação Centro Incubação Base Tecnológica do Minho – ACIBTM.
- Associação Universidade-Empresa para o Desenvolvimento – TecMinho.

A execución do proxecto comezou en xuño do 2024 e durará ata finais do ano 2026.



Presentación do proxecto en Galicia. 3 de xullo 2024.

Durante o ano 2024 celebráronse varias reunións de coordinación, tanto en modalidade presencial como en modalidade *online*, nas que se estableceron os pasos a dar para acadar os resultados previstos no proxecto.

Así mesmo, durante o ano 2024 estivemos traballando nunha *call* (acción de consulta) en economía verde, co obxectivo de identificar ideas de negocio e emprendemento en economía verde.

Unha vez finalizadas as accións de consulta nas economías emerxentes (verde, azul, prateada, laranxa e amarela), o día 9 de decembro celebrouse un evento de difusión e comunicación das oportunidades de negocio identificadas tanto en Galicia coma no Norte de Portugal, acontecemento que se celebrou en Mos (Galicia) e no que participaron todas as entidades socias do proxecto.

A información do proxecto pode consultarse na seguinte ligazón: <https://agaca.coop/gl/es-factory/>

GO-GRASS



GO-GRASS é un proxecto europeo, financiado polo programa Horizonte 2020, que pretende mellorar o rendemento no aproveitamento dos pasteiros europeos, e permitirlle ós agricultores desenvolver novos modelos de negocio que

contribuirán, á súa vez, a reducir o impacto ambiental.

Os seus obxectivos son:

- Desenvolver modelos de negocio efectivos, sostibles e circulares, baseados na herba, tendo en consideración os impactos sociais, económicos e medioambientais na contorna rural europea;
- Diversificar e revitalizar as economías rurais, así como xerar emprego de calidade no contexto dunha cooperación cos empresarios e as autoridades locais.


O consorcio GO-GRASS está formado por un equipo multidisciplinar de 22 socios de oito países europeos (Alemaña, España, Dinamarca, Suecia, Países Baixos, Bélxica, Romanía e Hungría), entre os que están AGACA e a Universidade de Santiago de Compostela.

GO-GRASS iniciou a súa andadura en outubro de 2019 e rematou en 2024.

No ano de peche do proxecto, programado para o 31 marzo, AGACA cumprimentou as derradeiras tarefas correspondentes ao WP8 coas que realizou o remate dos traballos en materia de Transferencia e Replicación da *demo* danesa -as demos son traballos que se realizaron para comprobar a viabilidade dalgúns produtos-, seleccionada no primeiro *national workshop* (obradoiro nacional). Tamén se levou cabo a revisión do *Deliverable* 5.3 (entregable 5.3), no que se validaba a ferramenta de negocio que sería usada posteriormente para elaborar o Plan de negocio para a *demo* seleccionada.

O plan de replicación e o modelo de negocio foron elaborados polo técnico Diego Vázquez en colaboración cos líderes do WP8 (Gate2gGrowth) mediante a ferramenta creada no proxecto (WP5), previamente avaliada e validada polas rexións seguidoras (España, Romanía e Hungría). Este modelo revelou a Nutralia Solutions como *stakeholder* principal para xerar unha colaboración empresarial na rexión galega coa universidade danesa de Aarhus e o Clúster Alimentario Danés -líderes da *demo*-. Como catalizador da acción incluíuse ao CETIM, que creará sinerxías a nivel económico para poder pedir fondos de investimento nacionais e/ou europeos para poder levar a cabo a incorporacións dun proxecto piloto facendo un cambio na materia prima verde (toxos ou leguminosas arbustivas en lugar de herba).

Por motivos laborais, o técnico responsable do proxecto non puido acudir ao acto de peche de GO-GRASS realizado en Bruxelas, na sede de Greennovate, pero enviou un documento en formato Power Point explicando e resumindo o traballo de AGACA nos 4 anos de duración do proxecto:





Pode consultarse máis información na web <https://www.go-grass.eu/es/>

6.5 Grupos Operativos Supraautonómicos

BLOOD4GOODS



O Grupo Operativo BLOOD4GOODS está liderado por AGACA, e entre os beneficiarios atópanse ANICE, Asociación Nacional de Industrias da Carne de España (Madrid), NOVAFRIGSA (Galicia), MATADOIROS INDUSTRIAIS ADOITAR, S.A (Andalucía), MORENO RUIZ HERMANOS SL (Andalucía) e HEROGRA (Andalucía).

BLOOD4GOODS nace co fin de acelerar a transición cara a un sistema alimentario sostible ofrecendo unha alternativa de xestión aos grandes volumes de sangue que se xeran día a día nos matadoiros a nivel nacional (estímase que máis duns 200 M quilos anuais); e que polo xeral se xestionan como residuos SANDACH debido á falta de alternativas sostibles que resulten economicamente viables para as empresas do sector. Para logralo, BLOOD4GOODS implica a todos os actores que compoñen a cadea de valor; desde os produtores primarios ata a industria encargada da produción de fertilizantes e produtos alimentarios de alto valor engadido a partir do sangue xerado nos matadoiros; pasando por investigadores e desenvolvedores das tecnoloxías para a obtención dos hidrolizados.

Propónse aplicar diferentes procesos hidrolíticos de baixo custo á sangue de orixe bovina e porcina co fin de obter diferentes produtos de alto valor engadido que van máis aló da valorización enerxética. Por unha banda, a partir de sangue de gando vacún, producíranse bioestimulantes con potencial para ser utilizados como fertilizantes en cultivos de diferente tipoloxía (agricultura, hortofrutícola ou xardinería ornamental). É de interese destacar que tamén se fará unha comparativa a escala de laboratorio considerando sangue de orixe porcina. Por outro, considerarase a produción de ingredientes con elevado contido proteico para, por unha banda, a fabricación de suplementos alimentarios funcionais; e por outro a aplicación dentro da propia industria cárnica implementando un modelo de economía circular.

Grazas á incorporación da solución de xestión proposta en BLOOD4GOODS:

- As empresas do sector poderán pasar de pagar pola xestión do sangue (0,15 €/L) a obter un beneficio (3-10 €/L).
- Favorecerase a apertura de novos mercados.
- O sector cárnico poderá evitar a xeración de ata 5576 toneladas de CO2 anuais.
- Favourécese a transición cara a modelos circulares na industria cárnica.
- Máis de 207 000 produtores primarios poderán beneficiarse obtendo ata un 5 % máis de beneficio pola venda das súas cabezas de gando.

BLOOD4GOODS é unha proposta sostible e economicamente viable para a xestión do sangue residual xerado na industria cárnica, que ten capacidade de medrar e desenvolverse e replicable a nivel sectorial.

CLIMALACT



O Grupo Operativo CLIMALACT está integrado por: AGACA, a Universidade de Santiago de Compostela (USC), a Fundación Empresa - Universidade Galega FEUGA, a Asociación INTEREO, CAMPOASTUR Sociedade Cooperativa e CAPSA.

O obxectivo do proxecto CLIMALACT é desenvolver unha marca de sustentabilidade e neutralidade climática, a marca CLIMALACT. Esta marca baséase no estudo da xestión actual do sistema de produción de leite asturiano e galego considerando a análise conxunta da granxa e da cadea de valor, que permita seleccionar as mellores prácticas asociadas a distinto tipo de granxas (intensivas, semi-intensivas, semi-extensivas e extensivas) e cadeas de valor (circuíto curtos, nacionais e internacionais).

Estas prácticas seleccionaranse de entre as existentes e a través da aplicación de melloras técnicas mediante a avaliación do impacto das mesmas no tecido produtivo, no medio ambiente e rural (social) do sector lácteo galego e asturiano. O propósito final do proxecto é establecer mecanismos que permitan acadar os obxectivos expostos no Pacto Verde e a estratexia da granxa á mesa da Unión Europea: redución do 55 % dos gases de efecto invernadoiro, reducir a perda de nutrientes e o uso de herbicidas ao redor do 50 %, reducir o uso de fertilizantes ao redor do 20%, incrementar a xestión do territorio en ecolóxico nun 25 % no ano 2030 e a neutralidade climática para o ano 2050.

A avaliación do impacto das prácticas seleccionadas no seu conxunto permitirá definir granxas idiosincrasias da marca CLIMALAT vinculadas a distintas tipoloxías (intensivas, semi-intensivas, semi-extensivas e extensivas) e as súas respectivas cadeas de valor con pautas concretas de xestión sostible e de neutralidade climática asociadas á marca CLIMALAT.

A metodoloxía incluírá unha primeira caracterización das granxas e cadeas de valor baseadas na avaliación dunha serie de indicadores SAFA, GRI, GACSA e PEF que permitan analizar a sustentabilidade económica, ambiental e social tanto das granxas como as diferentes cadeas de valor existentes.

En concreto preténdese analizar catro tipo de granxas (120 en total, cunhas 50 % galegas e outras 50 % asturianas), como son as intensivas (estabulación e emprego de recursos exógenos á explotación), semi-intensivas (estabulación e emprego de recursos producidos na explotación), semi-extensivas (estabulación e emprego de recursos producidos na explotación) e extensivas (pastoreo vinculado á trastermitancia), e consideraranse tres tipos de cadea de valor (curta, nacional e internacional) en relación á súa sustentabilidade produtiva (análise custo beneficio), ambiental (pegada de carbono e biodiversidade) e social (emprego, xénero, mocidade), entre outras.

Desta análise sairá, dunha banda, o indicador de sustentabilidade integrado da cadea alimentaria da marca CLIMALAT e, da outra, o protocolo de neutralidade climática que definirán os idios, é dicir, os modelos de granxa e cadea de valor asociados a cada tipoloxía de granxa. Tanto o indicador integrado como o protocolo de neutralidade climática vincularanse a unha aplicación informática que permita a súa estimación e as actividades para desenvolver para alcanzar os obxectivos expostos da marca. Todo iso validarase por parte dos actores relevantes tanto na granxa como na cadea de valor, seguindo protocolos específicos e de cumprimento de Regulamento Xeral de Protección de Datos (RGPD). Ademais, desenvolverase unha análise dos mecanismos externos que faciliten a incorporación de profesionais gandeiros á marca, que incluíra unha avaliación da PAC e recomendacións para as persoas deseñadoras da mesma.

O proxecto CLIMALACT está en consonancia co obxectivo transversal da PAC 2023-2027, ao contribuír a modernizar a agricultura e as zonas rurais, fomentando e poñendo en común o coñecemento, a innovación e a dixitalización nas zonas agrícolas e rurais e promovendo a súa adopción polas persoas agricultoras, mediante a mellora do acceso á investigación, a innovación, o intercambio de coñecementos e a formación, así como cos 10 obxectivos específicos que a compoñen.

SECUESVAC



O Grupo Operativo SECUESVAC está integrado por: AGACA, PROVACUNO, ASAJA, ASOPROVAC Castela e León, ASOPROVAC Castela-A Mancha, Cooperativas Agro-Alimentarias Principado de Asturias, Unión De Cooperativas Gandeiros De Madrid Sociedade Cooperativa Madrileña, GANADEMAD, Asociación De Criadores De Raza Bovina Parde De Montaña ARAPARDA.

Este innovador proxecto ten por obxecto optimizar o secuestro de carbono nos solos utilizados para a produción de carne de vacún en España. Para logralo, en primeiro lugar, buscaranse explotacións representativas de diferentes áreas xeográficas, tanto polos tipos de solos como polos sistemas de manexo. Identificaranse un mínimo de 29 explotacións, maioritariamente de vacas amas de cría, distribuídas pola Cornixa Cantábrica, o oeste peninsular, as mesetas, o pirineo e as serras centrais.

Caracterizaranse os solos utilizados polo gando, en pastoreo ou fertilizados con esterco, así como os sistemas de manexo dos animais e, no seu caso da aplicación de esterco. Elaborarase un manual de boas prácticas de manexo, que se transformará nunha APP con recomendacións de manexo e cálculo de pegada de carbono asociada, que será avaliada. O manual e a aplicación divulgaranse en xornadas de portas abertas e poñeranse ao dispor do conxunto do sector, para o seu libre uso.

O sector español do vacún de carne, a través de PROVACUNO e os socios deste proxecto, queren contribuír a ese obxectivo xeral, promovendo innovacións nos seguintes ámbitos:

- Identificar o potencial de secuestro de carbono en todas as leiras participantes, obtendo un valor representativo para o sector e extrapolando conclusións para as distintas tipoloxías de solos existentes no noso país. Tamén se realizará un estudo de identificación de mellores prácticas para maximizar o secuestro tanto en solos de pastoreo como cultivados.
- Desenvolvendo unha ferramenta de apoio á decisión das persoas gandeiras que lles permita calcular o potencial de secuestro de carbono dunha explotación de vacún de carne e a pegada

de carbono. Tamén axudará ás produtoras e produtores á toma de decisións para maximizar o secuestro de carbono no solo mediante prácticas de manexo do pastoreo e do rabaño, así como do manexo do esterco.

- A partir desta información, e dos datos oficiais do sector e os dispoñibles por PROVACUNO, realizarase unha simulación do potencial de secuestro de carbono en pastos e cultivos aproveitados polo gando vacún de carne en España. Todo iso poñerase ao dispor das administracións españolas.
- Os resultados do proxecto serán difundidos entre todo o sector de vacún de carne, a través das organizacións que participan no proxecto e das organizacións que integran PROVACUNO. A ferramenta de apoio á toma de decisión estará ao dispor dos profesionais gandeiros de vacún de España, con carácter gratuíto.



Asociación Galega de
Cooperativas Agroalimentarias

Memoria de Actividades 2024